Gramática

do

IDIOMA GALEGO

por

M. Lugrís Freire

Académico de número da «Academia Gallega»

Esta obra leva como aditamentos os nomes de persoas, toponimia, meses e dias, denominación dos ventos, táboa de castelanismos, mostras literarias e vocabulario galego-castelán

2.ª EDICION CORREXIDA E AUMENTADA

A Cruña

Imprenta Moret

Galera, 48

1931

Gramática

do

IDIOMA GALEGO

por

M. Lugrís Freire

Lugrís Freire, Manuel
Gramática do idioma galego / por M. Lugrís Freire ; [limiar, Ernesto González Seoane]. — ed. facs. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, 2006. — 12, VIII, 198 p. ; 21 cm
Reprod. facs. da ed.: Gramática do idioma galego / por M. Lugrís Freire. 2ª edición correxida e aumentada. A Coruña: Imprenta Moret, 1931.
D.L. VG-436-2006 . — ISBN 84-96530-14-0
1. Lingua galega-gramática. I. González Seoane, Ernesto. II. Consello da Cultura Galega.

EDITA:

© Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 957202 Fax 981 957205
correo@consellodacultura.org

REALIZACIÓN:

Táktika Comunicación

Depósito legal: VG-436-2006
ISBN 84-96530-14-0

ÍNDICE

Presentación
Alfonso Zulueta de Haz 7

Limiar
Ernesto González Seoane 9

Facsímile
Gramática do idioma galego por M. Lugrís Freire 13

PRESENTACIÓN

O Consello e as letras galegas

O Consello da Cultura Galega, un ano máis, quere adherirse á celebración do Día das Letras Galegas coa publicación do facsímile da obra *Gramática do idioma galego*, de Manuel Lugrís Freire, persoeiro conmemorado nesta ocasión.

É sumamente importante que, desde as máis diversas perspectivas culturais, se faga memoria da persoa escollida e do seu legado porque necesitamos lembrar as figuras que deixaron fortes pegadas na nosa historia e que deben servir de exemplo neste tempo noso.

O Consello da Cultura Galega, que ten como norma fundamental a defensa e a promoción da cultura galega e, xa que logo, a defensa e a promoción dese importante signo distintivo que é a nosa lingua, mantén desde a súa creación o principio de colaboración nesta importante efeméride.

Confiamos en que este facsímile resulte unha singular contribución e agradecemos a Ernesto González Seoane, decano da Facultade de Filoloxía da USC, a súa colaboración, así como ao Instituto da Lingua Galega, á súa directora, Rosario Álvarez Blanco, e a Antón Santamarina a posta a disposición do orixinal do autor a quen este ano dedicamos o Día das Letras Galegas.

Alfonso Zulueta de Haz
Presidente do Consello da Cultura Galega

LIMIAR

A nota con que en febreiro de 1922 *A Nosa Terra* daba conta da entrada no prelo da gramática de Lugrís sinala acertadamente que unha obra destas características se viña botando de menos en Galicia desde había xa moito tempo. En efecto, se exceptuamos o *Compendio de gramática galega* de Carré, publicado en 1919, había máis de cinco décadas que non se publicaba ningunha gramática galega.

De acordo coas informacións que nos proporciona o voceiro das Irmandades, a gramática de Lugrís constituíu un éxito de vendas sen precedentes, de xeito que se esgotou ao pouco de saír do prelo. Estas afirmacións parece corroboralas o feito de que en 1931, coincidindo significativamente co proceso de discusión do Estatuto, a obra coñecese unha segunda edición, circunstancia esta pouco frecuente na historia da lingüística galega. Sexa como for, o que semella fóra de toda dúbida é que a obra gozou en todo momento do apoio institucional das Irmandades, que, a través do seu órgano de prensa, dirixe tanto ao autor coma á obra afervoadas palabras de admiración e gratitude e exhorta os seus lectores a adquirila. Así e todo, houbo tamén algúns sectores da intelectualidade galeguista que a recibiron sen grande entusiasmo ou mesmo con aberta hostilidade, sobre todo por causa do ton imperativo que en ocasións adopta o autor ou tamén por discrepancias no tocante ao tratamento de certos fenómenos lingüísticos.

En contraste coa acollida maioritariamente favorable que a obra tivo no seu tempo, a historiografía lingüística galega máis recente non lle dispensou un tratamento particularmente benévolo. En xeral, as críticas salientan a escasa orixinalidade da obra, que se presenta como unha especie de tradución-resumo da gramática de Saco que, por parte, pouco ou nada achega ao modelo. Desde este punto de vista, a contribución de Lugrís ao coñecemento das estruturas gramaticais do galego sería máis ben modesta, cando non irrelevante.

Estas afirmacións, aínda sendo correctas e dificilmente rebatibles, encerran unha certa inxustiza na medida en que, ao colocaren o foco exclusivamente sobre o contido descritivo da obra, non

toman en consideración outros aspectos que, de seren tidos en conta, permitirían formular unha valoración máis equilibrada. De feito, na miña opinión, a gramática só cobra sentido se se analiza á luz da función para a que foi concibida e do substrato ideolóxico que a inspira.

Lugrís non era evidentemente un gramático 'profesional' senón un «vello soldado da santa e nobre causa» que concibe a súa obra como unha manifestación do seu compromiso cívico-patriótico e como un instrumento ao servizo do ideario das Irmandades da Fala. Xa desde a súa constitución, as Irmandades viñan levando a cabo unha intensa campaña de impugnación da literatura tardorrenacentista, marcadamente caracterizada polo cultivo dunha temática de ambientación rural e folclórica e por unha sobrerrepresentación dos estilos máis informais e conversacionais. Lugrís, que partilla esta opinión, non comparte o descritivismo de Saco e aposta decididamente por imprimirlle á súa obra unha orientación prescritiva. En consecuencia, na súa gramática propugna un ideal lingüístico que, sen deixar de estar alicerzado na lingua popular, avance un paso no proceso de urbanización da lingua. Parece evidente que nun modelo así non poden ter cabida o que el mesmo cualifica en diversas pasaxes da súa obra como «barbarismos», «ruralismos de mal gusto» ou «dialectalismos» inaceptables. Por outra banda, de acordo con esta concepción o principio de autoridade, que en Saco residía na lingua popular, trasládase en Lugrís á lingua literaria e dunha maneira particular á lingua dos autores consagrados, entre os que ocupan un lugar de privilexio Pondal e Curros, os máis citados ao longo da obra.

Outro aspecto que singulariza a obra de Lugrís e que, por outra parte, a conecta co pensamento das Irmandades é a circia vontade de superar a dependencia do español. Esta vocación maniféstase en primeiro lugar no feito de que a gramática estea escrita en galego. Non se pode dicir que a de Lugrís sexa a primeira obra destas características en adoptar o galego, pois só tres anos antes Carré publicara o xa citado *Compendio de gramática galega*. En calquera caso, esta obra non pasa de ser un sinxelo e breve opúsculo de moita menos entidade que o traballo de Lugrís. Por outra banda, e aínda que tampouco constitúe unha novidade, responde tamén á intención de liberarse da dependencia do español a adopción

dunha perspectiva purista, que conduce a condenar todos aqueles elementos etiquetados, acertadamente ou non, como castelanismos. O que xa non é tan habitual é que a defensa dun modelo purista vaia acompañada de advertencias contra os excesos diferencialistas que desde había xa algún tempo proliferaran no galego escrito. De por parte, a gramática de Lugrís supón unha ruptura coa práctica tradicional de considerar a gramática do español como norma subsidiaria para o galego. Deste xeito, naquelas pasaxes da gramática en que Lugrís ten que resumir ou obviar contidos, evítanse as referencias á proximidade estrutural entre galego e español, que atopabamos en Saco e noutros gramáticos do XIX, e que se trocan en apelacións ás semellanzas de «todal-as linguas hispánicas modernas» ou, máis en xeral, de todas as «falas neo-latinas». Esta mesma vontade de manter as distancias con respecto ao castelán evidénciase na omisión, sen dúbida deliberada, de calquera referencia a textos gramaticais españois no breve apartado bibliográfico que remata a obra. Cómpre recoñecer que esta independencia é máis aparente que real, pois é claro que Lugrís manexou obras como a gramática da Real Academia Española. En calquera caso, a ausencia de referencias resulta ben reveladora acerca dos presupostos ideolóxicos do autor.

Por último, Lugrís reivindica para o galego o dereito a modernizar o seu vocabulario botando man dos recursos que fornece o préstamo culto. Esta pretensión entronca co programa modernizador das Irmandades, que vía na incorporación deste tipo de voces un elemento imprescindible para que o galego puidese ampliar o seu abano funcional.

En definitiva, poida que a gramática de Lugrís non supoña un contributo relevante á descrición do galego popular do seu tempo. Pero resultaría inxusto considerar isto unha eiva, porque seguramente esta nunca foi a súa pretensión. Pola contra, penso que esta obra debe ser vista, antes que nada, como a proposta dun modelo para o galego culto e literario.

Ernesto González Seoane
USC

Gramática

do

IDIOMA GALEGO

por

M. Lugrís Freire

Académico de número da «Academia Gallega»

È propiedade do autor

GRAMÁTICA DO IDIOMA GALEGO

UNHAS PALABRAS DO AUTOR

A literatura galega—a feita na euritmia da noble fala nosa, esquecida á miudo por aqueles fillos de Galicia que, por unha cultura incompreta ou descamiñada, son alleos aos nosos problemas de reintegración espiritual—, tivo un felís rexurdimento na mitade do século derradeiro. Os nomes de Rosalía Castro, Manuel Curros Enríquez, Valentín Lamas, Eduardo Pondal e outros, son d' abondo para inzaren de groria os fastos da nosa historia literaria, e para demostrar que o idioma galego era o único medio natural e propio para dar a conoscer as arelas do noso espíritu en todal-as manifestaciós d' un pobo que non quere nin pode morrer.

Aqueles altísimos poetas puxeron nas suas producciós a modalidade dialectal das comarcas en que foran nados, á semellanza dos poetas gregos dos tempos clásicos, e dese xeito donaron elementos percisos, xuntamente cô que hasta entón se tiña feito, para estudar en conxunto o idioma. Mais, pasados aqueles días de groria escentilante, outros escritores, sin faceren siquera un exáme do que debían têr como modelos literarios e lingüísticos, comenzaron á em-

pregar a nosa fala c'un desconoscemento compreto das suas leises fonolóxicas e gramaticás. Unha verdadeira anarquía noxenta produxeron dentro das nosas letras. E, axuntando este feito cô d' escolleren motivos pouco honestos e parolas brutas, que non usaban cando escribían en castelán, fixeron un labor que, en verdade, levaba camiño d' unha desfeita, e de finar para sempre coa lênda de que a nosa meiga fala fora aquela con qué reises e trovadores engaiolaran os pobos ibéricos en séculos pasados. Este mal agravouse nos días d' agora, e d' aquí nasceu o pensamento de que eu, o mais humilde dos vellos escritores, enxergase esta Gramática, coa fin de que os bôs e estudosos puderan achar nela algunhas regras de proveito para se guiaren no emprego da nosa fala.

Ben sei a responsabilidade que sobre de mín botei; non iñoro que a crítica tên de fincar o seu dente neste libro. Sô teño unha disculpa, esta: levamos moitos anos agardando por unha *Gramática do Idioma*, e como non aparescía por ningures, eu adiquei os poucos momentos de vagar para a facer. E fixena, pondo sempre o pensamento e os pulos do meu corazón na nobre causa da rexeneración e melloramento da Terra.

Nin a meritísima «Gramática Gallega» de Saco Arce, simpremente dialectal, escrita n-un tempo en que a nosa literatura non acadara o desenrolo d' oxe; nin o escelente estudo fonético e morfolóxico de García de Diego na sua «Gramática Histórica», nin outros traballos mais, satisfan a necesidade que sentíamos d' unha *Gramática sintética do Idioma*, na que poidéramos atopar as regras precisas e comprobadas, sobre todo no que abrangue â composición e axuntamento das palabras. Ende ben, aqueles libros e os asinalados na nota bibliográfica posta no final desta obra, foron os que informaron e guiaron os meus estudos gramaticás. Honradamente, sinxela-

mente, desacubillei os principios que, no meu humilde entender, atinguen ao idioma. Algunhas veces non están d' acordo coa ortografía e morfoloxía que levo empregada nos meus cativos traballos literarios, mais elo será unha proba da independenza e sinceridade con que este libro foi feito.

Inda que moitos o non crean, teño a seguranza de que a fala galega—mais que a raza, mais que o propio chan—ê o refrexo da nosa alma, o factor estático mais esgrevio, o espello do noso *ethnos*, a hostia sagra coa qué os «bôs e xenerosos» comulgarán decote no altar da Terra, coa cobiza de a ver grande e libre.

Eu, vello soldado da santa e xusta causa, que no alborexar da mocedade xurei solenemente defendel-a sua bandeira, quero chegar de xionllos cabo do altar celta, e nel pôr esta ofrenda á aquelo que foi, e será sempre, luz que me guiou e deu alentos nos amargurados días da miña vida.

M. Lugris Freire

A Cruña, 1922.

OUTRAS OBRAS DO MESMO AUTOR

Soidades, verso e prosa, c' un prólogo de Curros Enríquez.—Precio: 4 pesetas.

Noitebras, poesías; *edición fora de venda.*

A Ponte, primeiro drama galego en prosa, en dous actos e tres cuadros.—Precio: 2 pesetas.

Mareiras, drama en tres actos, en prosa.—Precio 3 pesetas.

Esclavitú, drama en dous actos, en prosa.—Precio: 2 pesetas.

O Pazo, comedia en dous actos.—Precio: 1 peseta.

Estadeiña drama-comedia, en dous actos.—Precio: 1'50 pesetas.

Versos de loita, edición de *¡Terra a Nosa!*—Precio: 1 peseta.

Contos de Asieumedre, 2.ª edición, con novos contos e dibuxos de F. Cortés.—Precio: 75 céntimos.

Minia, drama n-un acto, 2.ª edición.—Precio: 1 peseta.

As Mariñas, poesía en verso branco, adicado as escolas de «Sada y sus contornos»; *edición fora de venda.*

Ardencias, líricas galegas.—Precio: 3 pesetas.

PRIMEIRA PARTE

FONÉTICA

1. A *Fonética* ê unha parte da Gramática que tên por obxeto o conoscemento das letras ou fonemas como sons elementás do idioma, analizando as trasformaciós e combinaciós que sofren para constituiren as voces.

I - Fonemas consoantes

2. No idioma galego son vinte.

B, C, D, F, G, H, L, LL, M, N, Ñ, P, Q, R, S, T, V, X, Y, Z

3. Usase o *y* como fonema eufónico según se verá no núm. 19, desta primeira parte.

4. O galego non tên sons guturás. Na escritura etimolóxica *j* con todas as vocás, e *g* dinantes de *e, i*, sonan como *x* galego.

O son do *x* ê igual á *ch* francés.

Algús escritores son partidarios de que se empregue *g, j* ou *x* aténdose â etimoloxía latina; mais como ésta ê tan vária, poil-o orixe ven de *x, s, ss, sc, ps, t,* como *buxo (buxus), xordo (surdus), paxaro (passer), feixe (fascis), caixa (capsa), roxo (rufus),* axiña se comprende a grande dificultade da escritura etimolóxica. A lingua antigua tampouco pode resolver as dúvidas, pois facían uso indistintamente de

j ou *x*. Por outra parte, ê xeneral e característica da nosa escritura representar este son por *x*, o que dona moita facilidade para a leitura.

O *x* galego sona mais forte no comenzo da palabra ou nos monosílabos: como *xarra, xurro, xa;* e mais branda no medio, como en *mexerico, meixela, toxo.*

Nas palabras d' orixe latino ou grego, d' uso común en todol-os idiomas modernos, que leven *x*, deben de se escribir co' ela e pronunciarse como *cs*. *Examen, exhome, exámetro,* diráse *ecsámen, ecshome,* etc. (*)

O *z* final sona *s* suave: *cruz, luz, Guitiríz,* pronúnciase *crus, lus, Guitirís.*

5. Inda que o noso idioma trata de facer *i* do c en palabras como *leición, perfeición, direito, teito,* non debe desbotarse o son do fonema facultativo c, pois en palabras e partículas latinas ê moi preciso. Resulta un ruralismo de mal gusto dicir *auto* por *acto; perfeuto* por *perfeito* ou *perfecto, efeuto* por *efecto,* etc.

6. As demais consoantes teñen o son alfabético conoscido inda que o *ch* e o *ll* son no galego mais brandas ou doces que no castelán, e o *s* sona mais forte no comenzo que no medio ou final das palabras.

II - Fonemas vocás

7. Gráficamente representados non son mais que cinco, pero pol-a intensidade de vocalización resultan sete:

a, e, ê, i, o, ô, u

Son abertas as asinaladas cô circunflexo; as demais, naturás ou pechas.

(*) Na lingua portuguesa estas palabras pronúncianse *eisame, eishomem.* Non ê estrana esta pronuncia â nosa fala, mais non debemos de prescindir do *x* na escritura.

Abertas: *crêgo, sêga, crêto, cêrto, môrto, ôrta, côva, pôte, fôrte*, etc.

Pechas: *aceso, peso, cedo, cortello, agora, hoxe*, etc.

8. As palabras homógrafas diferéncianse sômente pol-o son aberto ou pecho das vocás. Exempro: *vên* (do verbo *vir*), *ven* (de *ver* ; *ôso* (parte ôsea dos animás, *oso* (animal); *pôla* (rama), *pola* (galiña nova).

9. Son longos *a, o*, nos monosílabos que levan incruída a preposición *á* de dativo ou acusativo: *â Cruña, ô muiño=aa Cruña, ao muiño.*

Tamén son longas *a, o, e*—inda que non conven suprimilas na escritura—, cando son repetidas ao final e principio de palabras, que chamaremos coincidentes. Exempros: *Casa aberta, ven da Habana, neno ousado, sete herdeiros*, que se pronuncia: *casâberta, ven dâbana, nenôusado, setêrdeiros.*

Asimesmo son longas estas vocás nas palabras que outrora leváronas dobradas: *Sâvedra, lâ, dôr, bô, sô, lêr, têr*, etc., que veñen de *Saavedra, laa, door, boo, soo, leer, teer.*

Resulta, pois, que, ademais dos sete fonemas, têmos *a, o, e*, longas, querendo dicir que praiticamente as vocás en galego son dez.

10. Unha particularidade da fonación galega, que demostra hasta onde chega o matiz esgrevio na nosa fonética, ê este: Nas formas *o hôme, o ôrto*, hai dous *os*, un pecho e atono representado pol-o artículo, e outro aberto na primeira vocal do sustantivo. Esta concurrenza non fai hiato senon sômente un *o* longo, que comenza pecho e fina aberto n-unha mesma emisión.

11. Tamén o ouvido galego adverte que no *e* e no *o*, ademais do son aberto e pecho de que xa temos falado, hai outro son mais esmorecido que acerca a primeira á *i*, e a segunda á *u*, nascendo d'aquí a confusión e variedade na escritura de moitas palabras. O *e* de *cên*, aberto, e o de *temia*, pecho, non ê

igual ao de *decía*, *ería*, *querido*, que s' adoita tamén escribir con *i* na primeira sílaba. O mesmo pàsa coas palabras *moito*, *loito*, *coita*, *roibo*, *foliada*, etc., en que *o* ê sub-pecho, e pol-o mesmo ven a dualidade gráfica de *o* ou *u* na escritura. (*)

Estas gamas delicadas na vocalización son as que dan ao noso idioma esa meiga e sin comparanza euritmia que tanto o distingue dos demais idiomas hispánicos.

III - Dualidade na vocalización

12. «Como preliminar necesario para a esplicación d' unha multitude de feitos gramaticás, así do galego como de outras linguas, espoñeremos a teoría da vocalización inventada pol-o sonado orientalista Orchell.

Son tres os principás puntos da boca onde se xeneran os sons vocás, a saber: a garganta, o paladar e os labios. No primeiro punto sona o *a*, no segundo o *i* e no terceiro o *u*. Estas tres vocás son básicas en todo idioma, habendo logo outras intermedias, que se ían nos espacios que median entre os tres puntos cardinás. A seguinte figura fará entender mellor este sistema.



As vocás son tanto mais análogas entre sí canto menor sea a distancia dos puntos nos que respecti-

(*) Algús escritores, querendo galeguizar palabras, escriben *pátrea*, *cuesteon*, *funceon*, etc. Aconsellamos que non se empregue este xeito bárbaro do troque do *i* en *e* en semellantes voces.

vamente sonan. Así, por exempro, o *a* ê afín do *e-o*, de cuias vocás, según a anterior figura, está equidistante: son tamén afins entre de sí *o-u* e mais *e-i*.» (*)

13. A semellanza que teñen entre de sí as vocás, según a proximade no triángulo d' Orchell, fan que se estableza unha dualidade nestes fonemas:

a - e

Antroido, entroido; aixada, eixada; ahí, ehí; antre, entre; angado, engado.

e - i

Decir, dicir; ferir, firir; febilla, fibilla; códea, codia; mellor, millor; meúdo, miúdo; querido, quirido. (**)

o - u

Foliada, fuliada; loita, luita; moito, muito; escoitar, escuitar; roiba, ruiba; chapeo, chapeu; deos, deus; irmáos, irmaus.

14. Cando as vocás son abertas, ou nelas cai o acento tónico, non ademiten permuta; así, pois, non debemos dicir *liria* por *leria*, *tira* por *fera*, *cirto* por *certo*, *purta* por *porta*, *uso* por *ôso*, porque nestas palabras *o*, *e* son abertos.

Outra particularidade do galego consiste que cando sigue *u* â preposición *á* trasfórmanse na pronuncia en *o* v. g.: *á un gaiteiro*, *á unha muller*, pronunciarase *on gaiteiro*, *onha muller*. (***) Esto ten fácil expricación: na base do triángulo d' Orchell (núm. 12) a vocal *o* resulta intermedia de *a-u*.

(*) *Gramática gallega*, de Saco Arce, parte 1.ª, páxina 14.

(**) Obsérvese que no infinito d' este verbo, *querer*, nin un nin outro *e* son permutabres.

(***) Esta contraición tena empregado Curros Enríquez con frecuencia.

Xa se ve por estes exempros que as diversidades que s' achacan â nosa lingua non son o que a iñorancia supón, senon fillas d' unha grande riqueza que lle dona variedade e dozura sin comparanza. Un istrumento ê tanto mais perfeito cantos mais sons nel s' atoparen.

IV - Fonemas nasales

15. No galego moderno señálanse como marcadamente nasales *u* en *unha; a, o* cando levan pronomes enclíticos e atonos como en *víron-a, colléron-a, fan-o, pon-o.*

Tamén hai nasalidade no pasado do verbo ser: *fun.*

V - Digramas

16. Pol-o uso que decotío facemos das combinaciós *au, ai, eu, ei, ou, oi,* nas voces galegas, podemos dicir que son mais ben digramas que deberan têr unha sô representación gráfica. Son restos de infruencia do celta no noso idioma. Chamarémolles, sin embargo, ditongos.

17. O ditongo faise, pois, coa xuntanza d' unha vocal forte á outra branda, que poidan dicirse n-unha emisión de voz. No castelán son fortes *a, o, e,* e non poden compôr ditongo entre sí. Mais en galego as vocás pechadas *o, e,* pol-a aproximidade a *u, i,* según a teoría de vocalización dinantes esposta, poden formar ditongo coas demais vocás fortes ou abertas. A forma *ao,* de dativo e acusativo, ê un ditongo porque o artículo *o* non ê vocal aberta, e pódese pronunciar d' unha vez. *Ao* pertenece aos monosílabos chamados atonos.

Convén têr en conta, para que poidamos mais adiante decatarnos da forma e grafismo do galego, o número e valor das nosas vocás. Desa maneira veremos que o mesmo na prosa que no verso, non podemos rexirnos en xeneral pol-as leises prosódicas do castelán, que non cadran coas nosas.

VI - Eufonía

18. Chámase así esta parte da Fonética, porque insina o troque, supresión ou aditamento de letras en algunhas palabras para as facer mais doces e fáciles ao noso ouvido.

Por aditamento

19. As consoantes que s' añaden âs palabras por razón d' eufonía son o *n* e *y*. As duas úsanse nos verbos seguidas dos pronomes *o*, *a*, *os*, as.

Ponse *n* cando o verbo termina en ditongo; exempros: *Mancou-n-o, colleu-n-a; Cantou-n-os, coseu-n-as*; que se escribe todo xunto: *mancouno, colleuna*, etc. Véxase canto mais doce ê dicir *mancouno* que mancou-o, etc.

Ponse *y* cando o verbo acaba en vocal aguda, v. g.: *esta-y-a, esta-y-o; habera-y-a, habera-y-o*, que s' escribirá todo xunto: *estaya, estayo*, etc.

No lenguaxe do pobo adóitase poñer *y* eufónico entre o artículo *a* e o sustantivo que comenza pol-a mesma vocal, sobre todo cando nesta carga o acento tónico, v. g.: *a yalma, a yarpa*. Lembrémonos do que se dixo no número 9 desta primeira parte con referenza âs vocás longas, e así, sin medo do hiato, podemos escribir *a alma, a Habana*, porque as duas primeiras vocás fan somente unha longa.

Tamén, con xeito eufónico, añádese *e* final a moitas palabras galegas, facéndose unha paragoxe, como en *mirare, andare, trore, amore*, e hasta se chega a dicir *eue, son-e*, etc., por *eu, son*. Como licencia poética pódese ademitir, mais aconsellamos que non s' empregue na prosa literaria.

Según veremos cando tratemos dos verbos, as formas *mirare, collere, facere*, corresponden tamén â conxugación personal do modo infinito, e pol-o mesmo non convén escribir este *e* eufónico senon con verdadeiro conoscemento da nosa morfoloxía, para

non producir unha antipática anarquía na mais grande das orixinalidades da nosa fala.

Por troque

20. As consoantes que sirven para este fin son *s* e *r*, que se trocan en *l*.

21. Os tempos dos verbos que finan en *s* e van seguidos dos pronomes *o*, *a*, trocan aquela letra en *l*. Exempros: *Fixémolo*, *contámola*, en lugar de *fixemos o*, *contamos a*, que non sonarían ben no ouvido galego.

22. Do mesmo xeito, os verbos en infinito, seguidos dos pronomes *a*, *o*, trocan sempre o *r* en *l*, v. g.: *Querelo*, *amala*, *facelo*, *ferilo*, en vez de *querer o*, *amar a*, *facer o*, *ferir o*.

23. O pronome *vos* troca tamén o *s* en *l* cando sigue *o* ou *a*, tamén pronomes: *Xa vol-o contei*: *xa vol-a pidiron*.

24. Cando *o*, *a* son artículos non ê obrigatorio trocal-a *s* en *l*. Exempros: *Ollar os bois* ou *ollal-os bois*; *traer os nenos* ou *trael-os nenos*.

Tampouco ê obrigatorio facel-a permuta coas siguentes verbos: *Diol-o queira*, *o miñato e mail-a pomba*, *poil-o home*, etc., que se pode decir *Dios o queira*, *o miñato e mais a pomba*, *pois o home*, etc. Neste caso e no anterior xa o labio galego s' incrinará á atopar a permuta, como sucede n-outras linguas irmás, o francés e portugués.

25. A preposición *por* troca sempre o *r* en *l* cando sigue artículo: *Pol-o camiño*, *pol-a riveira*, *pol-os mundos*; e non *por o camiño*, *por a riveira*, etc.

Por supresión

26. A preposición *con* antes dos pronomes *el*, *este*, *ese*, *aquel*, perde o *n* dicíndose: *co' el*, *co' ela*, *co' esto*, etc.

27. Dinantes dos artículos *o*, *a*, perde tamén o *n* e escribiráse así: *cô*, *coa*, *côs*, *coas*. O circunflexo en-

riba da *o* quer decir que esta letra duplícase, de maneira que *cô* ê igual a *co' o*, etc.

28. A preposición *en* pol-a mesma razón, perde o *e* diante dos artículos *o, a, un, unha,* e dos pronomes *el, este, ese, aquel, algún, outro.* Así dicimos *no, na, n' un, n' unha, nel, neste, nese.* As palabras que levan apóstrofo, *n'un, n'unha,* podénse tamén escribir sin él.

29. Na conversación, cando se fala con calma e se quer donar mais enerxía ao dito, non se suprime na preposición *con* o *n,* e se dí: *con este home, con aquela muller, era certo que fuxía con él.*

VII - Prosodia

30. Os acentos empregados mais xeneralmente en galego son o tónico (´) e o circunflexo (ˆ).

31. O acento tónico sirve para asinalar as sílabas nas que carga a pronuncia como en *lóstrego, gándara, freixó,* e ademais sirve para que non fagan ditongo *i* ou *u* coa vocal precedente; v. g.: *saúde, saír, país, saín.*

32. O circunflexo, ademais de servire para abrir e alongar o son da vocal, fai as veces d' acento tónico, principalmente na derradeira sílaba. *Irmâ* (femenino de *irman), abô, xenerâs.*

33. Deben levar acento tónico os monosílabos *dá, dás* (do verbo dar), e *nós,* do pronome da primeira persoa, para os diferenciar das contraiciós da preposición e artículo *da, das, nos.* Exempro: «A filla da señora Xuana *dá* creto a calquera, e ti non *dás* razós *das* tuas coitas *nos* días en que te quixemos *nós*».

Acentuaráse tamén a preposición *á* para diferenciala do artículo *a,* e poráse circunflexo â terceira persoa do verbo ser, *ê,* para o non confundir con *e,* conxunción.

Cando o *a* leve consigo a preposición e artículo femenino, escribiráse con circunflexo, *â.* Exempro: «Chegouse *á* min *a* sua dona *e* díxome como *ê* certo que mañán coida ir *â* Cruña.

Os monosílabos non acentuados son atonos.

VIII - Apóstrofo

34. Tên por obxeto sinalar que n-unha palabra suprímese unha letra, e que a consoante anterior xúntase coa sílaba que sigue. Indícase así: *d' Ourense, d' aquel home.* Na preposición *de* está suprimido o *e* por eufonía.

Deste sino tense abusado moito pol-os nosos escritores, perxudicando a craridade e sinxeleza do idioma. Debe, pois, limitarse canto se poida o seu uso.

35. A vocal que mais se presta para a elisión ê o *e.*

As formas *d' este, d' ese, d' aquel,* etc., cando a supresión se fai dinantes d' un pronome demostrativo, será mais comenente e sinxelo escribilas así: *deste, dese, daquel,* etc., seguindo o mesmo costume d' escribir *do, da, dos, das,* e non *d' o, d' a, d' os, d' as,* Da mesma maneira será comenente, e o uso dos bôs escritores así o tên estabrecido, que a preposición *en* d' ablativo forme unha sô palabra côs pronomes xa ditos, v. g.: *neste, naquel, nese,* e non *n' aquel* ou *n-aquel, n' ese* ou *n-ese.* Ao tratarmos do artículo, falaremos deste mesmo particular.

36. A partícula *con* perde o *n* cando vai dinantes de palabra que comence con vocal; exempros: *co' aquel, co' este, co' a miña terra.* Antes dos artículos *a, o* non ê perciso o apóstrofo, e así debemos escribir *coa, cô* en lugar de *co' a, c' o.* A forma *coa* sufre no lenguaxe familiar a contraición en *c' a.*

37. Os verbos que levan arrimado os pronomes *che, me, lle,* seguidos da mesma crase *o, a,* perden o *e* nos primeiros e forman unha sô dicción: *Mireicho* (mireiche-o); *conteillo* (conteille-o); *colleulla* (colleulle-a); *rouboumo* (rouboume-o); *roubouma* (rouboume-a).

38. Non se deben de facer elisiós cando perxudican a craridade da oración, e menos ainda nos nomes propios que irán íntegros na escritura.

XI - Guión de contraición

39. Non debe confundirse nunca o funcionamento do apóstrofo cô guión de contraición. Aquél sirve pra sinalar o sitio d' unha vocal que se suprime, e éste para indicar que a consoante anterior xúntase coa sílaba siguente.

40. O guión de contraición pónse nos casos en que unha letra, trocada por razós d' eufonía, xúntase coa que sigue. Exempros: *Pol-o mundo; vol-o dixo; eu e mail-a miña dona.*

Tamén se debe usar o guíón na preposición *en,* cando perde o *e* pol-as razós xa coñecidas: *n-aquel día; n-outros tempos,* etc.

X - Ortografía

41. A palabra escrita debe de representar â vista, en todol-os casos posibres, a palabra falada, e pol-o mesmo a *Ortografía* considerareina como un compremento da fonética.

42. En xeneral o idioma galego emprega unha ortografía moi semellante â de todal-as linguas hispánicas modernas, e aquí somente estudiamos as particularidades da nosa fala neste senso.

i - y

43. Xa dixemos n-outro lugar que o *y* emprégase como sino eufónico. O mesmo no medio de dicción que no final escribiráse sempre *i,* v. g.: *Caía, croio, rei, pai, hai,* etc.

x

44. Na parte adicada aos fonemas consoantes xa dixemos as razós por qué, seguindo o uso xeneral,

debemos de escribir con *x* o son galego semellante á *ch* francés.

h

45. Este signo tên o carácter de notación fónica, como na palabra *unha*, onde o *h* sirve para que o *n*, ortofónicamente, non se xunte â vocal *a*. Non debemos escribir con *h* as palabras *orfo, ôso, orto, irmán.*

Nos demáis casos aterémonos â etimoloxía e ao costume.

46. As palabras galegas non finan en *b, c, f, g, h, j, m, t, v.*

SEGUNDA PARTE

MORFOLOXÍA

47. O estudo das formas e natureza das palabras, póndoas en grupos e categorías gramaticás, chámase *Morfoloxía.*

I - Partes da oración

48. As palabras forman dez grupos: *artículo, nome, adxetivo, pronome, verbo, participio, adverbio, preposición, conxunción* e *interxeición.*

As cinco primeiras son variabres, e as demais invariabres.

Os aicidentes gramaticás son o xénero e número e nos pronomes personás, os casos.

49. O *xénero,* do que carecen os verbos, indica se a persoa ou cousa de que se fala ê masculina ou femenina.

O *número,* común a todal-as partes variabres, indica se falamos d' unha persoa ou cousa, ou de mais d' unha.

Os *casos,* que son o estado de relación ou dependenza da palabra que se decrina, fanse en galego coas preposiciós.

50. Sendo unha cuestión de trascendenza o perfeito conoscemento desta materia, damos aquí unha definición dos casos.

Nominativo. Desina a persoa ou axente da sinificación do verbo, quer na voz activa ou ben na pasiva. *Xan perdeu o libro.* Neste exempro *Xan* ê o no-

minativo porque él foi a quen s' achaca a aición de perder.

Xenitivo. Denota posesión, e vai sempre en compaña da preposición *de.* Este caso pode chamarse *caso-adxetivo,* porque o mesmo se pode dicir *a casa dos pais* que *a casa paterna* (adxetivo); *os eidos da patria,* que os *patrios eidos* (adxetivo).

Dativo. Cando lle ven á unha persoa ou cousa o proveito ou o mal da sinificación do verbo, sin que seia obxeto direito d' ela.

Acusativo. Cando recai n-unha persoa ou cousa a aición direita do verbo. Leva moitas veces a preposición *á.*

Vocativo. Cando falamos direitamente c'unha persoa ou cousa que fai as suas veces.

Ablativo. Este caso ê un compremento da oración que indica algús dos motivos ou aicidentes d' ela, e tamén cando abrangue as relaciós de procedencia, modo, tempo, etc.

51. Os casos dativo e acusativo convén distinguilos ben na oración para podermos aplicar ou non a a forma *ao, aos.*

O *dativo* ê a palabra ou palabras correspondentes ao concepto gramatical que resulta da pregunta: *¿á quén se lle.....?*

O *acusativo* ê a cousa ou persoa que resulta da pregunta: *¿qué ê o que se.....?*

Exempros: *Xan donou a leira ao seu xenro.*—¿A quén se lle donou?—Ao xenro (dativo).

O paxaro come leituga.—¿Qué ê o que come?—Leituga (acusativo).

Nestes dous exempros *paxaro* e *Xan* están en nominativo porque son os axentes da sinificación do verbo.

II - Derivación. - Voces compostas

52. Chámase *nominal* a palabra que se deriva d' un sustantivo ou d' un adxetivo, e *verbal* cando

ven d' un verbo. *Caseiro, terreiro, ferreiro* son nominás porque veñen de casa, terra, ferro; *pescador, labrador, tinxidor* son verbás porque derívanse de pescar, labrar, tinxir.

53. Cando á unha palabra ou â radical sigue un elemento que modifica a sua sinificación, chámase *sufixo* se vai no final, e *prefixo* se vai no comenzo.

54. De tres maneiras se forman as palabras: por adición, por aglutinación e por prefixos e sufixos.

Decimos que hai *adición* ou xustaposición cando se xuntan duas palabras que conservan a sua ortografía e a sílaba tónica. Os dous elementos pódense escribir xuntamente ou separados pol - o guión d' unión.

Estes nomes compostos poden ser de dous sustantivos, de sustantivo e adxetivo e de nome e verbo. Exempros: *Pantrigo, pirifol, ourizo-cacho, minoridade, galaico-portugués, mosca-morta, sapo-concho, vaca-loura, malfadado, boaventura, torna-cás, escacha-pedras, sanguezuga, tirabalas,* etc.

Decimos que hay *aglutinación* cando as palabras que compoñen o sustantivo xúntanse n-unha dicción, tendo únicamente unha sílaba predominante. Exempros: *augardente* (de auga ardente), *embora* (de en boa hora), *noutrora* (de en outra hora), *noitebras* (de noite e tebras), *montouto* (de monte e outo).

Hai *prefixación* ou *sufixación* cando â palabra precede unha preposición ou sigue unha infleisión que modifican a sua sinificación: *inxusto, desfeito, predito,* nas que se antepoñen as preposiciós *in, des, pre; fermosura, fieital, friaxe,* que levan no final as infleisiós *ura, al, axe.*

Tamén son palabras compostas os verbos que levan pronomes enclíticos, como *mireite, colleuno, fixéronno, quixéronlle, contároncho.* O acento tónico consérvase no verbo, mais os que son breves trócanse en esdrúxolos, donando así grande variedade tónica ao idioma.

55. A lista de sufixos que damos á continuación demostra a riqueza do galego nos nomes e adxetivos derivados ou modificados pol-o sufixo.

... *a.* Demostra a aición do verbo en xeito abstracto. *Conversa,* conversación; *obriga,* obrigar; *fala,* idioma; *malla,* o feito de mallar.

... *ación, azón.* Indica un acto, como *mortificación, cerrazón.*

... *acho.* Sinifica inferioridade, como *riacho, vulgacho.*

... *ada.* Terminación con que s' adoita desinar os actos executados. *Larpeada,* de larpar; *dentada,* de dente; *foliada,* do folión; *xiada,* de xiar.

... *ade.* Sinifica calidade en xeneral: *bondade, piedade, verdade.*

... *al.* Indica reunión d' obxetos da mesma crase, como *laranxal, piñeiral, xabroal, pedregal.*

... *amia.* Conxunto d' obxetos, como *dentamia, mouramia, vigamia.*

... *an, on.* Posesión d' unha calidade xeneralmente mala. *Larchán, argallán, trapallán, lambón, fozón, fungón.*

... *anza, enza, encia.* Sinifica acto, calidade, aición ou efeito: *comparanza, semellanza, comparecenza, doenza, crênza, mantenza, independenza, conoscencia, sabencia, obedencia, crescencia.*

... *ao, au, an, es, ino.* Denota patria ou razón: *castelao,* o nado en Castela; *mariñán,* o procedente da Mariña; *cruñés, monfortino, ourensau,* os nados na Cruña, Monforte, Ourense.

... *ar.* Semellante a *al.* Así se dí pinar ou pinal. Nos sustantivos adoita desinar lugar: *pombar, vilar, lagar;* e nos adxetivos indica calidade: *exemprar, escolar, regular.*

... *astro, astra.* Indica senso despreciativo: *madrastra, poetastro, irmanastro.*

... *axe.* Indica conxunto de cousas da mesma crase: *follaxe, fondaxe, fogaxe, homenaxe.* Según García

de Diego na sua «Gramática Histórica», esta terminación ê d' orixe provenzal. O equivalente galego era *ádego=ádigo* como nas palabras *maorádego, cambrádigo, padroádigo, bravádigo.*

... *azo, ote, on.* Aumentan a sinificación do nome: *brutón, brutazo, brutote; porton, navallon.* O sufixo *on* ê propio dos sustantivos abstractos d' aición: *comiserazon, madurazon, ligazon.*

... *ble, bre.* Temos moitos derivados de verbos que finan en *ble* ou *bre.* As duas terminaciós son lexítimas en galego, inda que a segunda en *bre* ê a que mellor s' axeita â nosa fala e ao costume consagrado poi-os bôs escritores. Dende logo que a terminación en *bel,* que agora empregan algús innovadores que deixan as augas galegas pol-as estranas, ê sinxelamente portuguesa, barbarizada na ortografía. (*)

... *dor.* Sustantiva os verbos, facéndoos tamén adxetivos axentes: *facedor, amador, loitador, feridor.*

... *eiro, eira.* Estas terminaciós empréganse: 1.º Nos nomes de árbores e prantas: *castiñeiro, salgueiro, sobreira, silveira.* 2.º No nome d' oficios: *zapateiro, ferreiro, mariñeiro, costureira, tecedeira.* 3.º En nomes que adoitan facer algunha cousa: *cantadeiro, andadeiro, falangueiro.* 4.º Nos nomes de lugar onde abondan as mesmas cousas: *palleiro, formigueiro, canteira, xabroeira.*

... *elo, ela.* Sinifican obxetos artificiás ou istrumentos: *portelo, martelo, cancela, patela.*

... *ello, ella, illa.* Algunhas veces tên senso diminutivo, outras semella o sufixo derradeiro: *cortello, pontella, partilla.*

... *ento, enta.* Indica calidade física: *friento, famento, fariñento, fedento, cheirenta, farturenta.*

(*) «Et por ende que os veendo e entendendo a dita suplicaçon seer xusta e *razonable,* inclinado aa dita suplicaçon e por serviço de Deus». (Ano 1448. Venta de varias imaxes de prata. *Colección diplomática de Galicia Histórica,* pax. 91).

... *eta, ete, eto.* Sinifica disminución como en *saleta, palleta, librete, periquete, boleto.*

... *ez, eza.* Indica calidade: *palidez, firmeza, grandeza.*

... *iño, iña.* Empréganse para facer os diminutivos agarimosos: *homiño, mulleriña, Xaniño,* son palabras que diminuien querendosamente. *Rapazuca, mulleruca, soutelo, folecho,* diminuien con xeito de mofa.

... *io.* Indica reunión, como en *mullerío, señorío.*

... *ista.* Desina profesión ou oficio: *telegrafista, retratista, xornalista.*

... *mento.* Indica actos do ánimo, como *entendimento, acollemento, agradecemento.*

... *oiro, oira.* Empréganse nas palabras que denotan obxetos para seren usados: *pasadoiro, corredoira, cinguidoiro, tecedoira.*

... *ota.* Demostra menosprecio e burla: *merendota, rapiñota, larota.*

... *uso, usa.* A persoa que tên unha calidade en alto grado: *xeitoso, noxoso, teimoso, cobizoso, fermoso, deleitoso.*

... *uncho.* Atópase con moitos nomes: *curruncho, fiuncho, bazuncho, carafuncho, nafuncho.*

... *ura.* Indica calidade, e co' ela fanse moitos derivados verbás: *fartura, fervura, fendidura;* e outros derivados de sustantivos e adxetivos: *longura, brandura, ferradura, cerradura, escura.*

... *uxo, uxa.* Estas terminaciós son semellantes âs de *iño, iña,* pero con senso de menosprecio: *carruxo, papanduxo, peruxo.*

... *xe.* Fai derivados en moitos sustantivos: *carraxe, potaxe, feluxe, laxe, homenaxe.*

56. Ténse dito por algús, que non se ven cansos de rebaixal-os nosos valores, que o idioma galego non tên palabras d' abondo para podermos escribir en senso científico. Este lenguaxe pertênce a todol-os idiomas modernos, e pol-o mesmo nós temos dereito,

como herdeiros da civilización grecolatina, ao seu emprego.

Porémos aquí algús sufixos gregos d' uso mais xeneral:

...*agogo.*	Indica	guía:	*pedagogo.*
...*cele.*	»	tumor:	*hidrocele.*
...*cracia.*	»	goberno:	*democracia.*
...*gono.*	»	ángulo:	*polígono.*
...*grafía.*	»	descrición:	*cosmografía.*
...*grafo.*	»	describidor:	*xeógrafo.*
...*logo.*	»	tratadista:	*filólogo.*
...*metro.*	»	medida:	*decametro.*
...*oide.*	»	forma:	*antropoide.*
...*filo.*	»	simpatía:	*francófilo.*
...*fobo.*	»	adversión:	*hidrófobo.*
...*poli.*	»	cibdade:	*metrópoli.*
...*ptero.*	»	ala=aa:	*coleóptero.*
...*xeneo.*	»	especie:	*homoxéneo.*
...*xenio.*	»	orixe:	*hidroxenio.*

57. Son d' orixe latino moitos prefixos que entraron na composición do noso idioma, e d' eles falaremos ao tratar das preposiciós.

ante...	Indica	anticipación:	*antedata.*
bis.....	»	duas veces:	*bisarma.*
des.....	»	negación:	*desfacer.*
e.....	»	procedenza:	*emigrante.*
in.....	»	retorno:	*inmigrante.*
en.....	»	modo:	*enferruñar.*
entre...	»	situación:	*entreacto.*
pre.....	»	anticipación:	*precaver.*
pro....	»	acción:	*procurar.*
re.....	»	repetición:	*refacer.*
sobre..	»	superioridade:	*sobrenatural.*
sub....	»	inferioridade:	*suboficial.*
hiper...	»	aumento:	*hipercrítico.*
hipo...	»	inferioridade:	*hipofosfito.*

58. Algús prefixos latinos foron modificados ao entraren na nosa fala. *Ad* redúxose á *a*, sinalando término do movimento ou aición: *abaixar*, *abater*, *achegar*, *aquecer*, *atallar*, *asañarse*.

Des, *pre*, *pro*, *sub*, invírtense algunhas veces en *es*, *per*, *por*, *so*, como en *esmorecido*=*desmorecido*, *percatado*=*precatado*, *porcura*=*procura*, *subterra*=*soterra*.

59. Da mesma maneira, e con igual dereito, faremos uso dos prefixos gregos naquelas voces comús a todol-os idiomas modernos, e tamén das demais que o progreso das cencias vai apricando decotío aos novos descubrimentos.

CAPÍTULO PRIMEIRO

DO ARTÍCULO

60. Chámase artículo á unha palabra que se antepón ao nome, ou á outras partes de oración sustantivadas, para determinar a sua sinificación.

En galego hai dous artículos, un determinado e outro indeterminado.

Artículo determinado

61. *O* para o masculino, *a* para o femenino.

O galego non ten forma especial para o xénero neutro, inda que este faise cô artículo *o* dinantes do adxetivo. Carece de prural.

Decrinación

Forma verdadeira

	Masculino	Femenino
Nom	*o*	*a*
Xen.	*do*	*da*
Dat.	*ao, para o*	*â, para a*
Acus	*o, ao*	*a, â*
Abl.[1]	*do*	*da*

O prural faise añadindo *s* aos artículos.

As preposiciós *en* e *con*, d' ablativo, xúntanse côs artículos facendo sômente unha palabra desta maneira: *no, na, nos, nas, cô, coa, côs, coas* (27-28-29).

A preposición *por*, tamén d' ablativo, troca o *r* en *l* por razós de eufonía (25), e debe de s' escribir así: *pol-o, pol-a, pol-os, pol-as.*

Forma dialectal

62. No dativo e acusativo adóitase usar en vez de *ao*, ô, y en lugar de *para o, pr' o.* Debemos dicir que *pra* ê a contraición de *para,* así como *ca* ê a de *coa.*

Na parte do réxime adicado ao artículo tornaremos a falar e a concretar o uso do *ao* principalmente para o dativo.

63. No antigo galego, o mesmo que no portugués, escribíase o artículo castelán *el* cô sustantivo *rei.* Cando van separados por un adxetivo, levan o artículo *o*, exempros: *el rei iba loitar; o bon rei tanxía.*

Artículo indeterminado

Forma verdadeira

	Masculino	Femenino
Singular	*un*	*unha*
Prural	*uns=us*	*unhas*

Forma dialectal

64. Non ê correito escribir *unhos*, porque o singular ê *un* e non *unho.*

O artículo indeterminado decrínase o mesmo que o determinado cô auxilio das preposiciós, seguindo a mesma forma *para un*, *para unha* e non *pr' un*, *pr' unha*, que son dialectás.

CAPÍTULO II

DO SUSTANTIVO

65. Chámase sustantivo á unha parte da oración que desina ou fai conoscer as persoas ou cousas.

Tên número e xénero, e adoita xuntarse cô artículo: *o home, a dona, os fillos, as noras; un cabalo, unha leira, uns nenos, unhas moedas.*

Número

66. Para a formación do prural nos nomes e calificativos, hai que têr en conta as terminaciós en vocal ou consoante.

1.º *Para as palabras que acaban en vocal:*

Os nomes que finan en vocal aguda ou breve, fan o prural añadíndolles *s: neno, dona, cume, rei, lei, tolo, abô, aboa, alelí, râ; nenos, donas, cumes,* etc.

Os terminados en *ade* siguen a mesma regra: *irmandade, libertade; irmandades, libertades.* Non debe de se facer o prural *irmandás, libertás,* porque o singular *irmandá* e *libertá* (forma dialectal e castellanista) ê unha contraición viciosa da terminación *ade.* (*)

Os terminados en *ao, au,* siguen a mesma regra: *castelao, curmau; castelaos, curmaus.*

2.º *Para as palabras que terminan en consoante:*

Os que finan en *r* fan o prural añadindo *es: pinar, muller, amor; pinares, mulleres, amores.*

Os nomes que finan en *al, el, il,* adoitan formaren o prural perdendo o *l* e añadíndolles *s.* Exempros: *real, papel, cadril; reás, papés, cadrís* (**). Ten moi-

(*) Enténdase que a forma verdadeira *irmandade, caridade,* debe usarse na prosa literaria; mais no verso ê moi común, por todol-os poetas, ainda pol-os de primeira liña, usar a forma dialectal *irmandá, caridá, libertá,* etc.

(**) Nos toponímicos atópanse moitas formas en *ás,* como de *Cañal, Cañás;* de *Cerval, Cervás;* de *Casal, Casás.*

tas escepciós que o bon uso insina: *Lanzal* forma o prural *lanzales; mal, males; carballal, carballales; caravel, caraveles; froital, froitales; val, vales; xornal, xornales.*

Os terminados en *ol* fan o prural añadindo *es*, v. g.: *caracol, caracoles; fol, foles; col, coles; sol, soles, tirizol, tirizoles.*

67. No galego arcaico, o mesmo na «Crónica Troiana» que en documentos posteriores, vemos que o prural dos que acaban en *al* perden o *l* e se lles añade *es*. Exempro: *capital, capitaes; vocal, vocaes; carregal, carregaes.* Sendo o *a* predominante no singular e tónico no prural, o *e* que admite neste número foi asorbido pol-o *a*. As formas *vocás, carregás, reás*, son, pois, contraiciós de *vocaes*, etc.

68. Os nomes que finan en *n* fan o prural de duas maneiras: añadindo o *s* ou perdendo o *n* e pondo no seu lugar *s*. Exempros: *corazón, corazons,* ou *corazós; pelengrín, pelengrins* ou *pelengrís; desdén, desdens* ou *desdés; algún, alguns* ou *algús.*

Por razós que esporemos ao falar do xénero nos nomes, os patronímicos terminados en *an* non deben facer o prural en *ás;* así escribiráse *castelán, castelans; mariñán, mariñans.*

Xénero

69. Ademais do xénero, que se conosce pol-a sinificación, son masculinos:

Os terminados en *o, au, ao,* e *an: penedo, mau, castelao, mariñán.* (*)

Os en *l*, como *carballal, mel, cantil, fol.*

Os en *r* como *amar, pinar, pombar, amor,* e todol-os verbos en infinito sustantivado. *Color, calor,*

(*) Hai sustantivos que teñen duas desinencias en *o—e* e son sempre masculinos, como son: *chaleco=chaleque, esqueleto=esquelete, Xacobo=Xacobe, peizoco=peizoque, freco=freque, milagro=milagre, enxamio=enxame,* etc.

culler son femeninos, e *door=dôr* tên os dous xéneros.

70. Son femeninos:

Os que finan en *a*, como *estrela, chousa, xuvenca, irmâ, mariñâ.*

Os monosílabos que terminan en *z* como *noz, cruz, luz, vez, uz.* (5)

As voces terminadas en *de* como *libertade, piedade, virtude, parede.*

71. Nos derivados que finan en *axe* ê costume empregar o masculino ou femenino indistintamente, como en *follaxe, pasaxe, romaxe, paisanaxe, fogaxe* (*) etc. *Laxe, paxe, imaxe* e outros sustantivos non siguen a regra por non seren derivados. Recomendamos o femenino para estes derivados como mais clásico.

72. Hai moitos nomes que son femeninos en castelán, e na nosa fala son sempre masculinos: a saber:

O costume, o cume, o cal, o celme, o leite, o lume, o couce, o sangue, o mel, o nariz, o víspera, o sal, o cuspe, o berce, o sucre.

Pol-a contra son sempre femeninos en galego: *a arbore=arbre, a color=côr, a fin, a sabor, a ponte, a valor.* (**)

O mar ê sempre masculino.

73. Os nomes das letras son sempre masculinos: *un ce, un efe, un o, un xe,* etc.

74. Os sustantivos patronímicos e outros xenéricos poden terminar en *ao, au* ou *an* e todos eles son do xénero masculino. Así *curmao, curmau* ou *curmán,* fan o femenino *curmâ.*

Os terminados en *an,* que ê a forma empregada por un maor número dos galegos, debemos escribilos

---

(*) Hai algunha escepción como *persoaxe=perxonaxe, aldraxe*, que son sô masculinos.

(**) No galego antigo vemos como femeninos *a loor, sa valor, maa cheiror.* (Cántigas).

así: *meu irmán, miña irmâ; meus irmans, miñas irmâs.* De esta maneira quedan ben determinados o número e o xénero nesta crase de nomes.

En algures de Galicia ê costume empregar xeneralmente os terminados en *an* para os dos xéneros, así din: *meu irmán, miña irmán.* Este uso ê defectuoso.

75. Según dixemos ao tratar da derivación e voces compostas (55), moitos verbos, modificados por un sufixo, trócanse en sustantivos. *Falar, xiar, facer, fartar,* fan os nomes xenéricos *fala, falangueiro, faladuría, xiada, xío, facedor, fartadela, farturento, fartura,* etc. Moitos destes sustantivos derivados son tamén adxetivos cando se xuntan á outro nome para modificar ou calificar a sua sinificación, v. g.: «*A faladuría* ê cousa mala para unha *dona falangueira*». *Faladuría* neste caso ê sustantivo; e *falangueira,* adxetivo.

76. Os verbos en infinito fan tamén as veces de sustantivos, levando xuntamente o artículo masculino. Exempros: «*O loitar* pol-a redención de Galicia e cousa nobre». «*O amar* limpa as almas de incrinaciós cativas».

CAPÍTULO III

DO ADXETIVO

77. Esta parte da oración sirve para calificar o nome.

Os adxetivos, que tamén se poden chamar calificativos, subordínanse sempre ao xénero e número dos nomes que os acompañan.

78. Hai adxetivos decrinabres e hainos indecrinabres: «home *probe*», «muller *probe*»; «can *cativo*», «cadela *cativa*».

Os indecrinabres fan de varias maneiras o singular.

Hainos acabados en *a, e, l, r, z, s, in,* como *maula, quente, mol, môr, feliz, barballoas, ruín.*

Os decrinabres que finan en *o* fan o femenino en *a: meigo, meiga; feiticeiro, feiticeira; feituco, feituca.*

Os terminados en *or, on, az* fan o femenino añadíndolles *a*. Exempros: *feitizador, feitizadora; catador, catadora; lambón, lambona; fungón, fungona; rapáz, rapaza. Ladrón* ten duas formas irregulares: *ladroa, ladra.*

79. Os patronímicos son adxetivos cando acompañan á un sustantivo. Como dixemos xa (68) poden terminar en *ao, au* e *an.* O plural faise añadíndolles *s;* exempros:

Masculino	Femenino
Mariñao, mariñaos Mariñau, mariñaus Mariñán, mariñans	mariñâ, mariñâs

Grados dos adxetivos

80. Os adxetivos, según o grado da sua siniificación, poden ser positivos, comparativos e superlativos.

Son *positivos* cando indican unha calidade ou propiedade, sin aumento nin disminución, como *fermoso, bon, xusto.*

Son *comparativos* cando sinifican unha comparación con outra cousa ou persoa. Van xeneralmente precedidos dos adverbios *mais* para sinalar a superioridade, *menos* para a inferioridade e *tan* para a igualdade; e neste caso a conxunción *que* trócase en *ca.* Exempros: *A miña nena ê mais xeitosa ca mín, e o meu fillo ê menos carraxudo ca tí.*

81. Cando a partícula *ca* vai dinantes d' un pronome seguido de sustantivo, escríbese *que,* v. g.: «A miña nora baila mellor *que* a miña sogra».

82. Fan o comparativo irregular os que siguen:

Positivo	Comparativo
Bô	Mellor = millor
Bon	
Malo.	Peor = pior
Grande. . .	Maor = môr
Pequeno. .	Menor

No tocantes ao positivo *bô* e *bon,* que xeneralmente úsanos os escritores como lles cadra, debemos dicir que *bô* debe pôrse despois do sustantivo, e *bon* dinantes. Exempros: «Non ê *bô* home quen non ten *bon* corazón».—«Se *bô,* que *bon* compañeiro levas».

83. Son *superlativos* cando indican unha calidade en alto grado. Pódese facer cô adverbio *moi,* ou coa desinencia *ísimo, ísima,* postas despois da radical. Exempros: *moi fermoso* ou *fermosísimo; moi garrida* ou *garridísima.*

Pode sincoparse a terminación en *ísimo* dicindo *moitismo, grandismo.* Mais téñase en conta que esto sômente se pode facer côs adverbios e non côs calificativos. Os superlativos en *ísimo* como os adxetivos en *ble* ou *bre* non se usaban no galego anterior ao século xv.

Números cardinás

84. Chámanse cardinás os adxetivos que indican un certo número de persoas ou cousas.

Un	Dazasete=dezasete
Dous	Dazaoito=dezaoito
Tres	Dazanove=dezanove
Catro	Vinte
Cinco	Vinteun
Seis	Vintedous, etc.
Sete	Trinta
Oito	Trinta e un, etc.
Nove	Corenta
Dez	Cincoenta
Once	Sesenta
Doce	Setenta
Trece	Oitenta
Catorce	Noventa
Quince	C n
Dazaseis=dezaseis	Cinco centos

Os números *un* e *dous* fan os femeninos *unha, duas.*

Cen e *cento:* a segunda non se debe de usar se non vai en compaña d' outro numeral, v. g.: *¿Cantos pesos tês?—Cen.—¿Cantos centos contache?—Un cento.*

Milleiro sigue a mesma regra de cento.

Cento adoita o femenino cando ê mais de un: *¿Cantas pesetas tês?—Catro centas.*

Números ordinás

85. Chámanse así aqueles adxetivos que indican o número de orde en que están as cousas ou persoas.

Primeiro	Vixésimo
Segundo	Vixésimo-primeiro, etc.
Terceiro	Trixésimo
Cuarto	Cuadraxésimo
Quinto	Quincuaxésimo
Sesto	Sexaxésimo
Sétimo	Setuaxésimo
Oitavo	Oitoxésimo
Nono	Nonaxésimo
Décimo	Centésimo
Undécimo	Milésimo
Décimo terceiro	Ultimo *ou* derradeiro

Números coleitivos

86. Chámanse así os adxetivos, que indo en singular, indican mais d' un obxeto ou persoa.

Un par, unha parella, un cento, un milleiro, millenta.

Son coleitivos indeterminados: *un quiñón, un feixe, unha morea, un fato, unha patulea, unha presa, unha manada.*

Números proporcionás

87. Chámanse así os que indican unha maor ou menor parte da unidade, como *dobre, triple, cuádruplo; mitade, cuarto, quinto, tercio,* etc.

CAPÍTULO IV

DO PRONOME

88. Chámase así esta parte da oración porque ocupa nela o lugar do nome.

Os verdadeiros pronomes son os que representan persoas gramaticás, e pol-o mesmo en galego sô teríamos como tales *eu, ti, el, sí.* E inda que os demostrativos, negativos e indefinidos califícanse dentro deste grupo, teñen o carácter de adxetivos determinativos, pois sustituyen outro pronome, un adxetivo e unha oración enteira. Mais deuse en lles chamar pronomes, e, seguindo o costume, poñémolos nesta parte da morfoloxía.

Pronomes persoás

89. Chámanse así os que representan as persoas gramaticás, e son tres: *eu ti, el.*

Divídense en tres grupos: persoa que fala, persoa á quen se fala, e persoa da que falamos.

Primeira persoa

	Singular	Plural
Nom.....	Eu	Nós, nosoutros, nosoutras
Xen.....	De mín	De nós, de nosoutros
Dat	A mim, para mín, me	A *ou* para nós, nosoutros
Acus	A min, me	A nós, a nosoutros, nós
Abl	Comigo, de, por, sin, etc., mín	Connosco, de *etc.*, nós *ou* no outros

Segunda persoa

	Singular	Plural
Nom.....	Ti	Vos, vosoutros, vosoutras
Xen.....	De ti	De vos, de vosoutros
Dat	A *ou*, para ti, che	A *ou* para vos; a *ou* para vosoutros, vos
Acus	A ti, te	A vos, a vosoutros, vos
Voc	Ti	Vos, vosoutros
Abl	Contigo, *etc.*, ti	Convosco, de *etc.*, vos, *ou* vosoutros

Terceira persoa

Singular

Nom.....	El, ela, elo; o, a
Xen.....	Del, dela, delo
Dat	Lle, á *ou* para el, ela, elo
Acus.....	A el, ela, elo; o, a
Abl	De, por, *etc.*, el, ela, elo

Plural

Nom.....	Eles, elas; os, as
Xen.....	Deles, delas
Dat.....	Lles, á *ou* para eles, elas
Acus.....	A eles, elas; os, as
Abl.....	De por, *etc.*, eles, elas

90. Os casos de xenitivo pódense escribir tamén *d' el, d' ela, d' elo,* e da mesma maneira o plural.

91. Os pronomes *il* e *tu* son dialectás.

92. Os pronomes *vosoutros, vosoutras, nosoutros, nosoutras* empréganse en lugar de *vós, nós,* cando se quêr asinalar a diferencia de xénero. A forma de femenino úsase somente no nominativo.

Na parte do réxime adicada ao pronome falaremos do emprego das formas *me, che, te, se, lle, lles, o, a, as,* antes ou despois dos verbos.

Os pronomes *me, che, lle, te, se,* sirven para os dous xéneros. Teráse en conta que *che* ê a forma de dativo, e *te* d' acusativo.

Pronome refleisivo

93. Chámase así porque recibe a aición d' outro en terceira persoa. Estes pronomes sirven en algús verbos para donarlles esta mesma condición refleisiva ou reflexa.

Gen . . .	De sí
Dat. . . .	A *ou* para sí, se
Acus. . .	A sí, se
Abl. . . .	Consigo, de, *etc.,* sí

A forma *se* ê tamén conxunción condicional.

Indefinidos

94. Estes pronomes fan mención indeterminada dos obxetos.

Un, unha; uns=us, unhas.
Algún, algunha; alguns=algús, algunhas.
Alguén, algo.
Calquer, calquera, calesquera.
Todo, toda; todos, todas.
Outro, outra; outros, outras.
Tanto, tanta; tantos, tantas.
Ambos, ambas.
Certo, certa; certos, certas.
Moitos.
Poucos.

Calesquera debe usarse en plural.

Algún fai o plural *algús=alguns.* A forma *algunhos* ê dialectal.

Calesqueira, calqueira, son formas bárbaras.

Os indefinidos *calquera* e *quen queira* adequiren o dobre carácter de relativos indefinidos seguidos de

que. «*Calquera que* ti queiras seráche donado». «*Quen queira que* fose non fixo ben».

95. *Un, unha* poden ser numeral, artículo e pronome. Cando ê artículo antecede a un sustantivo, e como pronome vai sô. Exempros: «*Un* home bô; nada mais que *un* peso; ben quixera *un* nôn esquecerse». No primeiro caso ê artículo; no segundo, numeral; e no terceiro, pronome. Estes homógrafos distínguense ben pol-o lugar que ocupan na oración, non precisando sino ortofónico para se diferenciaren entre de sí.

Demostrativos

96. Estos pronomes sirven para sinalar as persoas ou cousas, comunicándolles o grado de distancia en que s' atopan entre dous ou mais interlocutores.

Singular

Este, esta, esto.
Esa, ese, eso.
Aquel, aquela, aquelo.
Mesmo, mesma.

97. O plural faise añadíndolles *s,* menos en *aquel,* que s' escribe *aqueles.*

Aquelo non tên plural.

98. As formas *iste, ista, isto, ise, isa, iso, aquil,* son dialectás.

99. Cando os pronomes *esto, eso* teñen certo senso neutro e non se refiren á persoas, poden escribirse *isto, iso.* Nos demais casos non sería correito.

O pronome demostrativo *mesmo, mesma* tên varias apricaciós na morfoloxía da nosa fala. Usase tamén como adxetivo, como adverbio, e como equivalente de formas adverbiás, que estudiaremos no seu lugar correspondente.

Negativos

100. Teñen o obxeto da sua sinificación.

Ningún, ningunha.
Ninguén.
Nadie.

Ningún fai o prural *ningús, ninguns.*
Ningún e *ningunha* pódense referir a cousas ou persoas mais *ninguén* e *nadie* sômente s' aprica a persoas.
A forma *naide* ê bárbara.

Interrogativos

101. Sirven para os fins da sua desinación.

Que?
Cal?
Canto?
Ulo, ula?=¿Onde está eso, ou esa cousa de que me falas?

Fan o plural añadíndolles *s.*
Quen pertence aos dous xeneros e números.
Cal fai o plural *cales.*

Conxuntivos

102. Estes pronomes levan en sí o valor d' un nome ou demostrativo xuntamente c' unha conxunción.
Os conxuntivos son *que, quen, cuio.* (*)
O derradeiro ê de pouco uso.
Que e *quen* non teñen declinación, é sirven para todol-os xéneros e números.

(*) Escribimos así este pronome, e non *cuyo,* porque xa dixemos que *y* en gallego sômente fai usos de consoante eufónica.

Quen debe empregarse cando se refire á persoa e non á cousas.

Posesivos

103. Estes pronomes indican posesión.

Meu, miña = que ê de mín.
Teu, tua = que ê de tí.
Seu, sua = que ê del, dela, deles, delas.
Noso, nosa = que ê de nós.
Voso, vosa = que ê de vós.

Os plurales fanse añadíndolles un *s*.

Poden acompañar aos sustantivos, antes ou despois, sin sofriren variación.

104. Cando falamos c' unha persoa de respeto á quen tratamos de *vosté* ou *vostede*, os posesivos *seu, sua* usaránse en vez de *teu, tua*.

En algures de Galicia, particularmente na Mariña de Betanzos, cando se fala con persoa de gran superioridade, non se trata de *vosté* senon de *vós*. «O *voso* pai, señor abade, non chegou ainda». No galego clásico usouse docotío.

CAPÍTULO V

DO VERBO

105. *Verbo* ê unha palabra variabre que desina esencia, aición, pasión ou estado, casi sempre sinalando tempo, persoa e número.

O verbo ê a palabra por escelencia, e a nosa fala ê riquísima no número d' eles, tendo ademais a particularidade de que no infinitivo as infleixiós desinan tamén número e persoa.

106. Os verbos son *activos* ou *transitivos, neutros* ou *intransitivos, refleisivos, recíprocos, ausiliares, impersonás, regulares* e *irregulares.*

Activo ou transitivo ê o verbo cuia aición recai ou pode recaer, con preposición ou sin ela, na persoa ou cousa que ê compremento da oración. *Amar a Galicia.*

Neutro ou intransitivo ê o verbo cuia aición non pasa d' unha persoa ou cousa a outra, como *sarabiar, morrer, piniscar, lostregar.*

Refleisivo ou pronominal ê aquel que levando inclíticamente os pronomes *se, me, te, nos, vos,* torna a sua sinificación â mesma persoa: *Eu quéixome, ti mórreste, Xaniño degórase, nos doémonos, eles quérenvos.* Na conxugación dos verbos pronominás a primeira persoa do prural perde o *s* antes do pronome: *Nos amámonos,* e non *nós amámosnos.*

Recíproco ê aquel cuia sinificación comprende duas ou mais persoas: «*Antón e Minia quérense*».

Ausiliares son os que fan tempos compostos en xuntanza d' outro verbo. «*Terei feito* o que me pidiche». Aquí o auxiliar ê *têr.*

Impersonal ê o uso d' algús verbos deste xeito: «*Hai* mal tempo». «*Houbo* unha desfeita».

Regular ê o verbo que na conxugación conserva as radicás, irregular o que as non conserva.

107. Todal-as desinencias que fan os verbos chámanse conxugación, que está composta de modos, tempos, números e persoas.

Modos

108. Chámanse desta maneira as alteraciós que fai o verbo para sinificar afirmación, mandato ou deseo d' unha posibilidade.

109. Os modos son catro: indicativo, imperativo, subxuntivo e infinito.

Indicativo.—Afirma direitamente a aición do verbo: *Eu son mariñán; ti sabel-o galego.*

Imperativo. — Afirma ou manda imperiosamente: «*Acudide* que hai fogo na vila; *andade* que o tempo ê ouro».

Subxuntivo.—Non expresa nunca por sí, como o indicativo, afirmación absoluta, senon que o senso ê condicional, e non pode usarse sin outro verbo: «*Xa eu tiña falado* cando chegou teu pai».

Infinito.—O verbo sin determinación de tempo: terminan en *ar, er, ir,* (*) e cada unha ten a sua correspondente conxugación. O xerundio e o participio son deste modo.

O infinito gallego, sin perder a esencia de tal, tên conxugación persoal, determinando o número gramatical nas tres persoas.

Tempos

110. Chámanse *tempos* as infleisiós que toma o verbo para sinificar a sua afirmación no presente, no pasado e no futuro.

111. O modo indicativo tên seis tempos, que son como sigue:

(*) Hai unha cuarta conxugación en *or,* e sômente petênce a ela o verbo *pôr* e os seus derivados, *compor, traspor, aispor, repor,* etc. Esta conxugación corresponde â que fina en *er,* poil-o verbo *pôr* non e mais que a contraición de *poer.*

1.º Presente. O que se fai. «Eu *fago* unha casa». «Ti *levas* diñeiro».

2.º Pasado imperfeito. O que se fixo cando se fixo unha cousa: «Chegou cando eu *escribía*».

3.º Pasado perfeito. O que se fixo: «Eu *amei* unha muller».

4.º Pasado mais que perfeito. O que estaba feito cando se fixo outra cousa: «Eu *tiña lido* o libro cando chegou teu pai».

5.º Futuro imperfeito. O que se fará: «Eu *falarei* con meu pai».

6.º Futuro perfeito. O que se fará cando chegue o seu tempo: «*Xa terei rematado o* meu labor cando sea chegado o vran».

112. O modo subxuntivo tên seis tempos tamén, semellantes aos d' indicativo, mais dependen dos verbos que os acompañan para faceren sentido.

113. Xa dixemos cando falamos dos modos, que o infinito galego non determina o tempo, mais sí as persoas e números.

Persoas e números

114. Hai tres persoas gramaticás que acostumamos chamar primeira, segunda e terceira, que son do número singular ou plural, según atinguen â persoa ou cousa que determina a aición enunciada pol-o verbo.

115. Estas persoas e números poden levar os pronomes correspondentes, inda que estes e mail-o número son indicados perfeitamente pol-as desinencias do verbo, non sendo imprescindibre pol-o mesmo o uso dos pronomes. «*Eu falo, nós falamos, vós falades*» leva nas desinencias perfeitamente acusados a persoa e o número gramatical.

No modo persoal infinito tampouco ê de necesidade, para determinar a persoa e número na sinificación do verbo, a escritura dos pronomes.

Voces

116. A aición do verbo pode ser practicada ou sufrida pol-o suxeto, e pol-o mesmo esas formas chámanse *voz activa* ou *voz pasiva.*

O galego non tên en realidade mais que a voz activa, mais cô ausilio do verbo *ser* seguidos do participio facemos a voz pasiva.

En *Xacobe ama a Galicia, Xila matou a fame* temos o verbo en activa; en *Galicia ê amada por Xacobe, A fame foi morta por Xila,* o verbo está na voz pasiva.

Verbos regulares

117. Primeira conxugación

FALAR.—Radical, FAL

MODO INDICATIVO

PRESENTE

Eu falo	Nós falamos
Ti falas	Vós falades
El fala	Eles falan

PASADO IMPERFEITO

Eu falaba	Nós falábamos
Ti falabas	Vós falábades
El falaba	Eles falaban

PASADO PERFEITO

Eu falei	Nós falamos
Ti falache *ou* falaches	Vós falástedes *ou* faláchedes
El falou	Eles falaron *ou* falano

PASADO MAIS QUE PERFEITO

Eu falara	Nós faláramos
Ti falaras	Vos falárades
El falara	Eles falaran

FUTURO IMPERFEITO

Eu falarei	Nós falaremos
Ti falarás	Vos falaredes
El falará	Eles falarán

FUTURO PERFEITO

Eu terei falado	Nós teremos falado
Ti terás falado	Vos teredes falado
El terá falado	Eles terán falados

MODO IMPERATIVO

Fala ti.
Fale vostede.
Falai *ou* falade vos.
Falen vostedes.

MODO SUBXUNTIVO

PRESENTE

Eu fale.	Nós falemos.
Ti fales.	Vos faledes
El fale	Eles falen

PASADO IMPERFEITO

Eu falara, falaría, falase.
Ti falaras, falarías, falases.
El falara, falaría, falase.
Nós faláramos, falaríamos, falásemos.
Vos faláredes, falaríades, falásedes.
Eles falaran, falarían, falasen.

PASADO PERFEITO

Eu tiña falado	Nós tiñamos falado
Ti tiñas falado	Vos tiñades falado
El tiña falado	Eles tiñan falado

PASADO MAIS QUE PERFEITO

Eu tivera, tería, tivese falado.
Ti tiveras, terías, tiveses falado.
El tivera, tería, tivese falado.
Nós tivéramos, teríamos, tivésemos falado.
Vos tivérades, teríades, tivésemos falado.
Eles tiveran, terían, tivesen falado.

FUTURO IMPERFEITO

Eu tivere falado	Nós tivéremos falado
Ti tiveres falado	Vos tivéredes falado
El tivere falado	Eles tiveren falado

MODO INFINITO

Impersoal: Falar

PERSOAL

Falar eu	Falarmos nós
Falares ti	Falardes vos
Falare el	Falaren eles

Presente; xerundio: Falando

Pasado; participio: Falado

118. **Segunda conxugación**

BATER.—Radical, BAT

MODO INDICATIVO

PRESENTE

Eu bato	Nós batemos
Ti bates	Vos batedes
El bate	Eles baten

PASADO IMPERFEITO

Eu batía	Nós batíamos
Ti batías	Vos batíades
El batía	Eles batían

PASADO PERFEITO

Eu batín	Nos batimos
Ti batiche	Vos batíchedes
El bateu	Eles bateron *ou* bateno

PASADO MAIS QUE PERFEITO

Eu batéra	Nós batéramos
Ti batéras	Vos batérades
El batéra	Eles bateran

FUTURO IMPERFEITO

Eu baterei	Nós baterémos
Ti baterás	Vos bateré es
El baterá	Eles baterán

FUTURO PERFEITO

Eu teréi	batido	Nós terémos	batido
Ti terás		Vos teredes	
El terá		Eles terán	

MODO IMPERATIVO

Bate tí.
Bata.
Batede *ou* batei.
Bátan.

MODO SUBXUNTIVO

PRESENTE

Eu bata	Nós batámos
Ti batas	Vos batádes
El bata	Eles batan

PASADO IMPERFEITO

Eu batera, batería, batese.
Ti bateras, baterías, bateses.
El batera, batería, batese.
Nós batéramos, bateríamos, batésemos.
Vos batérades, bateríades, batésedes.
Eles bateran, bateríar, batesen.

PASADO PERFEITO

Eu tiña	batido	Nós tiñamos	batido
Tí tiñas		Vos tiñades	
El tiña		Eles tiñan	

PASADO MAIS QUE PERFEITO

Eu tivera, tería, tivese
Ti tiveras, terías, tiveses
El tivera, tería, tivese
Nós tivéramos, teríamos, tivésemos } batido
Vos tivérades, teríades, tivésedes
Eles tiveran, terían, tivesen

FUTURO IMPERFEITO

Eu batere	Nós batéremos
Ti bateres	Vos batéredes
El batere	Eles bateren

FUTURO PERFEITO

Eu tivere	batido	Nós tivéremos	batido
Ti tiveres		Vos tivéredes	
El tivere		Eles tiveren	

MODO INFINITIVO

Impersoal: Bater

PERSOAL

Bater eu.
Bateres ti.
Batermos nós.
Baterdes vos.
Bateren eles.

Presente; gerundio: Batendo

Pasado; participio: Batido

119. Terceira conxugación

FUXIR.—Radical, FUX

MODO INDICATIVO

PRESENTE

Eu fuxo	Nós fuximos
Ti fuxes	Vos fuxídes
El fuxe	Eles fuxen

PASADO IMPERFEITO

Eu fuxía	Nós fuxíamos
Ti fuxías	Vos fuxíades
El fuxía	Eles fuxían

PASADO PERFEITO

Eu fuxín	Nós fuximos
Ti fuxiche	Vos fuxíchedes
El fuxeu	Eles fuxiron

PASADO MAIS QUE PERFEITO

Eu fuxira	Nós fuxíramos
Ti fuxiras	Vos fuxírades
El fuxira	Eles fuxiran

FUTURO IMPERFEITO

Eu fuxirei	Nós fuxiremos
Ti fuxirás	Vos fuxiredes
El fuxirá	Eles fuxirán

FUTURO PERFEITO

Eu terei fuxido	Nós teremos fuxido
Ti terás fuxido	Vos teredes fuxido
El terá fuxido	Eles terán fuxido

MODO IMPERATIVO

Fuxe ti.
Fuxa vostede.
Fuxide vos.
Fuxan vostedes.

MODO SUBXUNTIVO

PRESENTE

Eu fuxa	Nós fuxamos
Ti fuxas	Vos fuxades
El fuxa	Eles fuxan

PASADO IMPERFEITO

Eu fuxira, fuxiría, fuxise.
Ti fuxiras, fuxirías, fuxises.
El fuxira, fuxiría, fuxise.
Nós fuxíramos, fuxiríamos, fuxísemos.
Vos fuxírades, fuxiríades, fuxísedes.
Eles fuxiran, fuxirían, fuxisen

PASADO PERFEITO

Eu tiña fuxido	Nós tíñamos fuxido
Ti tiñas fuxido	Vos tíñades fuxido
El tiña fuxido	Eles tiñan fuxido

PASADO MAIS QUE PERFEITO

Eu tivera, tería, tivese fuxido.
Ti tivera, terías, tiveses fuxido.
El tivera, tería, tivese fuxido.
Nós tivéramos, teríamos, tivésemos fuxido.
Vos tivérades, teríades, tivésedes fuxido.
Eles tiveran, terían, tivesen fuxido.

FUTURO IMPERFEITO

Eu fuxire	Nós fuxiremos
Ti fuxire	Vos fuxiredes
El fuxir	Eles fuxiren

FUTURO PERFEITO

Eu tivese fuxido	Nós tivéremos fuxido
Ti tiveres fuxido	Vos tivéredes fuxido
El tivere fuxido	Eles tiveren fuxido

MODO INFINITO

Impersoal: Fuxir

PERSOAL

Fuxir eu
Fuxires ti
Fuxirmos nós
Fuxirdes vos.
Fuxiren eles.

Presente; xerundio: Fuxindo
Pasado; participio: Fuxido

120. **Notas**

1.ª A conxugación que aquí damos ao futuro mais que perfeito de subxuntivo, ê a verdadeira no galego; mais tamén se fai, sobre todo modernamente, cô verbo *haber*, por exempro: *Eu houbera, habería ou houbese falado.* Recomendamos o emprego do verbo *têr* como ausiliar ainda para este tempo.

2.ª No pasado imperfeito e no pasado mais que perfeito do modo indicativo, facemos esdrúxulas as formas da primeira e segunda persoa do plural, así decimos *falábamos, falábades,* etc., en lugar de *falabámos, falabádes.* Todol-os antecedentes recollidos, o uso en gran parte do país pol-os que ben falan, decídennos a facelos esdrúxolos. (*)

3.ª No pasado perfeito dos verbos da segunda conxugación hai unha forma dialectal, usada en terras de Bergantiños e que o bardo Pondal empregou algunhas veces, como *batiu, pidiu* en lugar de *bateu, pideu.*

(*) Don Manuel Rodríguez, na gramática da «Crónica Troyana», tamén coloca a tónica na antepenúltima sílaba, e no portugués, que nesto da prosodia dos verbos marcha paralelamente con nós, faise o mesmo. Adoptamos a forma esdrúxula neste tempo despois de estudialo ben e de consultalo con persoas peritas na nosa fala.

4.ª Tamén no pasado perfeito da primeira conxugación, no prural da terceira persoa, ê forma dialectal *falano* en vez de *falaron.* (*)

5.ª Son formas síncopadas os imperativos *falai, corré* en lugar de *falade, correde,* que ê a forma mais xeneralmente usada pol-os nosos clásicos, e pol-o pobo. Tamén fanse as contraiciós, que non aconsellamos, *falastes, falarés* en vez de *falástedes, falaredes.*

6.ª Os verbos da segunda conxugación, que levan *e, o* na sílaba radical, e que teñen formas homónimas no presente de indicativo e no imperativo, distínguense entre de sí pol-o son aberto ou pecho que respeitivamente se da âs ditas vocás.

Abertas	Pechas
El fênde	Fende ti
El hênche	Henche ti
El êrgue	Ergue ti
El acênde	Acende ti
El esparêxe	Esparexe ti
El côrre	Corre ti
El côce	Coce ti
El tôrce	Torce ti
El sôlve	Solve ti
El vêrte	Verte ti

Saco Arce fai observar, ao tratare desta particularidade, que esta pronunciación pecha fai mais garimoso o mandato imperativo, cousa que armoniza cô modo de ser dos galegos, mais incrinado a facer uso do rogo que do mandato asoballante.

7.ª Inda que ao tratarmos do réxime dos verbos falaremos mais longamente do infinito persoal gale-

(*) Esta terminación en *no* ê pouco usada, inda que resulta moi eufónica e d' acordo cô xeito especial do noso idioma. Na antiga provincia de Betanzos ê onde mais se emprega.

go, que tanta orixinalidade e gracia dá a nosa fala, poremos agora algús exempros para o seu uso: «O *falares* dese xeito traiche moitos disgustos». «Deume uns papés para *seren* trocados por outros». «Cando me *falare* xa lle darei resposta». O *estarmos* aquí ê de bon agoiro».

Véxase como nestes exempros non figura o pronome, sin que por elo deixe de ser crara a locución. Non ê, pois, de necesidade nestes casos, nin nos demais tempos do verbo, o uso do pronome, suposto que, como xa dixemos n-outro lugar (115), as infleisiós do verbo asinalan perfeitamente a persoa, número e tempo.

Verbos ausiliares

121. **Têr**

MODO INDICATIVO

PRESENTE

Eu teño	Nós temos
Ti tês	Vos tedes
El tên	Eles teñen

PASADO IMPERFEITO

Eu tiña	Nós tiñamos
Ti tiñas	Vos tiñades
El tiña	Eles tiñan

PASADO PERFEITO

Eu tiven	Nós tivemos
Ti tiveche	Vos tivestes *ou* tivéchedes
El tivo	Eles tiveron

FUTURO IMPERFEITO

Eu terei	Nós teremos
Ti terás	Vos teredes
El terá	Eles terán

MODO SUBXUNTIVO

PRESENTE

Eu teña	Nós teñamos
Ti teñas	Vos teñades
El teña	Eles teñan

PASADO IMPERFEITO

Eu tivera, tería, tivese.
Ti tiveras, terías, tiveses.
El tivera, tería, tivese.
Nós tivéremos, teríamos, tivésemos.
Vos tivérades, teríades, tivésedes.
Eles tiveran, terían, tivesen.

FUTURO IMPERFEITO

Eu tiver	Nós tivéremos
Ti tiveres	Vos tivéredes
El tiver	Eles tiveren

MODO IMPERATIVO

Ten ti.
Teña vostede.
Tende *ou* tede vos.
Teñan vostedes.

MODO INFINITIVO

Têr eu	Termos nós
Teres ti	Terdes vos
Tere el	Teren eles

Os verbos derivados de *têr,* como *abstêr, contêr, detêr, entretêr, mantêr, obtêr, retêr, sostér,* conxúganse da mesma maneira. Non era preciso decir que estos verbos son somente irregulares.

122. **Haber**

MODO INDICATIVO

PERSOAL

Hei	Habemos
Has	Habedes
Ha	Han

PASADO IMPERFEITO

Había	Habíamos
Habías	Habíades
Había	Habían

PASADO PERFEITO

Houben	Houbemos
Houbeche	Houbéstedes
Houbo	Honberon

PASADO MAIS QUE PERFEITO

Houbera	Houbéramos
Houberas	Houbérades
Houbera	Houberan

FUTURO IMPERFEITO

Haberei	Haberemos
Haberás	Haberedes
Haberá	Haberán

MODO IMPERATIVO

(O non ten)

MODO SUBXUNTIVO

PRESENTE

Haxa	Haxamos
Haxas	Haxades
Haxa	Haxan

PASADO IMPERFEITO

Houbera, habiría, houbese.
Houberas, habirías, houbeses.
Houbera, habiría, houbese.
Houbéramos, habiríamos, houbésemos.
Houbérades, habiríades, houbésedes.
Houberan, haberían, houbesen.

FUTURO IMPERFEITO

Houber	Houbéremos
Houberes	Houbéredes
Houber	Houberen

MODO INFINITO

Impersoal: Haber

PERSOAL

Haber eu	Habermos nós
Haberes ti	Haberdes vos
Habere el	Haberen eles

Notas

As formas do pasado imperfeito, o mesmo que as do modo infinito persoal, son pouco usadas.

Este verbo emprégase como auxiliar e como impersoal. Neste derradeiro caso tên o suxeto no prural: *Hai homes, houbo festas, haberá paus,* etc.

123. **Ser**

MODO INDICATIVO

PRESENTE

Eu son	Nós somos
Ti es	Vos sodes
El é	Eles son

PASADO IMPERFEITO

Eu era	Nós éramos
Ti eras	Vos érades
El era	Eles eran

PASADO PERFEITO

Eu fun	Nós fumos
Ti fuche	Vos fústedes *ou* fúchedes
El foi	Eles foron *ou* fono

MODO SUBXUNTIVO

PRESENTE

Eu sía, sea, seia, sexa.
Ti sías, seas, seias, sexas.
El sea, seia, sexa.
Nós seamos, seiamos, sexamos.
Vos seades, seiades, sexades.
Eles sean, seian, sexan.

PASADO IMPERFEITO

Eu fore, sería, fose.
Ti foras, serías, foses.
El fora, seria, fose.
Nós fóramos, seríamos, fósemos.
Vos fórades, seríades, fósedes.
Eles foran, serían, fosen.

FUTURO IMPERFEITO

Eu fore *ou* for	Nós fóremos
Ti fores	Vos fóredes
El fore *ou* for	Eles foren

PASADO MAIS QUE PERFEITO

Eu fora	Nós fóramos
Ti foras	Vos fórades
Eu fora	Eles foran

FUTURO IMPERFEITO

Eu serei	Nós seremos
Ti serás	Vos seredes
El será	Eles serán

MODO IMPERATIVO

Sé ti.
Sea vostede
Sede vos
Sean vostedes

MODO INFINITO

Impersoal: Ser

PERSOAL

Ser eu.
Seres ti.
Ser él.
Sermos nós.
Serdes vos.
Seren eles.

Presente; xerundio: Sendo
Pasado; participio: Sido

Notas

No presente de subxuntivo poñemos as catro formas *sía, sea, seia, sexa;* aconsellamos o uso das duas primeiras, e mellor ainda a segunda, *sea.*

Os tempos compostos, como son o futuro imperfeito d'indicativo, o pasado perfeito e o pasado mais que perfeito de subxuntivo fanse da mesma maneira que nos verbos regulares cô ausiliar *têr* e o participio pasado *sido.* Por exempro: *eu terei sido,* etc.; *eu tiña sido,* etc., *eu tivera, tería, tivese sido,* etc.

Este verbo sirve tamén pra facer a voz pasiva dos demais. Exempros: *Os tempos son chegados dos bardos das edades.*

Verbos irregulares

124. Ademais dos verbos ausiliares que quedan xa conxugados, hai en galego gran número de irregulares, dos que estudaremos aquí os que teñen uso decotío.

Os verbos monosilábicos *têr, ser, dar, crêr, ir, vir* son os mais sinaladamente irregulares.

125. Algús verbos, pol-a dualidade estudada no número 13, e por asimilación, trocan o primeiro *e—o* en *i* ou en *u* en algús tempos do indicativo, do sub-

xuntivo e no participio, sin que elo sea unha verdadeira irregularidade. Exempros: *temer* fai os tempos *timía, timín, timiría, timido; cocer, cucía, cucín, cuciría, cucido.* (*)

Os verbos ausiliares o son tamén de sí mesmos: *haber, habido, ter tido, ser sido.*

126. Cando estes verbos concordan con outros para indicaren a aición verbal, desenvólvense en conxugaciós compostas. Côs verbos *têr* e *haber* fan todol-os tempos menos o imperativo, v. g.: *hei* ou *teño de falar; tês* ou *has de falar,* etc.

127. O verbo ausiliar *ser* fai pasivos os verbos que teñen que ir en participio de pasado, desta maneira:

MODO INDICATIVO

PRESENTE

Eu son amado	Nós somos amados
Ti es amado	Vos sodes amados
El ê amado	Eles son amados

MODO SUBXUNTIVO

PRESENTE

Eu sea amado	Nós seamos amados
Ti seas amado	Vos seades amados
El será amado	Eles sean amados

Etc.

128. **Estar**

MODO INDICATIVO

PRESENTE

Estou	Estamos
Estás	Estades
Está	Están

(*) Volvemos a recordar (11-13) que pode dicirse igualmente *temía, temido,* etc.; *cocía, cocín,* etc.

PASADO IMPERFEITO

Estaba	Estábamos
Estabas	Estábades
Estaba	Estaban

PASADO PERFEITO

Estiven	Estivemos
Estiveche	Estivéchedes
Estivo	Estiveron

PASADO MAIS QUE PERFEITO

Estivera	Estivéramos
Estiveras	Estivérades
Estivera	Estiveran

FUTURO

Estarei	Estaremos
Estarás	Estaredes
Estará	Estarán

MODO IMPERATIVO

Está	Estade

MODO SUBXUNTIVO

PRESENTE

Estea	Esteamos
Esteas	Esteades
Estea	Estean

PASADO IMPERFEITO

Estivera, estaría, estivese.
Estiveras, estarías, estiveses.
Estivera, estaría, estivese.
Estivéramos, estaríamos, estivésemos.
Estaríades, estivérades, estivésedes.
Estarian, estiveran, estivesen.

FUTURO IMPERFEITO

Estiver	Estivéremos
Estiveres	Estivéredes
Estiver	Estiveren

MODO INFINITO

Impersoal: Estar:

PERSOAL

Estar eu	Estarmos nós
Estares ti	Estardes vos
Estare el	Estaren eles

129. **Facer** **Dicir** **Dar**

MODO INDICATIVO

PRESENTE

Fago	Digo	Dou
fas	dis	das
fai	di	dá
facemos	dicimos	damos
facedes	dicides	dades
fan	din	dan

PASADO IMPERFEITO

Facía	Dicía	Daba
facías	dicías	dabas
facía	dicía	daba
facían	diciamos	dábamos
facíades	diciades	dábades
facíamos	dician	daban

PASADO PERFEITO

Fixen	Dixen	Dei
fixeche	dixeche	deche
fixo	dixo	deu
fixemos	dixemos	dimos
fixéstedes	dixéstedes	dístedes
fixeron	dixeron	deron

PASADO MAIS QUE PERFEITO

Fixera	Dixera	Dera
fixeras, etc.	dixeras, etc.	deras, etc.

FUTURO IMPERFEITO

Facerei *ou* farei	Dicirei *ou* direi	Darei
facerás *ou* farás, etc.	dicirás *ou* diras, etc.	darás, etc.

MODO IMPERATIVO

Fai ti	Di ti	Dá ti
faga él	diga él	dea él
facede vos	dicide vos	dade vos
fagan eles	digan eles	dean eles

MODO SUBXUNTIVO

PRESENTE

Faga	Diga	Dea
fagas, etc.	digas, etc.	deas, etc.

PASADO IMPERFEITO

Fixera, facería *ou* faría, fixese	Dixera, diciría *ou* dixese	Dera, daría *ou* dese
Fixeras, facerías *ou* fixeses, etc.	Dixeras, dicirías *ou* dixeses, etc.	Deras, darías *ou* deses, etc.

FUTURO IMPERFEITO

Fixer	Dixer	Der
fixeres, etc.	dixeres, etc.	deres, etc.

MODO INFINITO

IMPERSOAL

Facer	Dicir	Dar

PERSOAL

Facer eu	Dicir eu	Dar eu
Faceres ti	Dicires ti	Dares ti
Facere él	Dicire él	Dare él
Facermos nós	Dicirmos nós	Darmos nós
Facerdes vos	Dicirdes vos	Dardes vos
Faceren eles	Diciren eles	Daren eles

Presente; xerundio:

Facendo	Dicindo	Dando

Pasado; participio:

Feito	Dito	Dado

130. A terceira persoa do prural do modo inrinito non se usa agora.

En algures de Galicia úsase o *g* suave en troques do *c* ou *x* en todol-os tempos do verbo *facer* que leven ditas letras: *faguer, faguemos, faguía, figuera,* etc. Aconsellamos o uso da forma clásica *facer* que damos na conxugación.

131. Recomendamos tamén que non confundan, como adoitan moitos escritores, o pasado perfeito de indicativo do verbo dar, *dei,* cô presente do mesmo modo do verbo dicir, *dín.* Non se pode dicir: *Eu dín cartos a meu pai,* por *eu dei cartos,* etc. Co' este exempro veráse mais craramente o bon emprego: *Meus irmans dín que non dei eu nada a meu pai.*

O mesmo que *facer* conxúganse os verbos *afacer, desfacer, refacer, contrafacer.*

Teñen igual conxugación que *dicir* os verbos *desdicir, contradicir, maldicir, predicir.*

132. **Por=poñer** **Querer** **Poder**

MODO INDICATIVO

PRESENTE

Poño	Quero	Podo
pos	queres	podes
pon	quêr	pode
poñemos	queremos	podemos
pondes=poñedes	queredes	podedes
poñen	queren	poden

PASADO IMPERFEITO

Poñía	Quería	Podía
poñías	querías	podías
poñía	quería	podía
poñíamos	querían	podíamos
poñíades	queríades	podíades
poñían	querían	podían

PASADO PERFEITO

Puxen	Quixen	Puiden
puxeche	quixeche	puideche
puxo	quixo	púido
puxemos	quixemos	puidemos
puxestes	quixestes	puidestes
puxeron	quixeron	puideron

PASADO MAIS QUE PERFEITO

Puxera	Quixera	Puidera
puxeras	quixeras	puideras
puxera	quixera	puidera
puxéramos	quixéramos	puidéramos
puxérades	quixérades	puidérades
puxeran	quixeran	puideran

FUTURO IMPERFEITO

Porei *ou* poñerei	Quererei	Poderei
porás, etc.	quererás, etc.	poderás, etc.
porá		
poremos		
poredes		
porán		

MODO IMPERATIVO

Pon	Quere
poña	queira
ponde *ou* poñede	querede
poñan	queiran

MODO SUBXUNTIVO

PRESENTE

Poña	Queira	Poida
poñas	queiras	poidas
poña	queira	poida
poñamos	queiramos	poidamos
poñades	queirades	poidades
poñan	queiran	poidan

PASADO IMPERFEITO

Puxera, poría, puxese	Quixera, querería	Poidera, podería
puxeras, etc.	quixese, etc.	puidese, etc.
puxera, etc.		
puxéramos		
puxérades		
puxeran		

PASADO PERFEITO

Puxer	Quixer	Poider
puxeres	quixeres	poideres
puxer	quixer	poider
puxéremos	quixéremos	poidéremos
puxéredes	quixéredes	poidéredes
puxeren	quixeren	poideren

Presente; xerundio:

Pondo *ou* poñendo Querendo Podendo

Pasado; participio:

Posto Querido *ou* quirido Podido

133. O mesmo que o verbo *pôr* ou *poñer* conxúganse os derivados *apor*, *compor*, *dispor*, *repor*, *traspor*, etc.

Este infinitivo en *or* ê unha contraición de *oer*, así de *poer* fíxose *pôr* para facer mais doce o son.

134. **Saber** **Caber** **Traer**

MODO INDICATIVO

PRESENTE

Sei	Cabo	Traio
sabes	cabes	trâs=traes
sabe	caben	trai
sabemos	cabemos	traemos
sabedes	cabedes	traedes
saben	caben	traen

PASADO IMPERFEITO

Sabía	Cabía	Traía
sabías	cabías	traías
sabíamos, etc.	cabíamos, etc.	traíamos, etc.

PASADO PERFEITO

Souben=soupen	Couben=coupen	Trouxen
soubeche=soupeche	coubeche=coupeche	trouxeche
soubo=soupo	coubo=coupo	trouxo
soubemos=soupemos	coubemos=coupemos	trouxemos
soubéstedes	coubéstedes	trouxéstedes
souberon=souperon	couberon=couperon	trouxeron

PASADO MAIS QUE PERFEITO

Soubera=soupera	Coubera=coupera	Trouxera
souberas, etc.	couberas, etc.	trouxeras, etc.

FUTURO IMPERFEITO

Saberei	Caberei	Traerei
saberás	caberás, etc.	traerás, etc.

MODO IMPERATIVO

Sabe	Cabe	Trai
saiba=seipa	cábea=queipa	traia (*)
sabede	cabede	traede
saiban=seipan	cábean=queipan	traian

(*) De novo repetimos que *traia* debe lêrse como *traya*. Cando o *i* non leva acento tên valor de consoante.

MODO SUBXUNTIVO

PRESENTE

Saiba=seipa	Cábea	Traia
saibas, etc.	cábeas, etc.	traias, etc.

Como *traer* conxúganse os verbos *retraer*, *distraer*, *contraer*, *atraer*, etc.

PASADO IMPERFEITO

Soubera, sabiría, etc.	Coubera, etc.	Trouxera, etc.

FUTURO IMPERFEITO

Souber	Couber	Trouxer
souberes, etc.	couberes, etc.	trouxeres, etc.

MODO INFINITIVO

IMPERSOAL

Saber	Caber	Traer

PERSOAL

Saber eu	Caber eu	Traer eu
saberes ti, etc.	caberes, ti, etc.	traeres ti, etc.

Presente; xerundio:

Sabendo	Cabendo	Traendo

Pasado; participio:

Sabido	Cabido	Traído

135. **Ir** **Vir** **Saír**

MODO INDICATIVO

PRESENTE

Vou	Veño	Saio *ou* sallo
vas	vês	saís
vai	vén	sai
imos	vimos	saímos
ides	vides	saídes
van	veñen	saen

PASADO IMPERFEITO

Iba	Viña	Saía
ibas	viñas	saías
iba	viña	saía
íbamos	víñamos	saíamos
íbades	víñades	saíades
iban	viñan	saían

PASADO PERFEITO

Fun	Viñen	Saín
fuche	viñeche	saíche
foi	veu	saíu *ou* saeu
fumos	viñemos	saímos
fústes	viñestes	saístes
foron	viñeron	saíron

PASADO MAIS QUE PERFEITO

Fora	Viñera	Saíra
foras	viñeras	saíras
fora	viñera	saíra
fóramos	viñéramos	saíramos
fórades	viñérades	saírades
foran	viñeran	saíran

FUTURO IMPERFEITO

Irei	Virei	Sairei
irás, etc.	virás	sairás, etc.

MODO IMPERATIVO

Vai	Ven	Sai
vaia	veña	saia
ide	vide	saíde
vaian	veñan	saian

MODO SUBXUNTIVO

PRESENTE

Vaia	Veña	Saia *ou* salla
vaias	veñas	saias
vaia	veña	saia
vaiamos	veñamos	saiamos
vaiades	veñades	saiades
vaian	veñan	saian

PASADO IMPERFEITO

Iría	Viñera, viría, etc.	Saíra, sairía, saíse
irías	viñeras, etc.	saíras, etc.
iría	viñera, etc.	saíra, etc.
iríamos	viñéramos	saíramos, etc.
iríades	viñérades	saírades, etc.
irían	viñeran	saíramos, etc.

FUTURO IMPERFEITO

For	Viñer	Saír
foras, etc.	viñeres	saíren, etc.
	viñéremos	
	viñéredes	
	viñeren	

MODO INFINITO

IMPERSOAL

Ir	Vir	Saír

PERSOAL

Ir eu	Vir	Saír
ires tí	vires	saíres
ire él	vire	saíre
irmos nós	virmos	saírmos
irdes vos	vírdes	saírdes
iren eles	viren	saíren

Presente; xerundio:

Indo Vindo Saíndo

Pasado; participio:

Ido Vido Saído

136. Os tempos compostos, que non poñemos aquí, conxúganse côs auxiliares *têr* ou *haber*, sempre prefirindo o primeiro, seguidos do participio.

O verbo ir no presente de subxuntivo tên ademais as formas *vaa, vaas, vaan, vaamos, vaades, vaan.* Non s' estilan pol-os escritores modernos.

O verbo *vir* tên no presente d' indicativo na segunda e terceira persoa do prural a forma *vindes* ou *vên,* dialectás. E na primeira persoa do pasado perfeito temos que escribir *viñen,* e non *vin* como adoitan algúns, porque a segunda forma ê do verbo ver.

Os verbos *caír* e *saír* teñen a mesma conxugación.

137. Rexistraremos aquí as irregularidades dos verbos seguintes.

138. **Andar**

Ind. P. Per. Andive=andei, andiveche, andivo=andou, andivemos, andivéstedes=andivestes, andiveron.

Sub. P. I. Andivera, andaría, andivese = andase, andaras, andiveses=andases.

F. I. Andivere=andiver, andiveres, andivere=andiver, etc.

139. **Crêr.**

Ind. Pres. Creo, crês, crê, crêmos, crêdes, crên.

P. I. Cría, crías, cría, etc.

P. Per. Crín, críche, crêu, crimos, crêstedes=crêstes, crêron.

F. I. Crerei, crerás, creremos, creredes=crerés, crerán.

Imp. Crê, crea, crede, crean.

Sub. Pres. Crea, creas, crea, creamos, creades, crean.

P. I. Crêra, crêría, crêse, crêras, crêrías, crêses, etc.

F. I. Crêr, crêres, etc.

Xerundio. Crêndo.

Part. Crido.

140. **Doer**

Ind. Pres. Doio, does=doies, doe=doi, doemos, doedes, doien =doen.

Sub. Pres. Doia, doias, doia, etc.

141. **Ouir=Ouvir=Ouzar**

Ind. Pres. Oio=ouzo, oies=ois=ôs=ouves=ouces, oie=oi= ouve=ouce, oímos, oien=oucen

P. I. Oía, ouía=ouvía, oías=ouías=ouvías, etc.

P. Per. Oín=ouír=ouvín, oiche=ouiche=ouviche, oiu=ouiu =oieu=oeu=ouvín, oímos=ouímos, oístedes=oistes, oiron= ouiron=ouviron.

F. I. Oirei=ouirei, oirás=ouirás, etc.

Imp. Oi ti=oe ti, oia él, oide vos=ouvide vos, oian eles.

Sub. Pres. Oia=ouza, oias=ouzas, etc.

P. I. Oíra=ouvira, oiría=ouiría, oise=ouvise, etc.

F. I. Oír=ouír=ouvir, oíres=ouires=ouvires, etc.

Xer. Oíndo=ouindo=ouvindo, ouzando.

Part. Oído=ouído=ouvido, ouzado.

142. **Rir**

Ind. Pres. Río, ris, rí, rímos, rides, rin.

Sub. Pres. Ría, rías, ría, riamos, ríades, rían,

Imp. Rí, ría, ride, rían.

143. **Roer**

Ind. Pres. Roio, roies=roes, roemos, roedes, roien=roen.

Sub. Pres. Roa=roia, roas=roias, etc.

144. Son verbos impersonás aqueles que sômente se usan no infinito e na terceira persoa do singular dos demais tempos.

Son impersonás os siguintes verbos: *alborexar, amañecer, anoitecer, diluviar, estrelecer, chover, lostregar, nevar, orvallar, piniscar, saraviar, tronar, ventar, xiar.*

Como inda que se usan na terceira persoa, o axente non se determina tendo que buscar idealmente al-

gúns, chámanse impersonás; v. g.: «Cando *deus* amañeza irei por ti». «*Estrelece* a felicidade na noite dos meus pensamentos».

Os verbos *amañecer, estrelecer, anoitecer* e *alborexar,* tamén se usan na terceira persoa do prural en xiros coma este: «Xa *alborexan* os días da redención». «Xa *estrelecen* os luceiros no serán». «Os paxaros *anoitecen* na silveira».

145. O verbo ausiliar *haber* tamén ê impersoal cando se usa para asinalar tempo ou cantidade. Exempros: «*Hai* moitos homes na foliada». «*Hai* cen anos que tal cousa pasou». «*Houbo* desgracias a vao».

CAPÍTULO VI

DO PARTICIPIO

146. O participio ê unha palabra derivada do verbo, que unhas veces tên o senso d' este e outras son verdadeiros calificativos.

147. Poden ser activos ou pasivos: *ameigante* ê a persoa ou cousa que ameiga, *ameigado* o que sofreu o efeito de ameigar.

148. Os participios regulares activos fanse coa terminación en *ante*, como *semellante* para a primeira conxugación, e en *ente* para a segunda e terceira, como *merecente*, de merecer, *escrebente* d' *escrebir*.

Os participios regulares pasivos finan en *ado* para a primeira conxugación, como *semellado*, e os da segunda e terceira en *ido*, como *merecido*.

149. Ademais d' estas terminaciós, hai en galego participios irregulares en *erto, esto, eito, oito, to, so, do, o,* que se chaman irregulares. Exempros: *cuberto, comesto, ergueito, enxoito, morto, aceso, nado, tido, ceibo.*

Moitos participios teñen a forma regular e mail-a irregular. Pódese decir: *cuberto* ou *cubrido*, *comesto* ou *comido*, *ergueito* ou *erguido*, etc. Outros non teñen mais que a forma irregular como *resolto, volto, enxoito*, etc.

150. Por consideralo de moito interés poñemos aquí una táboa dos principás participios galegos que teñen as duas formas ou unha sômente:

Verbos	Part. regular	Part. irregular
Abolir	abolido	
Abranguer	abranguido	
Abrir		aberto
Acender	acendido	aceso
Acudir	acudido	

Verbos	Part. regular	Part. irregular
Afacer		afeito
Afrixir	afrixido	
Antepôr		anteposto
Apracer	apracido	
Arrendear	arrendeado	
Aterse	atido	
Atinguir	atinguido	
Brandir	brandido	
Caber	cabido	
Ceibar	ceibado	ceibo
Cobrir	cubrido	cuberto
Comer	comido	comesto
Competir	competido	
Confesar	confesado	confeso
Compôr		composto
Compracer	compracido	
Coller	collido	colleito
Conquerir	conquerido	
Contêr	contido	
Convencer	convencido	
Cuspir	cuspido	cuspeito
Decaír	decaído	
Decir		dito
Defender	defender	
Depinicar	depinicado	
Depôr		deposto
Desfacer		desfeito
Descompôr		descomposto
Descubrir	descubrido	descuberto
Descrêr	descrido	
Despir=espir	espido	
Detêr	detido	
Dispôr=dispoñer		disposto
Elexir	elexido	eleito
envolver	envolvido	
Enxugar	enxugado	enxoito
Encher	enchido	cheo

Verbos	Part. regular	Part. irregular
Erguer	erguido	ergueito
Escorrir=escurrir	escorrido	escorreito
Fartar	fartado	farto
Facer		feito
Fedêr	fedido	
Ferir	ferido	
Fixar	fixado	fixo
Fritir	fritido	frito
Fuxir	fuxido	
Gastar	gastado	gasto
Impôr		imposto
Imprentar	imprentado	impreso
Ir	ido	
Inxirir	inxirido	inxerto
Lucir	lucido	
Manter	mantido	
Matar	matado	morto
Morrer		morto
Nacer=nascer	nacido	nado
Opôr		oposto
Pechar=fechar	pechado	pecho
Por=poñer		posto
Pospôr		posposto
Pracer	pracido	
Propôr=propoñer		proposto
Recaír	recaído	
Refacer		refeito
Retêr	retido	
Resolver	resolvido	resolto
Rir	rido	
Romper	rompido	
Saber	sabido	
Saír	saído	
Salvar	salvado	salvo
Secar	secado	seco
Soltar	soltado	solto
Sospeitar	sospeitado	sospeito

Verbos	Part. regular	Part. irregular
Suxeitar	suxeitado	suxeito
Surxir	surxido	
Têr	tido	
Tinxir	tinxido	
Torcer	torcido	torto
Toller	tollido	tolleito
Xiar	xiado	
Xuntar	xuntado	xunto

Os verbos *abranguer, atinguir, tanguer,* teñen etimoloxía contaminada, pois deberan ser *abranxer, atinxir, tanxer.* Nesta última forma teñen sido usados por algús escritores, e na lingua portuguesa escríbense *abranger, attingir, tanger.* Poden, pois, empregarse as duas formas, e pol-o mesmo os dous participios.

CAPÍTULO VII

DO ADVERBIO

151. Levan o nome d' adverbios aquelas palabras indecrinabres que sirven para modificar a sinificación dos verbos, dos adxetivos ou d' outros adverbios.

152. Nas frases: *traballa fortemente, corre moito, dabondo esmorecido, demasiado cedo,* os adverbios *fortemente, moito, dabondo, demasiado,* modifican o senso das palabras âs que se xuntan. O mais corrente ê que se xunten cô verbo, pois fan co' este un semellante oficio que o adxetivo cô sustantivo.

153. Poden ser simpres ou compostos: simpres son os de unha palabra sô, como *cedo, lonxe, hoxe, mañán;* e compostos os de mais d' unha, como *embora* (en-boa-hora), *noutrora* (en-outra-ora), *entre lusco e fusco.*

154. **De lugar**

Abante	Acolá	Enriba
Adiante	Atrás	Embaixo
Acaron	Aquí	Encol
Arrente	Algures	Fora
Arredor	Cabo de	Lonxe
Acá, acó	Cerca	Onde
Ahí	Dentro	Preto
Alí	Derredor	Ningures
Alá, aló	Debaixo	Xunto

155. As formas *eiquí, ehí, elí, atrais,* non se hachan nos documentos e traballos literarios antigos: son xeitos dialectás, principalmente no sur de Galicia.

Acá ê mais cerca que *acó.*

Aló ê mais lonxe que *alá, acolá, alí.*

Preto ê menos cerca que *acaron, arrente.*

156. **De tempo**

Arastora	Tarde
Agora	Serán (hora do)
Ainda=inda	Sempre
Asemade (enseguida)	Decote
Hoxe=oxe	Decotío
Onte	Xa
Antonte	Nunca
Nantronte (antes d' onte)	Xamais
Mañán=mañá	Antano
Denantes=antes	Outrora
Logo	Noutrora
Despois=depois	Enton=estonces
Cedo	Daquela=enton
Cando	Mentres=mentras
	Namentras

157. *Decote* e *sempre* teñen sinificación semellante, inda que a primeira tên senso mais absoluto; v. g.: «*Sempre* estou pensando na terra, e quixera dormir nela *decote* o sono da morte».

Axiña ê mais axiña que *logo;* v. g.: «¿Cando pensas ir ao traballo?» — «*Logo* irei». — «Non, vai *axiña,* agora mesmo, que os teus fillos non teñen mantenza».

Arastora, que sinifica *neste momento,* ê unha palabra feita por aglutinación de *á esta hora,* como *noutrora* ven de *en outra hora.*

Daquela, equivalente a *entón,* ê moi usada nas Mariñas de Betanzos e n-unha gran parte da provincia da Cruña.

Ainda e *inda* teñen o mesmo senso, mail-o primeiro úsase como abverbio simpre, e o segundo cando vai en compaña da conxunción *que.* Exempro: «*Ainda* non no ê chegado o tempo da loita, *inda que* os loitadores o desexen.»

158. **De cantidade**

Moi=mui	Tan
Moito=muito	Tanto
Pouco	Mais
Abondo, d'abondo	Menos
Avau=avao	Siquera=xiquera
Casi	Sômente
Cáxeque (casi-que)	Ademais

159. As variantes *moi=mui, moito=muito, avao =avau,* obedecen ao principio de vocalización espricado no número 13.

Os adverbios *mais* e *ademais* trocan o *s* en *l* nos casos asinalados no número 24.

160. **De modo**

Ben	Como	Endeben
Mal	Arrente	Endemal
Así	Arreo	Adrede
Casi	Aheito	Asimesmo

161. Os adxetivos trócanse en adverbios de modo póndolles o sufixo *mente;* v. g.: *boamente, malamente, agarimosamente.* Algunhas outras palabras adimiten tamén tal sufixo como en *mesmamente, cuasemente,* inda que non convén abusar destes adverbios. A forma *mentes (mesmamentes, malamentes)* úsase moi pouco, e dende logo aconsellamos que se desbote o seu emprego por incorreito.

162. **D' afirmación**

Sí	Verdadeiramente
Certo	Abofé = abofellas
Tamén	Ainda = inda mais

De negación e duda

Non	Namais
Tampouco	Quizais
Non mais	Seica=seique

As formas *cecais, quizabes, cicais,* son bárbaras.

Adverbios compostos

163. Chamamos así aos modos adverbiales de mais d' unha palabra ou tamén â aqueles que se fan con sustantivos ou calificativos empregados adverbialmente.

A feito=aheito
A miudo=decotío
De súpeto=sin esperalo
As veces=de vez en cando
De camiño=ao mesmo tempo
De contado=axiña, logo, seguidamente
De cando en cando
Entre lusco e fusco
Ao fin=finalmente
D' hoxe en diante
De mañâ=de mañán
De lonxe
En algures=en algunha parte
En ningures=en ningunha parte
De alén=de alá, de lonxe
De ningunha sorte=de ningunha maneira
Pé ante pé=paseniñamente
A feixe=en montón
A palpadelas=á tentas
A retesía=á porfía
As carreiras=con prêsa
As pousas=âs xeiras
A vultúntun=de calquera maneira
De man tenta=adrede
De moca=de valde
De romplón=d' unha vez
En riola=en ringleira
As xeiras=as pousas
Pol-a contra
Cabo de ...=preto de ...
Pol-a bella=abondosamente, sín medida

CAPÍTULO VIII

DAS PREPOSICIÓS

164. Preposición ê unha palabra invariabre que se antepón á outra para asinalar a relación que hai entre esta e certas partes do discurso.

As preposiciós que figuran separadamente na oración chámanse propias; e as que se xuntan âs palabras, en calidade de prefixos, facendo unha sômente, impropias.

165 **Preposiciós propias**

á	deica	para=pra
ante	de	su
baixo	dende=desde	sobre=sober
cara	en	sin
con	entre=antre	según
contra	hasta (*)	tras
descontra	onda	

166. Cando unha preposición vai xuntamente c'un adverbio, forma unha preposición composta da crase das calificadas propias: v. g.: *arredor de, despois de, conforme á, enriba de, debaixo de, diante de, detrás de, dentro de, fora de, preto de, acaron de, cabo de, arrente de, preto de, preto á.*

167. A preposición *por* troca o *r* final en *l* por razós de eufonía, según xa se dixo no número 40, cando lle siguen os artículos *o, a.*

(*) Na «Crónica Troyana» figuran as preposiciós *ata, atra, fasta*; a primeira mais xeneralmente usada. A preposición *até* ê portuguesa sômente, e non debemos empregala porque temos a equivalente no galego.

A preposición *de* sufre elisión do *e* cando lle sigue artículo ou pronomes demostrativos: *do, da, dos, das, deste, daquel,* etc. Tamén se elide o *e* cando lle sigue nome que comence por vocal: *d' Anceis, d' ourente, d' oxe.*

A preposición *en* perde o *e* cando lle sigue artículo ou pronome demostrativo, xuntándose o *n* coa siguente palabra: *no, na, nos, nas, naquel, neste, nese,* etc. (*)

A preposición *á* xúntase ao artículo masculino facendo unha dicción: *ao, aos.* Cando lle sigue o artículo femenino *a* longo que escribimos *â=aa.*

168. A preposición *deica* e unha palabra feita por aglutinación da frase *de aqui á.*

Son formas bárbaras *trais, detrais, hastra, asegun, didiante.*

Preposiciós impropias

169. Hai preposiciós propias que son algunhas veces do segundo grupo, ou sea impropias, cando se prefixan ao verbo, exempros: *agardar, afacerse, encomenzar, deprender, compor, antecoller, entremeterse, sobrelevar, sulagar, traspôr,* etc. Estos verbos levan como prefixos as preposiciós *a, en, de, con, ante, entre, sobre, su, tras.*

170. As inseparabres das palabras son *des, dis, e, in, im, inter, pre, pro, re, sub, hiper, hipo.*

Véxanse os números 57 e 58, onde indicamos o senso d' estas preposiciós, e as variantes que algunhas d' elas sufriron na nosa fala.

171. Hai verbos, nomes e calificativos, que conservando a sua sinificación, levan ou non a preposición *á,* como: *garimoso=agarimoso, amora=mora, vespa = avespa, marelo = amarelo, bafar = abafar, sosegar=asosegar, soprar=asoprar, semellar=asemellar,* etc.

(*) Véxase o que se dí sobre este particular no número 61 ao tratarmos do artículo.

CAPÍTULO IX

DA CONXUNCIÓN

172. A conxunción ê outra parte invariabre que tên por obxeto axuntar unhas oraciós ou palabras con outras.

Copulativas

173. Como este nome indica, son as que axuntan sinxelamente palabras e oraciós.

E — I

174. «Xan *e* Pedro; as boas almas aman *e* as cativas odian».

En certas partes de Galicia, dinantes de palabra que comence con vocal, adoitan pronunciar *i*, de maneira que din «Xan *i*-Antón». O uso da conxunción *i* ê dialectal. (*)

(*) Como ê sabido esta conxunción antigamente escribíase *et*, e despois perdeu o *t*, quedando na forma actual *e*, que ê un dos monosílabos atonos. Entendemos que non debe escribirse d' outra maneira, calquera que sea a palabra que lle siga. Pondal, o escritor mais sabido e esgrevio no noso idioma, usou sempre *e*, ainda seguindo palabra que comenzase por vocal. Véxanse estes dous exempros do grorioso bardo:

«Dos propios acentos
Tiveran vergonza;
De cautivos falaran palabras,
De servos *e* ilotas.

Deixáran os doces
Acentos xocundos
Por estranas palabras de servos,
Ignaros *e* escuros.»

Nin

175. Ademais de axuntar tên senso de negación. «*Nin* eu *nin* ti temos d' ir a Sada; *Ninguén* quer traballar *nin* siquera deixan que traballen os demais».

Nas oraciós que comenzan con *non,* adverbio, e mal costume reemplazalo por *nin.* Estaría mal dito: «*Nin* quero que deixes *nin* que me leves». En bon galego debe de se dicir: «*Non* quero que me deixes *nin* que me leves».

Nen ê arcaica, e algús escritores modernos úsana en lugar de *nin.*

Que

176. Cando este verbo ê pronome axunta un nome á un verbo, cando ê conxunción une un verbo á outro.

O emprego d'esta palabra non ofrece dúbida algunha.

Disxuntivas

177. Estas conxunciós sirven para unificar a diferencia entre duas cousas ou persoas.

Pertenecen á este grupo *ou, xa, ben, quer.*

Exempros: «Pedro *ou* Francisco irán mañán â feira». «*Xa* veñas tí *xa* veña teu pai o traballo faráse». «*Ben* tí ou *ben* teu pai non faltaredes â representación de «Minia». «*Quer* de día *quer* de noite faremos o que nos mandou o mestre».

Xa e *ben* fan tamén o oficio d' adverbios en outros casos.

No galego crásico têns e empregado a conxunción *ora,* que sería ben poñela de novo en uso no linguaxe literario, sobre todo porque ainda ê corrente entre o pobo. Esta conxunción di o mesmo que *xa,* e resulta mais eufónica.

Adversativas

178. Sinifican diferencia entre o que se díxo e o que se tên que dicir.

Estas conxunciós son *ma, mas, mais, pero, descasí, ecomasí, contodo.*

As duas primeiras teñen pouco uso, porque unha ê dialectal e outra ê mais propia do portugués. A forma *pro*=*pero* ê contractiva.

Exempros: «Eu teño que ir á Sada cando haxa tranvía, *mais* non sei se para enton estarei aquí». «Quero escribir, *pero* non teño papel». «Iremos aló *descasí* queiran ou non». «Moitas dificultades atoparemos; *contodo* compriremos cô noso deber».

Condicionás

179. Sinifican a necesidade de que se faga algunha cousa baixo determinada condición. En galego son: *se, sí, conque, como.*

Exempros: «*Se* me queres vou contigo». «*Sí* ese home anda, andarei eu tamén». «Estou de mal xenio, *conque* olla o que dis». «*Como* ti queiras farase o noso traballo».

Véxase nos exempros postos que *si* empregase sômente cando a palabra que sigue comenza con e, como *si ese,* en lugar *se ese.*

Causáles

180. Son aquelas conxunciós en que s' esprica a razón d' unha cousa. *Pois, porque, que, como,* sirven para este fin, e o seu emprego non ten dúbida.

---

181. Hai outras conxunciós, á saber:

De concesión: *Anque, inda que.*

De ilación: *Logo, conque.*

De comparación: *Ca, como* ou *coma* (despois de *tan*).

De tempo: *Cando, mentras, asemade, desque.*

Algunhas palabras de senso indeterminado pódense calificar d' adverbios conxuntivos, porque en realidade presentan a sinificación d' uns e d' outros; v. g.: *conforme, orasme, ademais.* Outras conxunciós están compostas de mais d' unha voz, como *descasí*= des-que-así; *ecomasí*=e-como-así; *conque*=con-que.

182. **Conxunciós compostas**

Cô aditamento da conxunción *que* fanse conxunciós compostas, que podemos chamar modismos conxuntivos, como se ve nas seguintes:

Así que	Inxente de que=ademais de que
A fin de que	Mais que
Anque sea	Mais axiña que
Ben que	Non sendo que
Cando que	Onde non
Con tal de que	O pronto que
Deica que	Para que
Despois que	Por canto mais que
De sorte que	Pois que
De maneira que	Por eso
D' outra sorte	Para canto mais que
En canto que	Pol-o moito que
E pois que	
Hasta que	Se non que
Inda que sea	Unha vez que
No intre que	Xa que

CAPÍTULO X

DA INTERXEICIÓN

183. Chámanse así âs palabras que de maneira espontánea espresan o efecto que espertan no noso ánimo o que vemos, sentimos, lembramos, ouvimos ou queremos. Endeben, as interxeiciós mais que palabras son oraciós enteiras porque sinifican un sô estado da nosa alma, inda que de xeito sintético; e pol-a particularidade de seren espresadas xeneralmente c' unha sô voz, poden ir na compaña das demais oraciós sin perxudicar o senso d' elas.

Nas frases: «Ai, do que leva na frente unha estrela,—Ai! do que leva no bico un cantar,» (*) a interxeición *ai* perde o seu carácter de tal acadando a sinificación de *infertunado, infeliz, desgraciado.*

A palabra *oh* que precede aos vocativos na declinación, ê tamen unha interxeición, e pol-o mesmo podemos dicir que os vocativos non son outra cousa que nomes empregados en senso interxeitivo.

Poremos aquí algunhas das principás interxeiciós:

	Sinificado
Ai!	Sorpresa, dôr, amenaza.
Arre!	Para azuzar as bestas.
Asús!	Terror, ademiración.
Boh!	Desprecio, indiferencia.
Bah!	O mesmo senso que a derradeira.
Canté!	Afirmación, *eso* ê.
Ca!	Dúbida, negación.
Ei!	Para dar ánimos.
Gache!	Para escorrental-os gatos.

(*) Curros Enríquez: poesía adicada â morte de Rosalía Castro.

	Sinificado
Hala!	Para animar ao traballo.
Hou!	Ademiración, sorpresa, dôr.
Hui!	Sorpresa dôrosa, queixa.
Isca!	Parà escorrentar as galiñas.
Oh!	Ademiración vocativa.
Olla!	Escoita, atende con cuidado.
Oi!	O mesmo senso que *hui!*
Ou!	Semellante a *oh!*
Oxalá!	Cubiza de que unha cousa sea.
Ora!	Conminación, rogo en ton de burla.
Malia!	Contraición de *mal haxa.*
Miña xoia!	Para aloumiñar.
Malpocado!	Para demostrar lástima.
Terra a nosa!	Que non hay terra como Galicia.
To!	Para detêl-os bois,
Uf!	Demostración de que unha cousa fede
Vaites!	Satisfaición, coincidencia.
Xo!	Para detêr as bestas.
Zas!	Que unha cousa fíxose súpitamente.

TERCEIRA PARTE

SINTÁXIS

184. Esta parte da gramática insina as relaciós que deben de gardar unhas verbas con outras de maneira que cheguen á compôr oraciós que traduzan comenentemente o senso do que se queira dicir.

En todal-as gramáticas divídese esta parte en regular e irregular. A primeira insina a concordanza, réxime e composición; mais como en todal-as falas neo latinas a sintáxis regular ê conoscida, inda que non s' estude, pois ben se sabe que o artículo vai primeiro que o nome, o adxetivo xuntamente cô nome, etc., faremos aquí un exame da sintáxis galega, aténdonos ao uso e tradición literaria, e seguindo o orde asinalado no estudo da morfoloxía.

Artículo

185. O artículo anteponse aos sustantivos ou á outras palabras sustantivadas, concordando co' eles en xénero e número.

Cando os sustantivos levan pronome posesivo, ponse sempre o artículo, calquera que sea o orde en que vaian: exempro: *A terra nosa* ou *a nosa terra; a miña filla* ou *a filla miña; os meus eidos* ou *os eidos meus*, etc.

Cando o sustantivo ê persoal pode levar ou non o artículo: *Mañán irá a Betanzos teu irmán*, ou *mañán irá a Betanzos o teu irmán.*

Se un adxetivo vai dinantes do sustantivo, levan tamén o artículo, v. g.: *A meiga lua, o rico fidalgo, os bôs homes.*

Tamén se pon artículo cando os verbos van sustantivados. Exempros: *O andar cansa moito, o beber mata a sede.*

186. En xeneral non s' antepón o artículo á nomes propios. En algures de Galicia lévano, inda que en senso de certa familiaridade ou inferioridade, v. g.: *O Xaniño, a Pastoriza.* (*) Cando os nomes propios son alcumes, tamén levan artículo: *O Escachado púxose bébedo, o Carruxo non ten sona.*

Levarán asímesmo artículo, os nomes das cinco partes do mundo, as naciós, comarcas, ríos e montes, v. g.: *a Europa, a Francia, os Estados Unidos, o Riveiro, o Miño, o Breamo, a Capelada.* Cando os nomes de cidades ou provincias levan artículo ê porque foron primitivamente nomes comús. Exempros: *As Pontes, As Pedras longas, O Porto de Mera,* etc.

187. O artículo indefinido anteponse á sustantivos indeterminados: *Ese ê un feito d' un home de ben; vin unha muller que non conoscin; foron uns rapaces os que fuxiron.*

Pónse tamén aos nomes comús: *Un monte, unha leira, uns cadelos;* e aos nomes de moita sona, cando se fai co' eles unha comparanza: *Esa poesía ê propia d' un Curros Enríquez; sômente un Feixóo podía dicir cousas tan fondas.*

Substantivos e Adxetivos

188. Os sustantivos e adxetivos concertan en xénero e número: *Home bô, mulleres boas.*

Algús adxetivos sômente concertan cô nome en número: *Barco grande, lanchas grandes, home infame, almas infames.*

(*) Certo escritor, n-unha obriña teatral que fai pouco saeu do prelo, fala así por boca d' un dos seus persoaxes: «Iste velador ten rubido pol-o ar. Dendes do Salomón hastra o Jesu-Cristo, pasando pol-o Sócrates e o Bismark, acudiron âs nosas invocacións os mais grandes homes da humanidade».

189. O calificativo pódese poñer dinantes ou despois do nome, así se dí *bon home* ou *home bô* (82), *muller feiticeira* ou *feiticeira muller.*

A diferencia de colocación do calificativo dá algunhas veces diferente senso â frase: *home probe* ê aquel que non tên bês, e *probe home* e unha persoa de pouco valer ou creto; *muller cativa* ê a pequena d' estatura, *cativa muller* cando non tên bôs procederes.

O adxetivo *medio* concerta sômentes cô sustantivo en xénero: «*medio* neto de viño, e *media* libra de pan».

190. Algunhas veces os sustantivos e adxetivos levan interposto a preposición *de,* donándolle â frase certo senso de gabanza ou mágoa de carácter familiar. «A boa *da* señora Xuana falaba cô coitado *de* Pedro. O bon *do* vellino non puido coa alma *de* can *do* cacique».

191. Na palabra composta de dous adxetivos, o primeiro mantén sempre a forma invariabre en xénero e número, finando en *o* atono: «Sociedade agrario-mariñán»; «comercio cubano-galego»; «guerra franco-alemana»; «idioma galaico-portugués».

Pronomes

192. O bon uso e colocación dos pronomes na conversa ê o que dá mais enxebreza ao galego.

E comenente têr en conta que os pronomes *me, te, che, lle, lles, se, o, a, os, as, nós, vos* non deben ir nunca no comenzo da oración: «Meu pai mandou*me* estudar», «Díxo*me* o mestre a verdade», «Quíxen*lle* contar unha historia», «Dixéron*vos* mentira». Resulta de moi mal gusto dicir nestes casos: «*me* mandou; *me* dixo; *lle* quixen; *vos* dïxeron». Son castellanismos que repunan ao ouvido galego.

193. Pode alterarse a colocación do pronome en algús casos, ganando en enxebreza a frase:

a) Cando ê frase de negación: «Que *me* non queira; *o* non vin; non se foi nin pensa en *se* marchar». Esto resulta mais conforme cô verdadeiro xeito galego que as formas que adoita empregar as xentes das vilas e moitos escritores dicindo: «Que non *me* queira; non-*o* vin; pensa en non marchar*se*».

«Algún día fun un xuncras,
Agora, mal pocadiño;
Xa *me* non queren as nenas
Porque vou acabadiño».

(CANTAR DO POBO).

b) Cando a forma ê interrogativa: «¿Quén *o* contou? ¿Víchel*o*? ¿Atopáchel*o*?»

c) Cando o verbo leva dinantes unha conxunción: «Eu non *lle* contei nada», «Tanto *a* quixen que se cansou», «Nin *ti* escribiche, nin *ela* o deixaría». Para esta regra esceptúanse as conxunciós *maís, pero, poís.*

194. Nos casos en que as formas pronominás van dinantes do verbo, ê mais corrente poñer entre d' eles outra palabra, v. g.: «Xa *me* non queda cousa algunha». «Corre, meu ruliño, corre, inda que *che* as pernas cansen». «Agora que m' *eu* hei d' ir, han de choral-as pedriñas». (*)

195. Cando as formas pronominás van rexidas por un verbo en infinito ou un xerundio precedido d' outro verbo, poden poñerse antes ou despois destes modos verbás: *Quérenos compoñer* ou *queren compoñelos; andivo para me roubar* ou *andivo para roubarme.*

196. Se o verbo que rixe ao infinito ou xerundio vai precedido d' algús adxetivos, adverbios ou conxunciós, deben tales pronomes ir dinantes do primeiro verbo ou despois do segundo, á non ser que o infinito leve preposición. Exempro: *¿Seique os vas levar?* ou *¿Seique vas levalos?*

(*) Cantares do pobo.

197. Se o xerundio non antecede inmediatamente á outro verbo obsérvase a primeira regra, como: *Dándome dous mil reás vendo o meu cabalo.* Cando a oración ê negativa o pronome precede ou non ao xerundio, v. g.: *Non me volvendo â casa,* ou *non volvéndome â casa.*

198. Cos verbos ausiliares *têr* e *haber* fórmanse oraciós compostas interpondo a preposición *de.* Neste caso o pronome *o* pode ir antes ou despois do verbo principal. Exempros:

— Hei de o querer
— Terei de o querer
— Hei de querelo
— Terei de querelo

199. O pronome *se,* cando vai en compaña dos demais, debe colocarse primeiro, non sendo cô caso de dativo *che,* que pode ir dinantes ou despois de *se* v. g.: *Fóisenos o rei, perdéuseme o libro, quixéronselle impôr. Mandáronseche cinco pesos,* ou *mandánchese sete ferrados.*

200. O pronome *te* tên o caso oblícuo *che,* de dativo, coa particularidade que non sempre neste caso se emprega. Usase côs verbos activos mais non côs recíprocos, que estes levan *te* en vez de *che,* v. gr.: *Douche de comer; doute á Deus de boa gana. Fareiche un favor, levareite para a miña casa.* (*)

O emprego da forma *che,* por certo moi poucas veces equivocada pol-os nosos escritores, sômente a práitica e o bon ouvido o insina. O idioma portugusé tamén a tiña no primeiro período da lingua, según vemos no «Cancioneiro do Collegio dos Nobres», mais agora perdérona.

(*) Diccionario galego, de Valladeres, páx. 150.

Poremos algús casos da nosa literatura neste particular.

Irás ao abrente do día
a yauga fresca catar,
da yauga do paxariño
que saúde *che* ha de dar.

(ROMANCE DO POBO).

Tribuno de servos,
meus nenos *che* traio;
doente *ch' os* deixo,
devólvemos sanos.

(M. CURROS ENRÍQUEZ).

¡Quen poidera decir*che* o que sofro
ao mirar*te*, esquecido mosteiro!

(ANTONIO REY SOTO).

201. O pronome *eu,* cando ê término de unha comparanza, trócase en *min,* v. g.: «Xan e mais grande ca *min*», «Coma *min* non hai ninguen que mail-a queira». Non sería correito o decirmos: «Xan e mais grande ca *eu;* coma *eu,* etc.

202. O pronome posesivo anteponse xeneralmente ao sustantivo. «A *nosa* terra; a *miña* leira; o *meu* libro». Mais tamén e correita a forma: «A terra *nosa;* a leira *miña;* o libro *meu*».

203. Os pronomes demostrativos xúntanse algunhas veces ao posesivo en frases como estas: «*Este meu* pensar ê triste; *esta miña* muller ê unha meiguiña; *aquel meu* cavilar vírame doudo».

204. Os pronomes interrogativos pódense referir á cousas ou persoas, menos *quen* que somente se refere á persoas.

205. Na conversa familiar faise uso d' algunhas formas pronominás, que por non seren precisas, chamarémolas pleonásticas. O carácter agarimoso do

noso idioma establece desta maneira unha relación de confianza familiar entre os conversantes.

Esta parte da nosa gramática sô pode insinala a práitica, así ê que poremos aquí algús exempros que poidan servir de norma xeneral.

Ai quen *che* anduriña fora
anduriña da outra banda
que ao meu amor un suspiro
no piquiño lle levara.

(CANTAR DO POBO).

Téñoche un can de palleiro
que de noite anda ceibado
e que lle roi as canelas
ao trasno mellor prantado.

(MARTÍNEZ FONTENLA).

Bótalle ao pote unha lengua de porco,
para engordar non *che* hai cousa como ela.

(CURROS ENRÍQUEZ).

Nestes casos axiña se ve que o pronome *che* non facía falla para que a frase estivera compreta.

206. Tamén o pronome *lle* fai xiros pleonásticos, v. g.: *Canséilleme moito,* en vez de *canseime moito; Vinlle un niño de carrizo,* en vez de *vin un niño de carrizo.*

En moitas frases pode poñerse indistintamente *che* ou *lle,* v. g.: *Vaiche boa* ou *vaille boa; Tenlle moito que ver* ou *tenche moito que ver.* Nesta forma pleonástica non ê ben determinado se os pronomes *che, lle* se refere á quen se fala.

207. Ainda hai outra forma pleonástica que podemos chamar duple, porque leva xuntamente os dous pronomes *che, lle.* Exempros: *Ténchelle moita tema; Ouvirónchello contar.*

Verbo

208. **Voces do verbo.**—No seu lugar dixemos xa (116), que inda que o idioma galego non tên voz pasiva ésta faise cô verbo sustantivo e ausiliar *ser* e o participio pasado do verbo que representa a idea principal. Exempro: «Os lobos matan âs ovellas», na voz pasiva dirase: «As ovellas son mortas pol-os lobos». En realidade a diferenza entre a voz activa e pasiva consiste na permuta do nominativo; o senso e sempre o mesmo.

No galego literario a forma pasiva nos verbos, empregada na medida comenente, dá certa enxebreza e elegancia âs frases. O gran bardo Eduardo Pondal, no seu popular e simbólico himno a Galicia, di:

> «*Os tempos son chegados*
> dos bardos das edades,
> que as vosas vaguedades
> cumprido fin terán. .»

Na «Crónica Troyana», o moimento literario que está limpo de castelanismos, emprégase decotío esta forma, e algunhas veces faise oración de pasiva en que o verbo *ser* tên semellanza, senon igualdade, con *estar;* exempros: «Cando el recebeu este señorío nós todos *eramos* xuntados». «E todos viron que seu irmao *era morto*». (*)

209. **Modos e tempos.**—Ao tratar da conxugación dos verbos temos falado d' algunhas particularidades que atinguen á esta materia.

Os tempos dos verbos poden sustituirse uns pol-os outros, según se verá nos exempros que siguen:

O presente d' indicativo trócase pol-o futuro en frases como estas: «S' eu *cavilo* como agora non houbera pasado o que pasou». «O ano que ven *é* ano en

---

(*) C. T. parte 1.ª, páx. 253 e 283.

que poremos fin âs nosas augurias». «Cando eu chegare se m' *enganas*, pesarache».

O imperfeito d' indicativo trócase algunhas veces no condicional en casos como estes: «Se foras mais valente, *mandábate* a guerra». «Nos tempos d' agora *coidaríame* de non me comprometer».

O futuro adoita tamén suprir ao presente do modo indicativo, como cando, por exempro, dicimos: «O telégrafo noticiounos o falescimento do pai de Francisco, e á estas horas que tristeza tan grande *terán.*»

O infinito reemplaza algunhas veces ao imperativo, o mesmo na forma negativa que na de afirmación. Exempros: «Non *andar* con lerias; non *calarse* agora; *andar* axiña que o tempo ê ouro; *vir* cedo»; que ê coma se dixéramos: «Non *andedes* con lerias; non vos *caledes* agora; *andade* axiña, etc.

Modo infinito

210. Xa sabemos que os verbos galegos teñen no infinito a forma impersoal como *falar, torcer, fuxir,* e logo na persoal teñen infleisiós para determinar a persoa e os números singular e plural, como en *falar eu, falares ti, falare el, falarmos nós, falardes vos, falaren eles.*

A forma impersoal do infinito emprégase cando o verbo se ademite en senso indeterminado, cando vai sustantivado ou cando sirve de compremento direito á outro verbo, sobre todo se non hai entre os dous ningunha preposición. Exempros: «O *escrebir* moito cansa os ollos; non *ê* bon *axudar* aos caciques; *andar* sempre direitos».

O infinito tên ademais un uso en que se repite o mesmo verbo, producindo frases quer adversativas quer de consecuencia Unhas veces vai o infinito antes do conxugado, e outras, despois. Exempros: «Como *facer fai* o que quer; Como *correr corre*, inda que non chegará a tempo; O amo *fixome facer* o tra-

ballo que tí non fixeche; Ela *veume ver* por moito coidado que tiven».

211. Outras veces o infinito do verbo fai uso d' ausiliar de sí mesmo, precedendo á un xerundio ou participio pasado, v. g.: «*Vir vindo* que xa comenzou a festa; De *têr tido* tempo non pasaría o que me dixeche; De *haber habido* homes non fóramos conquerídos; De *ser sido* certo non se gabaría agora».

212. *A forma persoal* do infinito, ou sea a conxugabre, debe usarse tendo en conta as regras que imos dar, que se terán en conta para evitar as incorreiciós que moitos escritores modernos cometen.

1.° Cando o verbo vai en infinito no comenzo da oración ou párrafo, precedéndolle preposición, adoita forma persoal. Exempros: «Ao *falares* conmigo non t' esquezas de quen eu son». «Para *vires* onde á min ven á modiño». «Sin *pidirmos* diñeiro á meu pai nada se pode facer». «Ao *chegaren* á Betanzos mercaron pan».

2.° Cando o infinito está lonxe do primeiro verbo inda que éste leve xa espresa a persoa, debe porse, aquel en persoal, exempros: ««*Viñeron* das Américas hai moito tempo sin que ninguen soupera nada, e ao *chegaren* â terra puxéronse alegres». Simprificando esta frase non debe pôrse o infinito persoal: «Viñeron de lonxe, e ao *chegar* puxéronse ledos», porque no primeiro verbo, *viñeron,* xa vai a persoa espresa, e repetíndoa despois cometeríase unha redundancia.

3.° O mesmo infinito persoal úsase como suxeto d' algunha oración, principalmente de verbo sustantivo, en que figura a persoa de que se fala, ou se quere facer lembranza dela. Exempros: «Foi comenente non llo *falares* ti». «A nós convennos *mercarmos* unha lancha». «Con esta friaxe é fácil *morreren* as galiñas». «O *morreren* meus pais foi causa da nosa emigración». «O *faceren* o que dixeche tróuxonos moitas angurias». Nestes exempros o infinito fai en realidade de nominativo ou suxeto da oración.

213. Tamén pode ir seguido d' un pronome afixo, facendo unha sô palabra: «Tiveron moita libertade para *falárense;* Quixeron moitas razós para *convencérense*». Esto tamén pode decirse, pondo dinantes do verbo o pronome, construcción moi clásica e usada no galego, v. g.: «Quixeron moitas razós para *se convenceren*». «Tiveron moito gusto en *se veren*».

Nestes casos derradeiros pode ir o segundo verbo en infinito impersoal porque no primeiro xa leva comprendída a persoa, e están cerca un do outro, v. g.: «*Tiveron* moitas razós para *convencerse*» ou «para se *convencer*». Debe terse moi en conta esta observación, pois o uso innecesario do infinito persoal fai estrana e pouco agradabre a oración. (*)

214. Volvemos á recordar que as formas personás non queren, nin no infinito conxugabre nin nos demais modos, que vaia espreso o pronome, pois xa a infleisión do verbo indícaas craramente. Poremos uns exempros:

Con infinito persoal	**Sin infinito persoal**
Ao chegares a Betanzos, visita a Irmanade.	Ao chegar tí á Betanzos, visita a Irmandade.
Ao chegarmos a Betanzos, falaremos co' el.	Ao chegar nós á Betanzos, falaremos co' el.
Ao chegardes a Betanzos...	Ao chegar vosoutros á Betanzos.
Ao falare díxome que non entendía.	Ao falar él dixome que non entendía.
Ao falaren vimos como era certo...	Ao falar eles vimos como era certo...

(*) No momento en que estou escribindo estas liñas, chega âs miñas mans un traballo dramático d' un autor ateigado do mais nobre ideal, pero con gran desconocemento das leises sintáxicas do noso idioma. Ao describire a escena di: «Emporiso, no ban *qu' imos ollarmos*, hai mobles de moito gusto...» Véxase que mal sona no ouvido galego: *qu' imos ollarmos.* A causa está en que no primeiro verbo xa está espresada a persoa e número, e non había necesidade de repetilo no segundo.

Na primeira e terceira persoa do singular *(facer eu, facere el)* cando a craridade da oración o pida, non debemos omitir o pronome.

215. O mesmo no galego que no portugués, o uso do infinito conxugabre préstase á dúbidas. Cando non se vexa preciso e craro, será preferibre poñer o verbo en impersoal na compaña do pronome. Estudando de vagar o que deixamos dito sobre do seu emprego, axiña se decatará o escritor de que non ê dificil a sua aplicación, e deste xeito non privará ao noso idioma d' unha particularidade verdadeiramente comenente. (*)

Formas pleonásticas e verbás

216. Ademais do que xa dixemos ao falar do modo infinito sobre a repetición d' un mesmo verbo, diremos agora que hai outras construcciós nas que entre os verbos figura un adverbio d' unión, como se ve neste cantar do pobo.

«Eu *casar* ben me *casara,*
recear, ben o *receo,*
esto d' andar perguntando
onde se vende o centeo.»

Outras veces, e mais correntemente, van xuntos un tempo do verbo e un xerundio do mesmo verbo, como: *Indo van, van indo, vir vindo, veñen vindo,* etc.

(*) O infinito persoal está en uso corrente na actualidade entre as xentes do campo, principalmente na segunda persoa do singular *(falares tí),* na primeira e na terceira do plural *(falarmos nós, fa'aren eles).* Quen esto escribe recibeu un día unha carta d' un amigo instruído, que estuvo longos anos na América, dicíndolle: «Ahí le mando unos resguardos provisionales para *seren* canjeados por los títulos definitivos». Nin escribindo en castelán puido deixar d' empregar o infinito persoal.

217. Forma pleonástica moi orixinal ê a xuntanza de dous verbos de senso oposto, empregadas á miudo no lenguaxe familiar e na poesía, que tên semellanza coa repetición apuntada. Exempro:

As lixeiras anduriñas
Pra Galicia *vindo van,*
Veñen ledas tral-os niños
Que deixaron n' outro vran.

SALVADOR GOLPE.

Obsérvese que o senso d' esta forma está no primeiro verbo; o segundo representa unha idea adxetiva.

218. Tamén se fan formas pleonásticas c' un mesmo verbo, indo a repetición en xerundio No exempro que sigue vese craramente este caso e mail-o anterior.

As anduriñas voando
pouco á pouco *fóranse indo,*
e despois *foran tornando,*
e se me deixaron rindo
atopáronme chorando.

FANNY GARRIDO

Tempos compostos

219. Xa dixemos ao tratar da conxugación do verbo regular *falar*, que o mesmo no futuro imperfeito d' indicativo que nos tempos compostos de subxuntivo, o verbo *têr* ê o ausiliar que debe empregarse, sin que por elo se desbote o ausiliar *haber.* Sempre será mais galego o dicirmos: *eu terei amado,* que *eu haberei amado; nós tivéramos feito unha casa*, que *nós houbéramos feito unha casa.*

220. Tamén convén que fagamos saber que coas tres formas impersoás do verbo—o participio xerundio e infinito xuntados á certos verbos—fanse tempos

compostos, que teñen o mesmo sinificado que outros simples dos mesmos verbos. Exempros: *Xa teño falado*, igual que decir *Xa falei; Ando escribindo unha comedia=escribo unha comedia; hei de sair*, ou *teño de saír ao monte=saírei ao monte.*

Nestes tempos compostos o participio ê indecrinabre, v. g.: *Moitas leiras ten adequirido; Tên feito moitas esmolas*, e non *Moitas leiras leva adquiridas; Tên feitas moitas esmolas.*

221. O xerundio forma tamén tempos compostos côs verbos *estar, andar, ir, quedar*, v. g.: *Estaba durmindo; Imos indo â casa* (*); *Veñan vindo á traballar, Podedes ir indo; Quedan vendo o mar.*

Os tempos compostos, côs ausiliares *haber* e *têr* cando o verbo principal vai en infinito, levan: o primeiro a preposición *de*, e o segundo a conxunción *que.* Exempros: *Heiche de contar un conto; Teño que comprar un libro.*

O verbo *têr* non leva a preposición *de* mais que na primeira persoa do presente d' indicativo.

O verbo *andar* tamén fai compostos deste xeito: *Xogou, e agora anda á pidir; Todol-os labradores andan á traballar neste tempo.*

Algunhas particularidades do réxime do verbo

222. Os verbos *aborrecer, apetecer, odiar, mintir* adoitan en galego algunhas veces a forma neutra ou intransitiva, v g.: «A loita entre irmás *aborréceme*». «O xantar á hora de costume *apetéceme*», en lugar de «*Aborrezo* a loita entre irmás; *apetezo* o xantar».

223. Empréganse en galego como intransitivos, en vez da forma refleisiva, os verbos cando a sua acción se refere ao suxeto, v. g.: «O reló xa *parou*». «O fidalgo de Pazos xa *empobreceu*». «A roupa xa

(*) Non debe dicirse en galego *Vamos indo* en lugar de *Imos indo;* a pri eira forma ê un castelanismo que convén desterrar.

enxoitou». E non debera dicirse: «O fidalgo xa se empobreceu». «O reló xa se parou», etc. Consiguentemente debe de se dicir: «*Esqueceume* cantos homes iban». «A meu sogro *aumentáronlle* os bês», e non: «*Esquecéuseme* cantos homes iban». «A meu sogro *aumentáronselle* os bês».

224. Según dicimos xa ao falar da preposición *á* (232), cando o complemento direito do verbo desina nomes xenéricos, cousas ou animás, xúntanse a el sin preposición, como: «Merquei unha leira», «Amo os gatos, e aborrezo as toupas». Tamén van sin preposición cando o complemento ê nome d' un pobo: «Eu vin Betanzos», «Deixei a Cruña».

Tamén debe de se dicir: «Voume casar», «Vaste cansar», «Vou morrer», «Vou escribir», e non «Voume á casar», etc. Mais se o complemento ê un dos pronomes *min, ti, el, nós, vos,* etc., debe pôrse a preposición; v. g.: «Querme á min», «Contóuvolo á vos», etc.

Adverbios

225. *E logo.* Cando esta forma s' emprega como adverbio interrogativo, non sinifica tempo senon o deseo de conoscer as consecuencias d' un feito: —«Hoxe manqueime.—*¿E logo?*» Esta resposta quer dicir: «¿Cómo foi eso, de que maneira pasou? Cóntame como foi».

Tamén sinifica *daquela, entón* ou *estonces.* Outras veces equivale á *despois.*

226. *Aheito, arreo.* Estes dous adverbios sinifican que unha cousa faise sin cesar. O primeiro refírese simpremente a unha acción d' espacio, o segundo á tempo. «Xan pescaba *aheito,* e despois traballou catro días *arreo* na leira do abade».

Aheito tamén s' escribe *aeito, afeito,* inda que esta última sinifica tamén *acostumado,* e será comenente usar as duas primeiras formas.

227. *Mesmo.* Este ê un adxetivo, que fai usos tamén de pronome demostrativo e d' adverbio. Como adxetivo e pronome tên os dos xéneros e os dos números, mais como adverbio ê invariabre.

Como adxetivo, pol-a dualidade de vocalización, tên as duas formas *mesmo=mismo;* mais como adverbial sômente debe escribirse *mesmo.*

Ademais de indicar igualdade como na frase «este monte ê da *mesma* altura de Breamo», úsase pleonásticamente acompañando aos pronomes, v. g.: «Eu *mesmo* farei o que me mandache». «Ela *mesma* quixo pregar á Deus».

Igualmente se xunta con algús adverbios para dar mais enerxía â frase: «Hoxe *mesmo* irei â tua casa». «Alí *mesmo* foi onde atopei o libro».

Tên tamén a forma *mesmamente,* moi usada, que sinifica *precisamente, indiscutiblemente,* etc., por exempro: «*Mesmamente* eso era o que eu quiriría». «Chegou *mesmamente* cando el preguntaba por ela».

Cando precede ao verbo adoita sinificar *nin ainda, nin siquera, certamente,* etc., v. g.: «*Mesmo* quixo que non lle pagara». «*Mesmo* estivo tentado á fuxir». «*Mesmo* entendía o que faláramos».

A tí voa entre ardentes suspiros
Sobre as trémulas alas do vento,
A soidade do meu pensamento
Que decote cravado está en tí.
Por diversos países que eu vaia,
Tí verás miña doce memoria . . .
¡*Mesmo* entrar non quixera na gloria
sin primeiro pasar por ahí!

FRANCISCO AÑÓN.

228. *Ben.* Este adverbio axúntase côs verbos e adxetivos, coa sinificación de *moito* ou *dabondo,* v. g.: «Escribeu *ben;* Está *ben* saniño».

Axúntase tamén côs sustantivos e pronomes, perdendo algo da sua natureza d' adverbio pra se con-

vertire en adxetivo, sinificando entón *bastantes* ou *moitos*. Por exempro: «Ten *ben* cousas para mercar; *Xa* ê *ben* día; Rosendo ê *ben* galego».

Algunhas veces non figura o sustantivo, sobreentendéndose, v. g.: «Teñen *ben* onde traballar».

Ben fai tamén as formas *tan ben, moi ben,* como: «Gústame *tan ben* o peixe; O leite gústame *moi ben*». Non debe de se confundir *tan ben* con *tamén* adverbio d' afirmación.

229. Algús adverbios van á miudo na compaña da conxunción *que,* sin modificarse a sua natureza. Exempros: «*Casi que* me non quer». «Irei á Betanzos *inda que* non queiran os irmans».

O adverbio *inda que* ê o verdadeiramente galego. *Anque* ê un castelanismo, contraición de *aún que*, por mais que ê moi usado ainda pol-os bôs escritores.

230. *Mais.* Ademais d' adverbio de cantidade, tên senso de conxunción adversativa. «Eu iría ao mitin, *mais* Xurxo non quere».

Outras veces fai uso de copulativa pleonástica, decotío no lenguaxe vulgar: «O miñato e *mail-a* Pomba; Ivan de festa Xan e *mais* Pedro», en lugar de «O miñato e a Pomba, Ivan de festa Xan e Pedro». Na «Crónica Troyana» atópase pouco esta forma pleonástica conxuntiva. (*)

(*) O uso da palabra *mais* como copulativa non ê estrana ao idioma portugués, inda que os literatos a non usen. No libro *Cántigas do pobo para as escolas*, seleccionadas por Jaime Cortesão, edición da Renascenza portuguesa, lêmos esta cántiga popular, que proba a nosa opinión:

Oh! terra que tudo crías,
Oh! terra que tudo comes,
Oh! terra que has de dar conta
Das mulleres *mais* dos homes.

Preposiciós

Á

231. Esta preposición ê a que mais numerosas apreciaciós tên no noso idioma, e o bon uso d' ela evita escuridades e anfiboloxías nas oraciós.

Poñeremos aquí algús casos:

1.º Desina precio das cousas e condiciós de contratos. «As noces véndense *á* duas pesetas o cento». «Xan empresta diñeiro *á* vinte por cento anual».

2.º Indica distancia, equivalendo á *hasta* algunhas veces. «Dende a terra *á* lua». «Betanzos está *á* vintecatro kilómetros da Cruña».

3.º Indica medio, instrumento ou materia, modo, sucesión e orde. «Conquerir *á* ferro e fogo». «Andar *á* tentas». «Saíron da chouza un *á* un». «Os costumes pasan de pais *á* fillos». «Xuntou moitas pesetas unha *á* unha e fíxose coa leira palmo *á* palmo».

4.º Anteponse á nomes que se toman como tipos de certas calidades. «Recendía *á* rosas, e cheiraba *á* viño».

5.º Indica direición ou movimento. «Voa cara *á* Veigue». «Chegar *á* lonxe».

6.º Despois do verbo *estar*, sinifica a aprosimación d' un suceso. «O fillo está *á* chegar». «O caldo está *á* ferver». Cando a aición ê de presente ponse o verbo en xerundio. «Os fillos están *chegando*, e o caldo *fervendo*».

7.º Nos verbos activos ou transitivos determina a relación entre o nominativo e o término da aición do verbo, quer sea dativo quer acusativo. «Amar *â* Deus e odiar *ao* demo».

232. Cando o acusativo ê nome propio debe levar a preposición sô ou xuntamente côs artículos *o, a*. «Quero *á* Xan, amo *ao* xeneral Freire». Pero cando o acusativo ê xenérico, non debe levar preposición. «Amo os paxariños e quero moito as frores».

233. Cando o nome está en dativo ê imprescindibre a preposición. «Este moimento foi adicado *aos* mártires de Carral». «Fireume *á* min, cando iba *á* Madrí».

As formas *á, ao, â,* cando poden ser trocadas por *para* sin perderen a sinificación, son obrigadas.

234. O emprego das preposiciós tên unha grande importancia en todol-os idiomas neolatinos, pois co' elas súprese a declinación dos casos, e dan vida, movimento e craridade â conversa. No galego a importancia ê maor, porque as preposiciós e os artículos, pol-a tendencia da fala, fan xuntanzas e contraiciós nas que se non debe omitir a preposición *á*, pois ela acrara os casos de dativo e acusativo.

No galego d' outrora, dende a *Crónica Troyana* hasta o Padre Sarmiento, e en moitos escritores modernos, os casos dativo e acusativo escríbennos *ao, aos, â, âs,* e non *ô, ôs, á, as.* O mesmo Saco Arce, na sua gramática, di que «en algunas composiciones, cuyos autores creemos son de Santiago, suele decirse *ao rei, aos lados, aas mulleres,* sin contraer la preposición con el artículo. En Sarmiento se encuentra frecuentemente lo mismo (*). El hiato es sin embargo en tales locuciones bastante notable, á pesar de lo cual serán preferibles siempre que de la contracción pueda resultar oscuridad en la forma».

E agora dicimos nós que o hiato de que fala o señor Saco Arce o non hai (17), porque sendo duas vocás de diferente intensidade fan na nosa lingua un ditongo. Seguindo tal opinión teríamos que desterrar palabras tan enxebres como *peilao, avao, curmao,* etcétera; e no mesmo castelán, inda non sendo *o* pe-

(*) Entre os escritores que escribiron ou escriben desta maneira figuran o grorioso bardo Pondal, os notabres e concienzudos literatos Euxenio Carré Aldao e Florencio Vaamonde. Outros mais, no momento d' agora, siguen o mesmo exempro para ben do noso idioma.

cho, non deberíamos dicir *sarao, caos, caoba,* porque levan xuntos *ao.*

De maneira, que por tradición, por comenencia e porque dá craridade â oración, nos casos de acusativo, cando a percise, e no de dativo sempre, debe de se escribir a preposiclón *á* acarón do artículo, inda que despois se pronuncie como mellor lle pareza ao leitor.

Ante

235. Esta preposición indica comparecimento ou confrontación. Tên pouco uso non sendo no linguaxe forense. «Comparecen *ante* o xués».

Non debe confundirse esta preposición cô adverbio de lugar *diante.*

Baixo

236. Indica dependenza ou sometimento: «Os galegos están *baixo* o poder do centralismo».

A forma *debaixo* ê adverbial.

Cara

237. Indica movimento e direición. Algunhas veces vai acompañada da preposición *á,* e noutros casos pódese trocar unha pol-a outra, ou por *para.*

Exempros: «Vai *cara* Betanzos». «Sada está *cara* Bañobre». «O enemigo viña *cara á min*». «Vai *cara á* Crendes» ê o mesmo que dicir «vai á Crendes» ou «para Crendes».

—¡Fólgome! Así como así
Teño unha deuda contigo
E vouna cumprir agora.
—Cantas queiras, veño listo.
—Pois abonda de parola.
—Abonda, o mesmo che digo.
—*Cara* á Soutoverde, Xan.
—*Cara* á onde queiras, Martiño.

M. Curros Enríquez.

Contra

238. Esta preposición indica movimento, situación, proisimidade, recurso e diversidade, v. g.: «Os mouros veñen *contra* nós». «O hórreo está *contra* o Norte». «Apretoume *contra* seu peito». «Falaba *contra* dos desleigados». «As malvas son boas *contra* as inflamaciós». «A miña casa está *contra* a tua».

Pódese poñer a preposición *de* despois de *contra*. E' o mismo dicir «viña *contra de* min» que «viña *contra* min». As duas construcciós están consagradas pol-o uso.

A palabra *contra* tên outros usos en que aparece como adxetivo, nome ou xerundio, v. g.: «Non puiden seguir porque achei unha *contra*». «Non penso facer o que quêr, pol-o *contra* farei o que á min me conviñer». «Son moitas as *contras* con que tropezou no traballo». Neste derradeiro exempro á voz *contra*, sustantivada, adimite o número prural.

Con

239. O mesmo que a anterior, esta preposición ê d' ablativo, e tên as sinificaciós que siguen:

1.° Oposición:—«Loitar *con* todos».
2.° Compaña:—«Iba *con* ela â festa».
3.° Comparación:—«Pouco valían en comparanza *con* elas».
4.° Retribución:—«O traballo págase *con* diñeiro».
5.° Contido:—«Un paxe *con* frores».
6.° Estado, causa:—«Acoraba *cô lume*».

Conoscida a natureza desta preposición fácil ê a sua apricación.

Xa dixemos (26-27-58) de que modo se xuntan esta preposición côs artículos, facendo co' eles unha sô palabra.

240. Esta preposición fai unha palabra sômente nos casos d' ablativo do pronome da primeira persoa *connosco, convosco* (igual á *con-nós, con-vos).*

E ao mirar as xentís anduriñas
Cara á terra que deixa ao cruzar,
—¡Quén pudera dar volta, pensaba,
¡Quén pudera *convosco* voar!

M. Curros Enríquez.

Os ceos me concedan—seguir a miña vida
Convosco divertida—sin mancha e sin luar;
E vós me rodeando—con bagulliñas quentes
Dos ollos inocentes—sintades meu finar.

Juan Manuel Pintos.

De

241. Esta preposición, ademáis do uso que tên asinado para o xenitivo e ablativo, tên moitas e variadas aplicaciós, das que as principás son as seguintes:

1.° Sinifica causa, destino ou estado, como en «Contento *de* têr chegado». «Escola *de* nenos». «Andar *de* loito».

2.° Indica materia de que unha cousa está feita, as calidades da feitura e a dimensión, v. g.: «Caldeiro *de* cobre». «Zocas *de* repiniques». «Un hórreo *de* dous metros de alto».

3.° Sinifica posición, mudanza ou participación; exempros: «Inda vai *de* pé». «Deixou *de* ser cacique» «Son compañeiros *de* mala ralea». «E' o mellor *dos* galegos».

4.° Usase cando o verbo vai en infinito condicional, v. g.: «*De* tel-o visto houbéralle falado». «*De* saber o que sei non lle daría creto».

5.° Adoita xuntarse ao participio de pasado cando éste compón unha oración elíptica, v. g.: «*De* acabado o traballo cada un foise». «Unha muller, *de* ofendida, ê capás de todo».

6.º A preposición *de* equival algunhas veces á *por*; exempro: «Imaxe que levo en min *de* noite vesme arrolar...», que ê igual que se dixéramos... «*pola* noite vesme arrolar».

7.º Usase tamén sin valor determinado como expletiva. «Triste *de* min, que me non lembrei». «O bon *do* vello non se deu conta». «A pobre *da* nai, chorba». «*De* min para ti direiche que non ê certo o que conta a historia».

Dende=Desde

242. Sinifica punto de partida ou comenzo no tempo e no espacio. «*Desde* á Cruña á Sada hai tres légoas». «*Dende* o ano pasado non pillou outro paxaro».

A preposición *desde* adoita tamén contraerse en *des* pero xuntándose neste caso â conxunción *que*, v. g.:

Des que te vin na fiada,
mais craro alumea o sol,
e unha alborada de groria
levo no meu corazón.

Deica=Hasta=Ata

243. Indican termo de tempo ou de espacio.

«*Deica* mañán, *deica* á Betanzos» ê o mesmo que «*hasta* mañán, *hasta* Betanzos».

Nótese que despois de *deica* pode ou non escribirse a preposición á.

A preposición *hasta* tên tamén a sinificación de *ademais* en algunhas oraciós, e nelas non pode trocarse por *deica*: «Foron â vila meu pai, miña sogra e *hasta* o meu abô». Non sería correito dicir neste caso: e *deica* o meu abô, porque *deica* non sinifica nunca *ademais*.

Esta diferencia entre as duas preposiciós ê lóxica, suposto que *deica* ê unha palabra nascida por aglutinación da frase *de-eiqui-á*.

En

244. Corresponde ao grupo das preposiciós d' ablativo, e sinifica:

1.° Relación de lugar en que unha cousa está ou sucede, de tempo e de posición ou estado v. g.: «Viven *en* Sada». «Fíxose *nos* derradeiros días do mes». «Acabei a gramática *en* dous anos». «Púxose *en* frente de min». «Dorme *na* paz do Señor».

2.° Relación das partes d' unha división, relación de precio e de modo, v. g.: «Os peixes divídense *en* especies». «O gando foi valuado *en* cen onzas». «Faláballe *en* segredo, e ela respondeulle *no* mesmo xeito».

3.° Relación de destino, motivo ou posesión; v. g.: «Loitou *en* favor da terra». «Recibeu unha leira *en* premio das suas virtudes». «A Mariña ê rica *en* froitos».

Xa dixemos (58) que a preposición *en*, seguida dos pronomes demostrativos, escríbese xuntamente *no, na, nos, nas, neste, nese, naquel, nel.* Côs pronomes pódese tamén escribir así: *n-aquel, n-este, n-el,* etc.

245. Esta preposición tên semellanza coa preposición *á* en frases como estas: «Andivo de porta *en* porta». «Os negocios van de mal *en* peor». «A mala nova correu de boca *en* boca». Véxase como nestes exempros a preposición *en* pode trocarse por *á* non perdendo, senon pol-a contra, o senso verdadeiro.

Entre

246. Esta preposición *entre* sofre pol-a teoría de vocalización (13) o cambio *antre.* Ten as seguintes sinificaciós:

1.° Indica lugar no espacio que separa duas cousas: «O Miño corre *entre* Galicia e Portugal».

2.° Indica a terminación d' unha cousa e o comenzo d' outra: «*Entre* lusco e fusco». «*Entre* a noite e o amañecer».

3.º Sinifica mistura ou conxunto: «Atopeino *entre* os galegistas». «Vivía *entre* homes de ben».

Despois d' esta preposición o pronome *eu* trócase en *mín:* «*Entre min* e ti non cabe ninguén».

Onde

247. Denota proisimidade, e tên semellanza con *xunto, xunto á, acarón,* e outros do mesmo senso que poden ser, según o uso na oración, preposiciós ou adverbios.

Exempros: «Volveuse *onde* debera estar». «Está *xunto* de min». «Tornou *acarón* do lume».

Por

248. Esta preposición ê unha das de ablativo.

Algunhas veces equival á *para* como en «Veu *por* me ver e fixo *por* andar canto poido».

Indica reforzo d' afirmación, lugar ou direición, maneira, forma pasiva, duración, estado, etc., como por exempro: «Xuro *por* Deus como ê certo». «*Por* camiños e congostras non deixa d' andar». «Era temido *por* forte». «Galicia foi amada *pol-os* seus poetas». «Estivo enteiro *por* dous meses».

Xúntase aos artículos (25) trocando o *r* en *l:* v. g.: «*Pol-o* si ou *pol-o* non». «*Pol-a* terra e *pol-os* mares».

Para

249. Xa dixemos que *pra* ê a contraición de *para.* Sendo preposición de dativo, pode pol-o tanto ir algunhas veces en lugar de *á,* como nestes casos: «Ollaba *para* o mar». «Trocou o camiño *para* outra banda». «Foise *para* a Cruña».

Indica tamén:

1.º Comparación: «¿Qué importa este libro *para* aquel?»

2.º Direición: «Foi *para* o palleiro». «Camiña *para* Santiago».

3º. Proporción: «*Para* o tempo que tên xa se goberna».

4.º Destino ou finalidade: «Vivir *para* ver». «Casas *para* tolos». «*Para* gabal-as grorias do seu nome, fora pequena a inspiración d' Homero». (*)

Sobre

250. Esta preposición xúntase aos nomes e á outras palabras que fagan as veces del, seguíndolle ou non a preposición *de:* «Quixo estar *sobre de* todo o mundo». «O enemigo viña *sobre* min». «Quedou *sobre* do monte, e logo caeu *sobre* a eira».

As formas *sobor* e *sober* son dialectás, e non foron usadas no galego culto. (**)

Esto ao pasar vira
A boa Bergantiños;
Fada xentil, garrida,
Dos pasos fuxitivos,
Que en voar se comprace
Sobre dos verdes trigos.

EDUARDO PONDAL.

Sin

251. Esta preposición indica falta, privación e condición: v. g.: «Está *sin* un carto». «Quedou *sin* fillos». «Sin amor pol-a patria non hai progreso». «Non temos personalidade *sin* o propio idioma».

(*) *Soidades*, versos adicados á Colón.

(**) «Querer tomar un cabaleiro mais baixo de liñagen et de siso et de poder que he cada un de vos, e consentides que el haia señorío et poder *sobre* nós».—*Crónica Troyana*, parte 1.ª, pax. 253.

«Primeiramente, preguntado *sobre dos* ditos, costumes e libertades que no dito porto había, dixo que el s' acordaba desde sesenta anos a esta parte que alcabala de noso señor el Rei...; e *sobre* aquesto facían facer outros arrendamentos».—Acta notarial da Irmandade de Vilanova de Arosa, 2 d' Abril de 1467.

Tras

252. Indica posición, e adoita levar despois a preposición *de*. «Viña *tras de* min». «Andaba *tras da* fortuna».

Pódese tamén usar sin a partícula *de*. «A sorte ven *tras* min». «Non sabemos o que hai *tras* as estrelas».

A forma *detrás* e adverbio de lugar.

Su

253. Indica situación, sendo semellante á *baixo*. Pode ir ou non seguida da preposición *de*. «*Su das* augas». «*Su* a terra».

Usase pouco.

Conxunción

254. Da copulativa *e*, e da forma pleonástica *e mais*, xa falamos nos párrafos 174 e 230. De novo insistimos na comenencia de que a conxunción *e* s' empregue en todol-os casos. (*)

Como, coma, que, ca

255. *Como* non debe levar despois a preposición *á*. Debe de se dicir: «quêr aos mariñeiros *como* fillos». e non «quêr aos mariñeiros *como á* fillos».

Coma emprégase como comparativa, sobre todo cando antecede a palabra *tan*, ou sigue a forma oblícua *mín*, ou o pronome tí. Exempros: «Veu *tan* de presa *coma* os demais», «Era longo *coma min*». A forma *coma* non ê obrigada.

(*) «Pero cuando se quiere hacer resaltar más las ideas contenidas en los miembros unidos por las conjunciones, y llamar la atención sobre cada una de ellas individualmente, se prefiere la *e* como más propia al efecto por la circunstancia de formar sílaba separada; v. g.: «*N-o ceo* todo ê *paz e amor e alegría*». Saco Arce, Gramática Gallega.»

256. As conxunciós *que, ca* quedan xa suficentemente espricadas. (80). Recordamos que *ca* debe usarse en lugar de *que* nos casos de comparación: «Mais grande *ca* min; mais leda *ca* ti». Tampouco e obrigada a forma *ca*.

Se non, onde non

257. As duas sinifican condición negativa. A segunda non ademite verbo despois. «Se os galegos traballan con fé farán libre a sua terra, e *se non* viviremos sempre na escravitude». «Dille á meu irman que corra, e *onde non* que se quede».

As demais conxunciós non ofrecen dúbida no seu emprego sintáxico.

ADITAMENTOS

Modismos

258. O idioma galego ê moi rico en modismos. Poremos aquí os de uso mais corrente.

Agarrado como unha lapa.— Andar de riola.— Andar aos moquetes.—Andar sin tento.—Alegre como unhas páscuas.—Aquelo foi unha desfeita.—Arde e non fumega.—Arrólase no berce.

Bô com' o pan de comer.—Bonito como un relós.—Botoulle a mala fada.—Boura como n-un faco.—Brando com' a manteiga.—Branco com' o ampo de neve.—Bravo com' as xestas.

Cada terra o seu uso, cada roca seu fuso.—Caeulle unha mala fada.—Calado como un peto.—Can que ladra non traba. Canta que has d' ir â santa.—Comer á pan sabido.—Comer de moca.—Con mais calma que boi de Laíño.—Con mais anos que un carballo vello.—Craro com' a luz do sol.

Dá do que tén.—Dá xenio velos=dá xenio de os ver.—Deu na tema de facer xogos.—De min á ti non ll' o consentía.—Direito como un pino.—Direito como un esteo.—Doce com' o mel.

E fino como lâ de gato.—E' lle o vento. -Entre medias de mil coitas.—Enganador coma o pecado.—E' o vento.—Érguese aos touciños.—Ese non sube ao poleiro.—Está levado do demo.—Estar cheo hasta os cumios.—Estar ido.—Estar parvo.—Estar de morros.—E' un férvelle as berzas.—E' un queda ben.

Fago mentes.—Falas con cabeza.—Ferver á cachon.—Fixo boa feira.—Fresco coma unha leituga.—Frío com' a xiada.

Hai que facer xustícia de Ruibeira.—Hoxe arde Troia.

Ir por trancos e barrancos.

Ladra e non traba.

Mais negro que aas de corvo.—Mais xordo que un ingrés.—Mais feo que Tito.—Mais forte que unha noz ferreña.—Mandeino ao rollo.— Medra com' o leite no lume.—Moito lle gusta andar â gambernia.—Morde e non ladra.

Negro como un chamizo.—Non deu unha fala.—Non piou.—Non vale dous beldros.

Pega como n-un centeo verde.—Perdeu os libros.—Píntame ben.— Porfiou os sete porfiares.— Poucas son xa as malas fadas.

Quente como un forno.= Querse ir onde Deus ben lle faga.

Raxa pol-a sua conta.—Regañar os dentes.—Remangar a man.—Rubir ao poleiro.

¿Seique che sabe?—¿Seique tês ganas de contos?—¿Seique tês ganas de leria?—Sempre anda â quinta pregunta.—Sinte nascer a herba.

Tên mais cravos que unha porta vella.—Tense por fidalgo.— Ti es a porta faxeira=non gardas segredo.

Vaia que ser.—Vai como reiciño na cesta.— Vaiche na misa en Conxo.— Val tanto como farrapo de gaita.—Vella candonga.—Viume en calzas pretas.—Vivo coma una charamusca.

Nomes de persoas

259. Nestes nomes convén distinguir entre dos verdadeiros e os familiares. N-un traballo serio non debemos dicir *Farruco, Manecho, Marica* por Francisco, Manoel, María. Hai que têr en conta que nos traballos literarios se dicimos *doña Marica, don Gorecho,* cometemos un ruralismo de mal xeito.

Os nomes que en castelán levan *j* ou *g* diante de *e, i,* escribiranse en galego con *x*, exempros: *Xenaro, Xaquín, Xavier, Anxela, Xeromo,* etc.

Poñemos aquí algús nomes de uso mais corrente:

Forma verdadeira	Forma familiar
Agueda	Adega
Alexandre	Lixandre
Anton Antonio	Tono, Toniño
Anxel	Xilo
Anxela	Xila
Bartolomeu	Bartolo
Bieito	(Benito)
Carme	Carmela
Catarina	Catuxa
Ciprian	Cidran
Domingo	Mingos
Euxenia	Unxía
Francisco	Farruco, Fuco
Fiz	(Félix)
Gregorio	Gorecho, Goros
Hermenexildo	Merexildo
Herminia	Minia
Leocadia	Locaia
Martiño	(Martín)
María	Marica, Maruxa
Manoel	Manecho, Nelos, Lelo
Paulos	(Pablo)
Paula	
Queitano=Çaitano	
Sabela	(Isabel)
Tereixa	(Teresa)
Xacobe	Xacobo
Xácome (ant.)	Idem
Xacinto	Çhinto
Xaquín	
Xeromo	Xerónimo
Xosé	Pepe
Xulián	Xian=Xiao
Xuan=Xoan	Xan
Xurxo	Xorxe

Toponimia

260. Na mitade do século pasado foi encarregada a Guardia civil para que fixese un *Nomenclator* dos pobos e parroquias de Galicia, e d' acordo côs segredarios dos concellos rurás, que vivían en pé da mais andróxena cursilería, traduciron, profanaron, *estranxeirizaron* a maor parte dos esgrevios nomes dos pobos e lugares da nosa terra. As xentes fixeron, por disgracia, mais caso ao Nomenclator que â tradición que conservaba, e sigue ainda conservando, a verdadeira toponimia galega.

Poñeremos aquí os verdadeiros nomes d' algús lugares e pobos que foron estranxeirizados:

A Cruña, Arteixo, Arousa, Allons, Ciadela, Cebreiro.—Cabos: *Fisterre, Prioiro, Prioiriño, Turiñán, Vilán.*—*Melide, Ourense, Ordes, O Ferrol, O Barco, O Seixo, Pontesdeume, Ponteceso, Pontearéas, Pontecaldelas, Ponte do Porto, Ponte do Porco, Ribadeu, Rianxo, Sarandós, Salvaterra, Viveiro, Vilanova, Vilaxuan, Vilaboa,* etc.

Tamén algús nomes de cidades estranxeiras sofren variación ao pasaren â nosa lingua, como: *Bos Aires, Burdeus, Levrepul, Marrocos, Nova-York, Ourán, Río Xaneiro,* e outros mais.

Nos comenzos do século xv os nobres galegos, seguindo unha conduta antipatriota, comenzaron a traducir os seus apelativos â lingua estrana, sin decatárense que ésta era estranxeira *xudaizante:* Así os *Soutos, Monte Maor, Salvaterra, Rigueiras,* etc., trocáronse nos novos apelativos *Soto, Monte Mayor, Salvatierra, Riguera,* rompendo deste xeito a groria da sua esgrevia xenealoxía. O mal sigue nestes tempos, e agora temos *Seijo, Queijo, Eijo,* etc., pronunciados guturalmente en castelán, semellando nomes mauritánicos, en vez de *Seixo, Queixo, Eixo,* que resultarían mais eufónicos e doces ao noso ouvido.

Meses, estaciós e días

261. Os nomes dos meses son *Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril, Maio, Xuño, Xullo, Agosto, Setembre, Outubre, Novembre, Decembre.*

Febreiro pódese dicir tamén *Febroeiro;* e os catro últimos meses poden finar en *o: Setembro, Outubro,* etc.

O pobo adoita desinar algús meses pol-a festividade mais saínte:

Xuño=San Xoan.

Xullo=Santiago.

Novembre=San Martiño.

Decembre=Nadal.

Os días da semana desínanse da seguinte maneira: *lus, martes, carta feira, quinta feira, sesta feira, sábado, domingo.*

En algús escritores temos visto que a *carta, quinta* e *sesta feira,* súplena coas palabras *mércoles, xoves, vernes.* Estas voces, de xeito inteiramente galego, e conforme coa orixe latina *(Mercurii, Jovis, Vênêris dies)* poñen d' acordo os nomes dos días da semana coa maoría dos idiomas neolatinos, como son o castelán, catalán-provenzal, francés, italiano e picardo.

As estaciós do ano chámanse en galego: *primaveira = primadeira; verao = vrao = vran; outono* e *inverno.*

Denominación dos ventos

262. As principás denominaciós dos ventos son como sigue:

Primeiro cuadrante: Norte.—NNE: Nornordeste.—NE: Nordeste.—ENE: Lesnordeste.—E: Leste.

Segundo cuadrante: Sul=Sur.=SSE: Sursueste.=SE: Sueste.—ESE: Sesueste.—E: Leste.

Terceiro cuadrante: Sur. — SSO: Sursudoeste.—SO: Sudoeste.—OSO: Oessuroeste.—O: Oeste.

Coarto cuadrante: Norte.—NNO: Nornoroeste.—NO. Noroeste.—ONO: Oesnoroeste.—O: Oeste.

Corisco: golpe d' auga fría con vento ou sarabia, que pasa axiña, como acontece no mes de Marzo.

Vento famento: que ven da banda do Leste.

Vento mareiro: a bris de pol-a mañan cedo, que ven do mar.

Nordesío: vento forte e frío do Norte.

Vento serán: bris do anoitecer.

Terral: vento da terra.

Travesío: vento do Oeste.

Vento soao=soan: vento da banda d' onde nasce o sol.

Vendabal: de NO ao SO.

Os terreos incrinados cara onde sae o sol, chámanse *solío;* e os incrinados ao poente, *abicedo.*

Castelanismos

263. Poremos aquí algús dos mais usados na nosa fala côs equivalentes en galego.

Castelanismo	Galego	Castelanismo	Galego
Acostar	Deitar	Auntamento	Concello
Aer	Onte	Azoutar	Apouvigar
Aguantar	Termar	Abater	
Aire	Ar	Billete	Boleto
Aires	Ares	Borda	Courel
Alcanzar	Acadar	Brillo	Centilación
Alimento	Mantenza	Camarote da lancha	Tilla
Alcendido	Aceso		
Alfiler	Alfinete	Campana	Sino
Alisar	Adoar	Campanilla	Campaíña
Alquilar	Alugar	Candil	Candelo
A non ser	Agás	Cascabel	Axóuxere
Atascar	Atuar	Cascada	Fervenza
Ataúde	Cadaleito	Codo	Cóbado

Castelanismo	Galego
Colmillo	Colmelo
Colmea	Abellariza
Concexal	Rexidor
Conexo	Coello
Cosecha	Coseita
Convenente	Comenente
Craridade	Craror
Darse conta	Decatarse
Dedicar	Adicar
Dentadura	Dentamia
Descanso	Pouso
Desembocadura do río	Foz
Deuda	Débeda
Dios	Deus
Eclipse	Cris
Encontrar	Atopar Hachar
Escepto	Agás
Estuario	Esteiro
Fogar	Lar
Gallego	Galego
Gando vacuno	Armentîo
Granizo	Sarabia
Ingles	Brillas
Interviñir	Intervir
Laico	Leigo
Lexano	Lonxano
Lexos	Lonxe
Liña (en)	Ringla
Liña recta	Liña
Lombrís	Lombriga
Mala	Maa (ant.)
Maeso	Mestre
Montón	Morea

Castelanismo	Galego
Nacimento	Nascimento
Neste momento	Arastora
O caso ê...	O piquer ê...
Olvidar	Esquecer
Ombrigo	Embigo
Outro lado	Outra banda
Parexa	Parella
Partixa	Partilla
Peine	Pieite
Peinar	Pieitar
Periódico	Xornal Boletín
Peñasco	Côn
Perla	Pérola
Polvo	Pô
Promo	Chumbo (ant.)
Recheo	Ateigado
Regra	Régoa (ant.) Rella
Rol, lista	Ceifa
Sarten	Tixola
Sello	Selo
Sentido	Senso
Sombreiro	Chapeu
Sonido	Son
Solo	Chan
Soio, soilo	Sô, para todolos xéneros e números
Soplar	Suflar (ant.)
Sortixa	Anelo
Tartamudo	Tatexo
Taboleiro	Taboeiro
Tocar (música)	Tanxer = tanguer

Castelanismo	Galego	Castelanismo	Galego
Tenebras	Trebas	Venganza	Vinga = vinganza
Tixeira	Tesoura		
Urce=brezo	Uz	Viñedo	Pampillal
Usureiro	Valuro	Virxen	Virxe
Vado	Vao	Xastre	Alfayate (ant.)
Vaina	Baiña	Xermen	Xerme = xérmolo
Vid	Vidra (pola da cepa)		
		Xuventude	Mocedade
		Zumo	Celme

Nota

Facemos constar que os idiomas castelán e galego —e o mesmo pasa côs demais idiomas ibéricos—teñen entre de sí palabras comuns ou d' escritura igual; que non poden chamarse castelanismos ao seren empregadas por nós. Rexistrar todas estas voces ê traballo de moito proveito para as nosas letras, que a Academia Galega está facendo, inda que non sabemos cando terá fin por falla de diñeiro para a imprentación.

Empregar en galego palabras como *andar, amar. correr, río, verde, negro*, etc., non son castelanismos. Estas voces pertêncen, por herdo nobilísimo, aos idiomas peninsulares. Mais se decimos *nebra, hinoxo, granizo, lexos, troncho*, en vez de *brétema, fiuncho, sarabia, lonxe, cañoto*, cometemos o pecado do castelanismo, porque desbotamos, sin necesidade, palabras sinxelamente nosas por outras alleas.

MÓSTRAS LITERARIAS (*)

Historia de Galicia

Reseñados xa os sucesos principás que tiveron lugar no chan galego, e dedicada unha lembranza, inda que humilde, aos nosos héroes e grandes homes, estábamos ao cabo da tarefa que gustosos nos impuxéramos, mais ¿haberíamos de deixar esquecidos aos que, na nosa fala, cantaron nosas glorias ou choraron nosas desditas, facéndo-a revivir no mundo das letras como dinos continuadores da obra do Rei Sabio? Por eso cuidamos que o *Resume da Historia de Galicia* debería ir seguido de un *Resume da historia da literatura galega,* adicando á este obxeto o presente libro como compremento de aquel traballo e seguindo o mesmo sistema de concisión para a unidade do conxunto.

Non se sabe de certo cal fose o primeiro idioma de Galicia. Poida que fose o celta. Os romaos, ao conquistal-o país, impuxeron como oficial a sua lingua, e os escritores galegos como Idacio, Orosio e outros, escribiron os seus libros en latín; pero o pobo tiña un idioma diferente do que os dominaba, e aquel idioma foise corrompendo, latinizando. Chegou un día no que o latín sô era comprendido dos sacerdotes e dos eruditos; e os poetas, que non podían facerse entender do pobo nun linguaxe que éste desconoscía, tiveron necesidade de usal-o galego nas suas produciós.

(*) A historia e desenvolvimento das nosas letras pode estudarse na interesante obra «Literatura Gallega» (2.ª edición, Barcelona, 1911) do ilustre escritor D. Euxenio Carré Aldao.

O primeiro traballo que aparece no noso idioma é o poema *A perda de Hespaña,* que algún dí que é apócrifo; e despois, o poema *Ouroana,* de Gonzalo Hermigues; as poesías de Egas Muñis, o *Canto do Figueiral,* de Guesto Ansures, e unha cántiga do conde francés Rimbaldo de Vaqueiras.

O galego como idioma moito propio para a lírica, ponse de moda e alcanza o mais alto grado de esprendor nos séculos XII e XIII, cando a infruenza literaria dos trovadores provenzás chegara á Galicia por medio dos pelegrís que viñan a visital-o sepulcro de Santiago e pol-os cabaleiros que formaban o lucido cortexo do conde Ramón de Borgoña, pai do derradeiro rei de Galicia. Así se sabe que tiveron unha brilante préiade de poetas, cando corrían para o noso país os días mais gloriosos da sua historia, e os nomes de Payo Gómez Charino, Airas Nuñes, Joan Zorro, Bernal de Bonaval, Martín Codas, Estebo Coello, Abril Péres, Pai da Cana, Pero Annes Mariño, Pero Meogo, Joan Romeu e outros moitos, iñorados centos de anos, son hoxe honrados como merescen dende a descuberta do *Cancioneiro da Vaticana;* pois hai cántigas de algús d' estes trovadores galaico-portugueses que son de gran mérito.

Os versos dos poetas do *Cancioneiro* citado son doces, sentidos e melancólicos, e neles domina a nota persoal.

FLORENCIO VAAMONDE

(Do *Resume da «Historia de Galicia»,* A Cruña, 1898.)

Discurso académico

O primeiro que todos debemos procurar que non s' esqueza, se queremos sostêr a nosa característica, ê a lingua propia, que ê a nosa alma, digan o que queiran os que non ven nela a persoalidade que siña-

la. Que ê así témolo nos pobos conqueridores que impoñen aos vencidos a lingua que eles falan para estinguil-a sua nacionalidade. Nada pode vencer o poder da fala materna. D' elo tedes un exempro na muller forte dos Libros santos, na madre dos Macabeos, que vendo, pol-o temor, cal a fé dos seus fillos s' esvaía, eshórtaos á perseverar na sua relixión, e fálalles enton na fala ben amada, na fala que escoitaran dende o berce e acompañaba os agarimos da nai, na fala que era d' eles e a dos seus.

E se hai lingua no mundo da que poidan envanecérense os homes, e à lingua galega, a nosa melosiña e meiga fala, insistituíbre para espresar todol-os afectos da alma pol-o seu sentimento e pol-a sua dozura. Ela foi lingua de reises e trovadores, e cando aínda os demais romances españoles andaban no balbuceo, a nosa servía xa para encher toda a Península cô seu lirismo, e o mesmo Rei Sabio era a única, a esclusiva que achaba dina para entoar cánticos e gabar â Santísima Virxe, Madre de Deus.

. . . . . .

Mail-a mala fada que preside os destinos da nosa terra aínda se non dá por vencida.

Así axudan moitos dos nosos á perpetual-a mala sona do noso país. Cal se non tivéramos d' abondo côs mentireiros aldraxes dos alleos, temos que lles axuntar aqueles da casa, que se estreven á escribir na nosa lingua aquelo de que terían vergonza ao decilo n-outra calesquer.

Faise perciso, por eso, enmendal-o rumbo. Que todos aqueles que se sintan inspirados pol-a raiola que baixa dos ceos sobre dos escollidos á lles bicar as almas, se queren ser tidos, en boa hora, por verdadeiros poetas da sua terra e da sua raza, teñan nas obras da nosa gran cantora, e nas dos nosos poetas mais groriosos, dos precursores, seus «Libros de horas», pondo n-eles todal-as suas devociós.

Seia a labor d' eles obra meritoria e loabre, tracería delicada d' orfebre, non basto traballo de rústico forxador; e seian as suas rimas cal sutís e aéreos encaixes feitos pol-as meigas mans das fadas, e non groseira trama de gordos fiaños de tecelâ campesina.

EUXENIO CARRÉ ALDAO

(D' un discurso na Academia Galega, na receición de Evaristo Martelo Pauman. Xunio, 1921.)

Xogos florales de Galicia

Celebrados por primeira vez na cidade de Tuy o 24 de Xunio de 1891

DISCURSO DO PRESIDENTE

MIÑAS DONAS; MEUS SEÑORES:

Se n-outros tempos me tiveran dito que había de chegar este día, se me dixeran que había de ser o que dende a cima da vella acrópolis de Tyde, había de gritar *hossanna!* eu o non crêría. Mais por eso foi: e vede como pasado o noso deserto, xa sona pra nós, lonxe, moi lonxe, o balbordo das olas do mar Roxo; xa temos as táboas da nosa lei e froreceu a vara d' Araon; xa saimos *da casa de servidume, no mes da nova colleita;* xa estamos ao pe do xardín, e as nosas tendas levántanse baixo o ceo da terra prometida.

. . . . . .

O noso idioma! O que falaron nosos pais e imos esquecendo, o que falan os aldeans e nos achamos á punto de non entendelo; aquel en que cantaron reises e trovadores; o que, fillo maor da patria galega, nol-a conservou e conserva com' un don da providencia; o que ainda tên nos nosos labres as dozuras

eternas e acentos que van ao corazón; o que agora oídes coma se fose un himno relixioso; o fermoso, o nobre idioma que d' outro lado de ese río ê lengoa oficial que serve a mais de vinte millons de homes e tên unha literatura representada pol-os nomes groriosos de Camoens e Vieira, de Garret e d' Herculano; o galego, en fin, que nos da dereito â enteira posesión da terra en que fomos nados, que nos dí que pois somos un pobo distinto, debemos selo; que nos promete o porvir que procuramos, e nos da a certeza de que tên de ser fecundo en ben pra nós todos.

Nel, como en vaso sagrado en que s' axuntan todol-os recendos, háchanse os principaes elementos da nosa nacionalidade, de novo negada e ainda mais escarnecida.....

. . . . . .

Aquí nesta terra con límites naturaes, con raza, con lingoa e historia propia; aquí onde ê tan perseverante a fidelidade con que gardamos os recordos do que podemos chamar o noso paraíso, aquí, señores, non importan nin poñen medo as ásperas palabras dos que se dín nosos amos. E que teñan en conta que canto mais sofridos fomos, mais direito temos á non seguir sofrindo; tanto mais fixemos o que lles pracen, tanto mais direito temos á facel-o que nos práz; que tanto en fin habedes gritado, que ê xa hora qu' a nosa voz pase por enriba da vosa.

Dito esto, calemos xa, e non pensemos senon no que nos compre. Abramos as nosas almas aos novos pensamentos e deixemos chegar o aire que trae as mudanzas certas. Pensemos que non en valde temos en Galicia os restos d' aquel celeste guerreiro, enemigo da xente de Mahoma. Homes europeos, homes de Cristo, a victoria está por nós. Homes do Korán, os semitas que inda erran como sombras pol-as terras d' España, sô importan porque son un perigro e un estorbo.

MANUEL MURGUÍA

O Verbo

Nos tempos en que Zoroastro recibía no ceo do deus Ormuzd «a palabra de vida»,—seis mil anos dinantes do nascimento de noso señor Xesucristo—, había unha comarca fermosa e farturenta, nomeada Anthorque, que lindaba coas augas do mar Caspio. En ningures, non sendo no occidente da Iberia, podía acharse terra mais deleitosa.

As saudades pol-os eidos nativos comenzaron á xurdir nas almas dos anthorqueses, que vagaban pol-o paradiso dos persas.

—Señor,—dixéronlle unha vez á Ormuzd,—o ceo que nos donástedes non pode ser mellor; mais nós temos lembranzas feridoras pol-a doce e doada terra d' Anthorque. ¿Por qué, oh deus, non nos facedes a mercede d' axeitar un corruncho d' este ceo de maneira que teña os arboredos vizosos, as campiñas ridentes, as augas espellantes e quedas d' aquelas meigas terras nas que quedaron os nosos corpos mortás?

E Ormuzd víu que aquelo era bô. Mandou chamar ao arquitecto celeste, e fixo un ceo aparte para os anthorqueses.

— Oh, meu deus Ormuzd, — díxolle o porteiro maor—, podente ê a vosa voluntade, que comprida será. Mais pol-o que toca a min, terei unha grave dificultade. Como ese lugar e tan feiticeiro, todal-as almas qu' entren no ceo cobizaranno. ¿De qué xeito hei de compoñerme para que non entren nel mais que as almas dos anthorqueses?

E Ormuzd respondeulle:

—Unha señal divina teñen as almas: *o verbo,* palabra de vida e d' actividade que eisistía antes da auga, do ceo, da terra e de todol-os animás. El distingue as criaturas. Quen non fale o anthorqués non entrará no seu paradiso.

Quedou convencido o porteiro.

Un día petaron na porta do ceo.

—¿Quén chama?

—Un anthorqués que quêr entrar na parte do ceo que lle corresponde.

—Ti non es anthorqués porque falas o zendo.

—Eu son nado en Anthorque.

—Pois fala enton na tua lingua.

—A non adeprendín porque era fala de sudras.

—Pois daquela non entrarás. A sinal divina do verbo nativo non brila no teu espíritu.

—¿E á donde teño d' ir enton?

—Ao inferno, que no ceo non poden ser ademitidos os deleigados que faltan â lei d' Ormuzd.

ASIEUMEDRE.

A carón da natureza

E no intre en que a terra, para se durmir, vaille virando as costas â luz e o fume das tellas, mesto e leitoso, vaise esparexendo no fondo do val. Non ê cousa do outro mundo pintal-o que ven os ollos, que serán comestos pol-os vermes; pero na paisaxe hai mais cousas que fitar, pois n-aquél muiño cantareiro dos namorados dánse o pimeiro bico e n-aquél pazo do castiñeiro seco oubean os cans.

*
* *

Dende o adro d' unha eirexa ollámol-o val afundido na choiva. A auga que cai á fío aplaca o fume azul contra as tellas brillantes d' unha chouza. Os camiños están cubertos de lama, e un vendedor de cobertores pasa cabaleiro na sua besta ferrada. Velahí o cadro d' un pintor; pero ainda hai mais na paisaxe, pois tocan a morto no campanario da eirexa, e o son ê tan amargurado coma se batesen a campá

coa mesma cabeza do morto, e non adeviñamos en cal casa do lugar hai desgracia, porque todas, todas, están tristes.

* * *

Noite de luar. Na veira d' unna encrucillada de leenda un cruceiro tên arrentes de sí a mesa de pedra onde pousan os mortos para lle botaren o responso; por antre os piñeiros amóstrase a ría maína; a lua está pendurada da ponla d' un pino. O pintor tên de evocar algo mais que unha visión, pois na mesa de pedra do cruceiro, aquela mesma tardiña, pousaron o corpo morto d' un rapaz que veu do servicio; por aquela congostra vai un estudante de crego cavilando na moza do pano roxo que lle roubou a vocación. E ao lonxe cantan un alalá.

* * *

Mañanciña de domingo. Os montes de lonxe teñen azures de Patinir; as xestas e os toxos poñen as suas motiñas marelas na diviña sinfonía verde da paisaxe. Moitas cousas mais tên a paisaxe para un artista, pois n-unha ponla d' aquela maceira o melro de Guerra Xunqueiro, «lucidio e xovial» ainda, agarda pol-o abade da aldea para lle dare os «bons días»; choveu onte; as campás da eirexa repinican unha muiñeira, e pol-os carreiros das veigas d' acolá embaixo as formiguiñas negras e roxas veñen â misa.

* * *

O tempo engalanou c' unha tona de ouro e prata o vello castelo feudal; os esclavos do fisco sachan o millo nas leiras; antre os salgueiros sombrizos do fondo do val avistas a fouce do río. O sol bate no lombo da terra. Todo está disposto para pintar, porque todo ê regalía dos ollos; pero na paisaxe hai

mais. Hoxe ê víspera de San Xuan, arrecende á colo de nai, cantan os grilos, e o vento morno trainos de lonxe o son d' un bombardino. Mañán lavarémonos con herbas arrecendentes.

* * *

Anoitecía. A silueta negra d' un pino dibuxábase no azul escuro do ceo. Todos sabedes que na primaveira os pinos botan milleiros de velas, collendo eisí o aspeito de candieiros xigantes. ¡Cantas veces sentimos desexos de acender as velas dos pinos! Pois ben; pero do meu pino acertou a pasal-o Viático aldeán (o crego, dous rapaces, catro mulleriñas que van rezando) e ¡oh miragre! o irmán pino sentindo o momento religioso, en homenaxe â sagrada forma, acendeu as suas velas, que estiveron acesas namentras ó Viático non se perdeu na revolta do camiño.

* * *

En día de Nadal, ollando unha paisaxe, que imitaba un Nacimento, decateime de que hai mais fermosura nas froliñas dos campos que nas froles de xardín. As froliñas ventureiras que nacen nos campos parecen creadas pol-o Bosco ou por Breughel o *vello,* namentras que as froles foulentas de xardín semellan encoiros manteigosos de Rubens. Dende enton eu quixera ser un ventureiro das letras.

ALFONSO R. CASTELAO

1926.

* * *

Unha vez tiven un cravo
Cravado no corazón
E non m' acordo xa s' era aquel cravo
D' ouro, de ferro, ou d' amor.
Soyo sei que me fixo un mal tan fondo,
Que tanto m' atormentou,
Qu' en día e noite sin cesar choraba
Cal chorou Magdalena na pasión.
—Señor, que todo o podedes,
Pidinlle unha vez á Dios,
Daime valor para arrincar d' un golpe.
Cravo de tal condición.
E deumo Dios e arrinqueino,
Mais... ¿quen pensara?.. Despois
Xa non sentin mais tormentos
Nin soupen o que era dôr
Soupen sô, que non sei que me faltaba
En donde o cravo faltou,
E seica, seica tiven soidades
D' aquela pena .. ¡Bon Dios!
Este barro mortal qu' envolve o esprito
¡Quen o entenderá, Señor!..

ROSALÍA CASTRO
Ano 1880

*
* *

Xa chegáran os días
Que os bardos anunciáran,
Das grandas largacías
As brétemas escuras s' alongáran
Ven a maturidade
Vora miés verdecente...
¡Galegos, espertade,
Baruda e forte xente;
Vosa fouce afiade
Como agudo crecente,

Vosa fouce famosa,
Vosa fouce robusta e fulxente!
Diante de vos ondea
A barda d' ouro ardente
Segade a vosa herdade...
¡Ai d' aquel que non sea valente!
Segade, galegos, con forza, segade.

EDUARDO PONDAL
Ano 1910

Na morte de Rosalía

Do mar pol-a orela
Eu vina pasar,
Na frente unha estrela,
No bico un cantar;
E vina tan sola
Na noite sin fin,
¡Qu' inda recei pol-a pobre da tola
Eu que non teño quen rece por mín!
A musa dos pobos
Que vin pasar eu,
Comesta dos lobos,
Comesta morreu...
Os ôsos son d' ela
Que vades gardar.
¡Ai, dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai, dos que levan no bico un cantar!

M. CURROS ENRÍQUEZ

Adiós a Galicia

As lixeiras anduriñas
pra Galicia vindo van;
veñen ledas tral-os niños
dos amores d' outro vran.
Deixan lonxe n-outras praias
os recordos d' un amor,

e aquí atopan amor novo,
doces bicos, craro sol.
¡Quen poidera tel-as alas
que elas teñen pra voar!
S' así fora non sintira
tanta pena por marchar.
Eu cal elas deixo a terra
dos recordos da niñez;
deixo a patria dos amores
sin esp' ranzas de volver.
Mais Galicia, se un mal fado
separarme fai de ti,
levo o corpo poil-a yalma,
toda enteira deixo aquí.
¡Adios casa, soutos, ríos,
veigas d' ouro, craro sol!..
¡Adios berce dos amores!..
¡Hasta sempre... voume, ¡adios!

SALVADOR GOLPE

¡Ela!

¡Non foi, non foi a lua,
non foi a diosa meiga,
albo cisne de neve,
vago craror das vívidas estrelas
¡Non foi, non foi a lua!
¡Foi ela, foi ela!
Non foron as aladas
melancólicas lêndas,
sereas como os lagos,
com' os lumiares da verdade eterna;
Non foron os delirios,
¡Foi ela, foi ela!
Foi ela. Era unha onda,
do río, mansa e leda,
leve como o voar das anduriñas,
fonda com' os currunchos da concencia.

Eu ben a vin, tiña o mirar d' esfinxe,
tiña a altivez de reina,
era feita de bágoas,
era feita de brétemas,

—

O río, maino, maino,
iba bicando as follas da ribeira,
furtando en cada bico un amoroso
agarimo da terra;
iba como quen palpa,
quediñamente, á cegas,
baixando pol-os seos
do seu leito de pelras.

. . . . . .

Eu vivía nas sombras,
eu vivía nas trebas,
y-ela, que todo o abarca,
espíritu sin beiras,
río que chega ao mar, mar que s' estende:
¡ela!
monte azul do hourizonte en que amorosos
se bican ceo e terra,
¡ela rachou a noite, e na miñ' alma
fixo lucir unha alborada eterna!
D' enton aos meus sentidos
todo fala d' amor: a branca area
da praya rumorosa;
o canto da muiñeira;
o menhir solitario,
pobre, iñorado asceta
no seu sudario envolto
de grama e de malezas;
a milagreira fonte
d' auga pura que reza
c' o seu run-run eterno
y-os seus beizos de pedra...

—

Zoar dos piñeirales,
arrulos da arboreda,
zongue-zongue dos ventos
entr' os brazos titáns da carballeira...
¡Non túchedes vosoutros!
¡Foi ela, foi ela!

URBANO GONZALEZ VARELA

A Cruña, 1897.

Meus irmáns!

Folliña murcha no vento
revoando sin parar,
eco de copra lexana
que resoa no pinal,
estrela tola que á tombos
pol-o ceo adiante vai...
¡como vós, vou pol-o mundo
sin saber onde irei dar!
Raiola de sol que morre
nas verdes augas do mar,
xiron de brétema escura
que cobre o frolido val,
verso doente de salmo
que chora fondo penar...
¡raiola, xiron e verso,
todos sodes meus irmáns!

RAMÓN CABANILLAS

Ruada

Canta ben, bergantiñán.
que os tempos na nosa terra
para ruadas están.

O tamboril e a muiñeira
ben nos din a sorte nosa;
¡non a vexa quen non queira!

Rapazas hai como estrelas,
xuventú nos peitos fortes...
¡Quén pensa en penas entre elas!

¿Pesa o fol...? guindal-o fora;
¿A gaita rise? pois...! rise,
Anque semella que chora!

E se non rí, xa rirá;
que o día ven tras da noite
e o teu día chegará.

Din as historias alleas
que son mais fortes os brazos
dos escravos, que as cadeas.

¿As armas tedes no chan?
Ben; bailade; hai mans de ferro
para collelas mañan.

EVARISTO MARTELO PAUMAN

Torres de Vimianzo, 1886.

Cantares do pobo

Miña nai, miña naiciña.
Como a miña nai ningunha,
Que me quenceu a cariña
Cô calorciño da sua.

Cría ti o teu filliño,
Dalle da tua tetiña,
Que n' hai leite nin cariño
Com' o da propia naiciña.

Miña nai como ê tan pobre,
Cando non tên que me dar,
Encheme a cara de bicos
E despois rompe a chorar.

A moza que ê caladiña
E non di mal de ninguén,
Canto mais baixiño mira
Tantos mais amigos tên.

¡Qué noite aquela, neniña,
Qué noite aquela de vran!
¡Ti contando nas estrelas
Y-eu as pedriñas do chan!

O meu corazón che mando
C' unha chave pra o abrir,
Nin eu teño mais que darche
Nin ti mais que me pidír.

Viva quen nos arrandea
Viva quen nos fai o son,
Viva quen ha de dormir
En par do meu corazón.

Unha mazán bermelliña
Picada d' un reiseñor;
Quen a picou que a roia,
Que lle levou o mellor.

Os fillos da miña filla
Todos meus netiños son;
Os fillos da miña nora
Quizais sí, ou quizais non.

Tamén a folla do millo
Tên a sua picardía,
Recolle o orvallo de noite
Para beber pol-o día.

O cura foi ao muíño
E levou o fol mais grande,
Porque a criada non pode
Mentras o neno non ande.

Danme peras ao almorzo,
Ao xantar peras me dan;
Danme peras â merenda,
De noite, peras sin pan.

Felices os que se deitan
Sin ansias en que pensar;
Érguense, porque despertan,
E saben que han de xantar.

Vocabulario galego-castelán

A

A. Artículo *la.*
Á. Preposición á.
Â. A la.
Aa. Ala para volar.
Aba. Falda.
Ababa. Amapola. V. *mapola.*
Abada. Regazada.
Abade. Abad.
Abadengo. Abacial.
Abafado. Apestado, abatido.
Abafallo. Desdén, desprecio.
Abafante. Sofocante.
Abafar. Sofocar, apestar, abatir.
Abaixamento. Rebajamiento, humillamiento.
Abaixar. Doblegar, abatir, humillar.
Abaixarse. Inclinarse, humillarse, rebajarse.
Abaixo. Abajo.
Abalar. Mecer, mover, oscilar. V. *abanear, arrolar.*
Abanar. Abanicar.
Abandallarse. Abandonarse, viciarse.
Abanear. V. *abalar.*
Abano. Abanico.
Abanqueiro. Cascada, V. *Fervenza.*
Abardar. Cerrar un terreno provisionalmente.
A barullo. En gran cantidad, sin orden.
Abastado. Abastecido.
Abastar. Abastecer.
Abátega. Lluvia torrencial
Abater. Abatir, derribar, deprimir.
Abatimento. Abatimiento.
Abeacas. Orejas del arado
Abelaira. Avellana. V. *abeleira.*
Abella. Abeja.
Abellariza. Colmenar.
Abelloar. Molestar, aguijonear.
Abellón. Abeja silvestre.
Abendizoar. Bendecir.
Abenzoar. Lo mismo que *abendizoar.*
Abermellar. Enrojecer.
Abertal. Monte público.
Abesullar. Estar a la mira
Abicedo. Terreno que da al poniente.
Abirta. Pequeño canal para regar prados o huertas
Abó, aboa. Abuelo, abuela
Aboenza. Abolengo.
Abofé, abofellas. En verdad.
Abollo. Aborto.
Abondar. Bastar.
Abondo (d'). Bastante en abundancia.

Aborcallar. Revolcar.
Aborrallar. Manchar con ceniza.
Aborrecer. Odiar.
Abotoar. Abotonar.
Abourar. Perseguir.
Abrandar. Ablandar. V. *amolecer.*
Abranguer. Coger alguna cosa que está a nuestro alcance.
Abrente. Amanecer.
Abrilantar. Abrillantar.
Abrollar. Brotar las plantas.
Abrollo. Abrojo.
Abronxar. Aturdir, ensordecer.
Abruñeiro. Ciruelo silvestre.
Absterse. Abstenerse.
Abufarse. Atufarse.
Aburacar. Horadar. V. *furar.*
Aburar. Quemar.
Aburbullar. Aburbujar.
Aburte. Buitre.
Acabación. Acción y efecto de acabar.
Acachoar. Hervir a borbotones.
Acadar. Alcanzar.
Acadarmar. Alcanzar, coger lo que huye.
Acaer. Asentar bien una cosa.
Acaescer. Acaecer.
Acalar. Acallar.
Acalmar. Calmar, apaciguar.
Acalear. Comprimir, apretar.
Acamar. Encamar.
A canchapernas. A horcajadas.
Acanear. Lo mismo que *abanear.*
Acarón. Junto, cerca, arrimado.
Acariñar. Acariciar.
Acea. Aceña, molino.
Acedar. Agriar, avinagrar.
Aceiro. Acero.
Aceiteira. Aceitera.
Aceitona. Aceituna.
Acenar. Hacer señas para que uno se aleje o acerque.
Acender. Encender.
Aceno. Seña, ademán.
Aceso. Encendido.
Acibeche. Azabache.
Acibre. Acíbar.
Acidume. Sabor ácido, desabrimiento.
Acima. Encima, arriba.
Acirrar. Azuzar. V. *encirrar.*
Acó. Aquí.
Acochar. Cubrir el cuerpo con la ropa de la cama.
Acoitar. Afligir, apenar.
Acoitelar. Acuchillar.
Acolá. Acullá.
Acolleito. Acogido.
Acoller. Acoger.
Acollido. Lo mismo que acolleito.
Acompangar. Compaginar, coordinar.
Aconchegar. Juntar, unir.
Aconsellar. Aconsejar.
Acontecer. Suceder una cosa.

Acorar. Afligir, sofocar, acongojar.
Acordanza. Acuerdo, memoria.
Acordar. Hacer memoria, despertar.
Acordo. Acuerdo.
Acoro. Ahogo, sofocación.
Acorrer. Socorrer, amparar.
Acorro. Socorro, amparo.
Acostumar. Acostumbrar. V. *afacer* y *adoitar.*
Acougar. Aquietar, sosegar.
Acougo. Sosiego, descanso.
Acoutar. Acotar.
Acreditar. Creer, dar crédito.
Acrescentar. Aumentar, acrecer.
Acugular. Coronar una medida.
Acugulo. Colmo.
Acurrunchar. Arrinconar.
Acurutar. Amontonar formando *curuto.*
Acusancia. Acusación.
Acha. Raja de madera.
Achádego. Hallazgo.
Achafallar. Hacer algo toscamente.
Achanar. Allanar, aplanar
Achar. Allanar, encontrar, descubrir.
Achegar. Allegar, acercar, arrimar.
Adágara. Adarga.
Adaxe. Fortuna, suerte.
Adega. Lugar donde se guarda el vino.
Ademais. Además.
Ademirar. Admirar.
Ademitir. Admitir.
Adeprender. Aprender.
Adequirir. Adquirir.
Adestrar. Adiestrar.
Adeus. Adiós.
Adiantamento. Anticipación.
Adiantar. Adelantar.
Adiante. Adelante.
Adianto. Adelanto, mejora
Adicación. Dedicatoria.
Adival. Sogar para guiar los bueyes.
Adivertir. Divertir, recrear
Adiviñar. Adivinar.
Adoar. Perfeccionar, pulir.
Adoecer. Enfermar, rabiar
Adoentar. Lo mismo que *adoecer.*
Adoitado. Habitual.
Adoitar. Acostumbrar.
Adoito. Como de costumbre.
Adoudar. Enloquecer.
Adormentar. Adormecer.
Adozar. Endulzar.
Adro. Atrio.
Adrede. Exprofeso, de intento.
Adubar. Adobar.
Aduciar. Contar por docenas.
Adxudicar. Adjudicar.
Adxuntar. Adjuntar.
Aeito. Conforme salga, sin escoger.
Afacerse. Acostumbrarse.
Afagar. Halagar.
Afastar. Apartar, alejar.
Afeito. Acostumbrado.

Afeizoar. Aficionar.
Afellas. V. *abofé.*
Afemiado. Afeminado.
Aferir. Contrastar.
Aferrollar. Aherrojar, prender.
Afervoar. Escitar, acalorar.
Afiar. Afilar.
Afillado. Ahijado.
Afincado. Ahincado, firme
Afincar. Ahincar.
Afinco. Ahinco.
Afirmanza. Firmeza.
Afitar. Apuntar.
Afiuzar. Inspirar confianza a otro.
Afociñar. Caer de narices.
Afogar. Ahogar.
Afogo. Ahogo, aflicción.
Afora. Afuera.
Aforcar. Ahorcar.
Aformigar. Hormiguear.
Aforrar. Ahorrar.
Aforrón. El que ahorra.
Afreitas. Avena.
Afronta. Afrenta.
Afumar. Ahumar.
Afundir. Hundir.
Afuracar. Horadar. V. *furar.*
Agachar. Esconder, ocultar.
Aganchar. Trepar, subir.
Agardar. Aguardar.
Agarimar. Amparar, proteger, abrigar, acariciar.
Agarimo. Amparo, abrigo, protección.
Agás. Excepto, sinó, a excepción.
Agasallar. Agasajar.
Agoirar. Agorar.
Agoiro. Agüero.
Agora. Ahora.
Agorentar. Confortar.
Agra. Extensión grande de terreno que pertenece a varios.
Agro. Lo mismo que *agra.*
Agulla Ahuja.
Agulleiro. Alfiletero.
Águia. Aguila.
Aguiar. Lugar donde hay águilas.
Aguillada. Aguijada.
Agurgullar. Borbollar, hacer borbotones el agua.
Ainda. Aún, todavía.
Ainda mais. Aún más.
Aira. Lugar donde se trilla el trigo. V. *eira.*
Aixada. Azada. V. *eixada.*
Alá. Allá, allí. V. *acolá.*
Alalá. Canto popular gallego.
Alampar. Relampaguear, llamear.
Alar. Izar con cuerdas.
Alaranxado. Anaranjado.
Alayar. Doler una herida. V. *magoar, layar.*
Alaxa. Alhaja. V. *xoia.*
Albariza. Colmena. V. *abellariza.*
Albeiro. Albo, blanco.
Albexar. Blanquear.
Albor. Primera luz del día.
Alborada. Música al rayar el día.
Alborexar. Alborear.
Alcabaleiro. El que cobra las alcabadas.
Alcayota. Alcahueta.

Alcender. V. *acender.*
Alciprés. Ciprés.
Alcolve. Semillero.
Alcumar. Poner motes o apodos.
Alcume. Apodo.
Alcuña. Alcurnia.
Aldean. Aldeano.
Aldraxar. Ultrajar, vilipendiar.
Aldraxe. Ultraje.
Aledar. Causar alegría.
Alegrías. Livianos, pulmones, bofes
Aleixado. Lesionado, alejado.
Aleivar. Lesionar. V. *alonxar.*
Alende. Allende.
Alen-mar. Ultramar.
Alentar. Respirar.
Aletexar. Alentar, mover las alas sin volar.
Alfaiar. Amueblar.
Alfaiate. Sastre.
Alfandiga. Aduana.
Alferga. Dedal.
Alfinete. Alfiler.
Alfolín. Almacén de sal.
Alforxa. Alforja.
Alfoz. Arrabal, tierra llana
Algar. Cueva, caberna. V. *furna.*
Algueirada. Travesura.
Algueirar. Vocear, gritar, decir sandeces.
Algueireiro. Alborotador, embustero.
Alguén. Alguien.
Algún, algunha. Algún, alguna.
Algures. En alguna parte.
Alí. Allí.
Aliás. De otro modo, excepto.
Alicerce. Cimiento, base, apoyo.
Alifante. Elefante.
Alifaz. Enfermedad, mala nota.
Alimaría. Alimaña, animal
Aliñar. Alinear.
Alixeirar. Aligerar.
Almallo. Novillo.
Almea. Almena.
Almibre. Almíbar.
Almiral. Almirante.
Almoeda. Almoneda.
Almoiña. Huerta amurallada.
Almorzo. Almuerzo.
Aló. Allá, a lo lejos.
Alodio. Posesión sin carga alguna.
Alombado. Cargado de espaldas.
Alongado. Alargado.
Alongar. Alargar, extender.
Aloumiñar. Acariciar.
Aloumiño. Caricia, mimo.
Aloxar. Alojar.
Alpeiro. Montañoso, escarpado.
Alpendre. Cobertizo.
Alporizar. Erizar, irritar.
Alquitarar. Destilar, alambicar.
Alteiro. Alto. V. *outo.*
Alteiroso. Altivo, orgulloso.
Altor. Altura.
Aluado. Lunático, influenciado por la luna.

Alucar. Acechar, espiar, V. *axexar.*
Alugar. Alquilar, arrendar
Alugo. Alquiler.
Alumar. Alumbrar. V. *alumear.*
Alume. Alumbre.
Alumear. V. *alumbrar.*
Alumiñar. Inspirar, persuadir.
Albeiro. Mojón, poste, piedra.
Alxofre. Aljófar.
Alzadeiro. Vasar, estante en la cocina para platos, etcétera.
Amaciar. Suavizar, serenarse.
Amadurar. Hacer madurar
Amainar. Aplacar, disminuir.
Amalado. Enfermo.
Amañar. Arreglar, disponer, preparar con cuidado.
Amaño. Trampa, arreglo.
Amarelo. Amarillo.
Amargurar. Llenar de amargura.
Amartelar. Amartillar.
Ambente. Ambiente.
Amboade. Lugar donde se fabrican tinajas.
Ameigar. Embrujar.
Amenedo. Grupo de ameneiros.
Ameneiro. Aliso.
Amenta. Menta.
Amigo. Amigo, querido.
Amilladoiro. Monte de piedras que los devotos de un santo depositan en un lugar.
Aminguar. Amenguar.
Amoado. Caldo para hacer *filloas.*
Amoblar. Amueblar.
Amocar. Fastidiar.
Amodo. Despacio, con cuidado.
Amolegar. Abollar, ablandar.
Amontoar. Poner en montón.
Amora. Zarzamora.
Amore. Amor. V. *namoro.*
Amorear. Amontonar, hacer *moreas.*
Amoreira. Morera.
Amornar. Calentar ligeramente.
Amornecer. Lo mismo que *amornar.*
Amorriñado. Abatido, triste, débil.
Amortallar. Amortajar.
Amostrar. Exhibir, hacer ver.
Amouroar. Cerrar y asegurar puertas y ventanas.
Amuar. Poner de mal humor.
Amúo. Mal humor, enfado.
Anaco. Pedazo, trozo pequeño.
Anada. Cosecha anual.
Ancas. Grupa.
Anceio. Ansia, anhelo. V. *arela.*
Áncora. Ancla.
Ancorar. Anclar.
Andacio. Epidemia.
Andaina. Caminata.

Andorga. Panza, vientre.
Andrómena. Mentira, patraña.
Anduriña. Golondrina.
Aneiro. Arbol que da fruta un año sí y otro no.
Anelo. Sortija.
Angunir. Cansar, *mal de ojo*.
Angueira. Tarea, trabajo.
Anguía. Anguila.
Anguria. Angustia, abatimiento.
Anguriar. Angustiar.
Animalía. Animal irracional.
Aninovo. Año nuevo.
Aniñar. Anidar.
Ano. Ano.
Anoitecer. Anochecer.
Anordestar. Inclinarse al Noroeste.
Anta. Piedra para acotar el terreno.
Antano. Antaño.
Antepeito. Antepecho. V. *peitoril*.
Antepor. Anteponer.
Antergo. Anciano.
Antigo. Antiguo.
Antollar. Antojar.
Antollo. Antojo.
Antonte. Anteayer.
Antre. Entre.
Antroido. Antruejo, Carnaval.
Antronte. Antes de anteayer.
Anxo. Angel.
Anzol. Anzuelo.
Año. Cordero.
Ao. Al.
Aonde. A donde
Apadriñar. Apadrinar.
Apaixoar. Apasionar.
Apalpar. Palpar.
Apandar. Aguantar, sufrir.
Apañar. Recoger lo diseminado.
Aparceiría. Convenio para un negocio mutuo.
Aparellar. Aparejar.
Aparello. Aparejo.
Aparvado. Abobado.
Apasar. Apacentar.
Apauliñar. Excomulgar
Apear. Deslindar, medir tierras.
Aperta. Apretón de cariño.
Apertadoiro. Cinto.
Apertar. Apretar.
Apisoar. Apisonar,
Apodrecer. Pudrir.
Apoltroarse. Hacerse perezoso.
Após. En pos, detrás, en seguimiento.
Apóstolo. Apóstol.
Apoucar. Disminuir, humillarse.
Apoupar. Popar, ofender, deprimir.
Apousar. Reposar, descansar.
Apouso. Descanso.
Apouvigar. Azotar, abatir los vientos con fuerza.
Apreixar. Agarrar, abarcar, abrazar.
Apreta. V. *aperta*.
Aprisoar. Aprisionar.
A prol. En provecho, a beneficio.
Aproveitar. Aprovechar.

Apupar. Abuchear.
Aquecer. Calentar, Estar una cosa bien apropiada.
Aquecimiento, Calentamiento.
Aquentar. Calentar.
Aquil. Lo mismo que *aquel*.
Aquiñoar. Dividir en quiñones.
Ar. Aire.
Aramio. Alambre.
Arañeira. Telaraña.
Arastora. En la hora presente.
Arbore. Arbol.
Arboredo. Arboleda.
Arca. Cofre. Dolmen, mámoa.
Arcanxo. Arcangel.
Arcebispo. Arzobispo.
Arco da vella. Arco iris.
Ardencia. Ardor, valentía.
Ardente. Ardiente.
Ardentía. Ola muy crecida
Ardidamente. Intrepidamente.
Ardido. Denodado, osado.
Ardigo. Arido, estéril.
Ardora. Fosforescencia en el mar.
Aréa. Arena.
Areal. Arenal.
Arela. Ansia, deseo.
Arelar. Ansiar.
Areoso. Arenoso.
Aretes. Arillos o pendientes.
Argadelo. Devanadera.
Argallada. Embuste.
Argallar. Mentir, inventar, embrollar, Engañar.
Aridade. Aridez.
Armeiro. Armero
Armental. Igual que *armentío*.
Armentío. Conjunto de ganado.
Arneiro. Costra en las peñas del mar.
Arnela. Raigon, raíz de los molares.
Aro. Arco. Pato marino.
Arquivar. Archivar.
Arquivo. Archivo.
Arrabuñar. Arañar.
Arraiar. Raiar, brillar, resplandecer.
Arrán. Rana.
Arrandea. Mecer, columpiar.
Arranxar. Arreglar.
Arrapiñar. Arrebatar, hurtar.
Arrebolar. Pasar el rasero (rebola) por los granos al medirlos.
Arrecadar. Reunir, recoger, alanzar.
Arrecender. Lo mismo que *recender*. Olor agradable
Arrecendo. Lo mismo que *recendo*.
Arreconchegar. Reunir, juntar.
Arrechegar. Acercar, aproximar.
Arredar. Separar, apartar.
Arredor. Alrededor, en torno.
Arreiga. Arraigar.
Arrempuxar. Empujar.
Arremuiñar. Arremolinar.
Arrentar. Cercenar.

Arreo. Continuamente seguido.
Arrepañar. Juntar y recoger sin dejar nada.
Arrepiar. Temblar, escalofriar.
Arrequecer. Rendir, producir el fruto más de lo que se esperaba.
Arrequentar. Agregar algo a lo ya reunido. V. *requentar*.
Arrichar. Animarse, atreverse, decidirse.
Arriscar. Arriesgar.
Arrolar. Arrullar.
Arrolo. Canción de cuna. Arrullo.
Arroubamento. Arrobamiento.
Arroubar. Robar.
Arroutada. Rapto, arrebato.
Arruallo. Orgullo, altanería.
Arteixo. Articulación, nudillo de los dedos.
Artello. Tobillo
Aruñar. Arañar.
Asadoiro. Asador.
Asalloso. Alegre, hermoso
Asañar. Irritar. incomodar
Asaño. Furia, resentimiento.
Asasinar. Asesinar.
Asemade. Una vez, por fin, como iba diciendo, tan pronto.
Asemellar. Lo mismo que *semellar*.
Asenllar. Agenciar, procurar una cosa.
Asentadoiro. Asiento.
Aseñar. Señalar, dar señal de un contrato.
Así logo. En verdad que sí.
Así mesmo. Así mismo, también.
Asinalar. Señalar.
Asinar. Firmar.
Asisado. Juicioso.
Asneira. Borricada, sandez.
Asoante. Asonante.
Asoballador. Avasallador, humillante.
Asoballar. Avallasar, vejar.
Asobiar. Silbar.
Asobío. Silbido.
Asolagar. Sumergir.
Asomade. Una vez, al cabo, de una sola vez.
Asomar. Hacer sombra.
Asomellar. Asemejar.
Asosegar. Sosegar, reposar.
Aste. Palo de una bandera.
Asubiante. Sibilante, que silba.
Asubíen. Silben.
Asubío. Silbido.
Ata. Hasta.
Atafegar. Tapar, cubrir.
Atallar. Atajar.
Ateigar. Atestar, llenar.
Aterecerse. Aterirse.
Aterrecer. Amedrantar, atemorizar.
Atinguir. Lo mismo que *atinxir*. Foun, conseguir, comprender.
Atolado. Alocado.
Atopar. Hallar.

Atraente. Atrayente.
Atranco. Estorbo.
Atrapallar. Confundir, desordenar, embrollar.
Atrevimento. Atrevimiento.
Atristar. Entristecer.
Atroar. Atronar, aturdir.
Atuar. Atascar, obstruir.
Atullar. Guardar en la *tulla*.
Aturuxar. Lanzar *aturuxos*.
Aturuxo. Grito entusiasta en fiestas.
Auga. Agua.
Augacento. Aguado.
Augardente. Aguardiente.
Aunar. Ayunar.
Automóvele. Automóvil.
Avantar. Avanzar.
Avea. Avena.
Aveal. Campo de avena.
Avelá. Avellana.
Avelaira. Insecto coleóptero.
Avelaneira. Avellano.
Aveledo. Campo de avellanos.
Aveleira. Avellano.
Avellentar. Avejentar.
Aventurar. Arriesgar, aportar.
Avenza. Hacienda Ganado lanar.
Avergoñar. Avergonzar.
Avíado. Ataviado.
Aviltar. Envilecer, degradar.
Avinzar. Concertar, pactar
Aviñeira. Marisco semejante a la vieira, pero más pequeño.
Avir. Avenir.
Aviventar. Resucitar, vigorizar.
Avolumar. Aumentar.
Axe. Desaire, ofensa.
Axeitado. Arreglado, adaptado.
Axeitar. Adaptar, arreglar, similar.
Axexar. Vigilar, observar disimuladamente.
Axexo. Acecho, vigilancia.
Axil. Agil.
Axiña. En seguida, pronto.
Asionllar. Arrodillar.
Axóuxere. Cascabel.
Axudar. Ayudar.
Axuntamento. Ayuntamiento. V. *Concello*.
Axuntar. Juntar, reunir.
Axustar. Ajustar.
Aza. Ala, flanco, lado. V. *Aa*.
Azaro. Desgracia imprevista.
Azo. Animo, aliento, fuerza
Azougar. Azogar.
Azouta. Azote.
Azoutar. Azotar.
Azucre. Azúcar. V. *zucre*.

B

Babadoiro. Babero.
Baballar. Babear.
Babeco. Babieca, idiota.
Babión. Necio, indolente.
Bacallao Bacalao.
Bacelo. Vara de vid que da fruto.

Bacía. Artesa pequeña para amasar.
Bacoeira. Holgazana.
Bácoro. Lechoncillo.
Badal. Badajo.
Badameco. Vade, cartapacio.
Badía. Bahía.
Baduar. Hablar necedades, alborotar.
Baesta. Ballesta.
Baesteiro. Ballestero.
Bafar. Bahear, desdeñar.
Bafarada. Vaharada.
Bafío. Olor a humedad.
Bafo. Aliento, respiración, aire caliente de los pulmones.
Bagazo. Orujo.
Bago. Fruto de varias plantas. Grano de las uvas.
Bágoa. Lágrima.
Bagulla. Igual que *bágoa.*
Bailadoiro. Lugar donde se baila. V. *turreiro.*
Baíña. Vaina, funda de cuero.
Baixar. Bajar.
Baixada Bajada.
Baixamar. Bajamar.
Baixío. Bajo, banco de arena o rocas en el mar.
Balado. Vallado.
Balbor. Fragor, ruído confuso y lejano.
Balbordo. Vocerío, tumulto
Baldeiro. Vacío.
Baldío. Terreno sin cultivar
Baldreu. Persona sucia y descuidada.
Baldrocas. Torpe, desmañado.
Balea. Ballena.
Baleiro. Vacío.
Balir. Balar.
Baltar. Cepa.
Baloca. Patata temprana.
Balor. Moho.
Balorecer. Enmohecer.
Balorento. Mohoso.
Balrovento. Barlovento.
Baltroteiro. Tramposo, zafio.
Baluce. Pepitas de oro en los ríos.
Baluma. Balumba.
Balume. Hierba que se guarda seca. Heno.
Baluro. Hechicero.
Baluto. En vano, inútilmente.
Bambear. Columpiar.
Bambeeira. Mecedora.
Ban. Habitación en el *sobrado.*
Bancada. Hilera de bancos, principalmente en las embarcaciones.
Bandalleiro. Desaseado, roto, desvergonzado.
Bandallo. Pedazo de paño viejo y roto.
Bandear. Flamear, ondear.
Bandeira. Bandera.
Bandoleiro. Bandolero.
Bandullo. La tripa grande del cerdo.
Baña. Grasa.
Bao. Aporrillo, copiosamente. V. *Avau.*
Barafunda. Baraúnda.
Baralla. Baraja.
Barallante. Charlatán.
Barallar. Barajar.

Barallocas. Informal, charlatán.
Baranda. Balaustrada, antepecho del balcón o escalera.
Barateza. Baratura.
Baraxa. V. *baralla.*
Barballoar. Charlatanear.
Barbeiro. Barbero.
Barbeito. Barbecho.
Barboleta. Mariposa. V. *volvoreta.*
Barburiña. Pera así llamada.
Barcádiga. La carga de una barca.
Barcal. Barreño.
Barcia. Planicie. Sitio donde nace el agua.
Barda. Sembrado de trigo ya maduro
Bardo. Antiguo poeta celta, que tenía carácter sacerdotal.
Baril. Bueno, gentil, fuerte.
Barileza. Gentileza.
Barqueiro. Barquero.
Barra. Parra.
Barral. Barrizal.
Barredo. Taller de alfarero
Barrento. Barroso.
Barroco. Monte de barro o pizarra.
Barrufeiro. Caballo de mal aspecto.
Barudo. Fuerte, varonil.
Barullo Ruído, alboroto.
Basoira. Escoba.
Bastida. Trinchera, defensa
Batalada. Campanada.
Batelada. Carga de batel.
Bater. Batir.
Bazo. Empañado, opaco.
Bébeda. Peonza.
Bébedo. Borracho.
Beche. Matarife.
Beilar. Bailar.
Beira. Orilla, margen de un río o mar.
Beiramar. Orillamar.
Beixar. Besar. V. *bicar.*
Beixo. Beso. V. *bico.*
Beizo. Labio.
Beldade. Beldad.
Beleza. Belleza.
Belido. Bello.
Beliscar. Pellizcar.
Belisco. Pellizco.
Belo. Bello V. *belido.*
Belvis. Terraza, mirador.
Ben. Bien.
Benamado. Bien amado.
Benfeitor. Bienhechor.
Bénia. Bien haya.
Benquerencia. Cariño, afecto.
Bens. Bienes, riqueza. V. *bés*
Bento. Bendito.
Benvido. Bienvenido.
Benzon. Bendición.
Beo. Manivela, manubrio.
Berce. Cuna.
Bergallán. Desidioso, holgazán.
Bergantiñán. Natural de Bergantiños.
Bermello. Bermejo, rojo.
Berrar. Gritar, regañar.
Berro. Grito.
Berza. Col.
Bés. V. *bens.*
Besadoiro. Arado de cuchillas.
Besta. Bestia.

Besteiro. Ballestero.
Bexato. Milano.
Bica. Torta de harina.
Bicar. Besar. V. *beixar*.
Bico. Beso.
Bicheiro. Bichero.
Bichuchía. Llovizna menuda.
Bido. Abedul.
Bidueiro. Igual que *bido*.
Biduido. Bosque de bidueiros.
Bieito. Bendito.
Bífero. Planta que da fruto dos veces en el año.
Bigode. Bigote.
Billa. Grifo de salida.
Biqueira. Punta de la bota.
Bisabó. Bisabuelo.
Bisaboa. Bisabuela.
Bisarma. Pegueña hoz con una punta al lado opuesto.
Bisbarra. Comarca.
Biscoito. Bizcocho.
Bismar. Bajar, atar, comprimir una parte del cuerpo.
Bisneto. Biznieto.
Bispado. Obispado.
Bispo. Obispo.
Bo, Boa. Bueno, buena.
Bobiné. Pañuelo blanco de encajes para las fiestas.
Bocelo. Portillo, abertura en las *sebes*.
Bode. Obeso, pellejo inflado.
Boedo. Terreno pantanoso.
Boente. Bonancible.
Bofe. Pulmón.
Boh! Usase con expresión de indiferencia.
Boi. Buey.
Boiro Niebla. V. *brétema*.
Bola. Torta de pan. V. *bica*.
Bolecho. Rechoncho.
Boletín. Periódico.
Boleto. Contraseña o entrada para el teatro.
Boligar. Bullir, agitarse.
Borboleta. Mariposa. V. *volvoreta*.
Borbotar. Nacer o hervir el agua.
Borco. Boca abajo.
Bordel. Lupanar.
Borra. Heces.
Borralla. Rescoldo.
Bosco. Bosque.
Botar. Echar, arrojar, lanzar.
Bouga. Fama, rumor.
Boullon. Borbotón.
Bradar. Clamar, gritar.
Bragas Calzones.
Bramir. Bramar.
Brancor. Blancura.
Brandariz. Faro.
Brandón. Blandón.
Brandura. Blandura.
Branquexar. Blanquear.
Braña. Terreno pantanoso. V. *boedo*.
Bravádigo. Sitio donde se cría varas de castaño para arcos.
Bravío. Olor de los animales.
Brégolas. Desaliñado.
Breixa. Cascada. V. *fervenza*.
Brétema. Niebla, nieblina.
Bretemoso. Nebuloso.
Brexo. Terreno sin cultivar.

Brigante. Bribón.
Brilante. Brillante.
Brilar. Brillar.
Brincar. Jugar, retozar.
Brincos. Pendientes.
Bris. Brisa.
Broa. Pan de maíz.
Brodio. Caldo mal confeccionado.
Broma. Gusano que come la madera.
Bruar. Rugir, bramar.
Bruído Ruído.
Bruír. Zumbar. V. *Bruar*.
Brume. Pus, postema.
Bruxa. Bruja.
Bucear. Nadar bajo el agua.
Buceta. Pequeña embarcación.
Bueiro. Tubo para salida de aguas.
Bufar. Resoplar.
Bufarda. Ventana que dá al tejado.
Bufarra. Tragaluz.
Bugallo Agalla. Excrecencia que se forma en las hojas del roble.
Buguina. Caracol marino que los marineros tocan.
Buligar. Bullir, agitarse.
Bulir. Hacer las cosas a prisa.
Bulleiro. Tremedal, pantano.
Bulso. Bolsillo.
Buño. Especie de junco.
Burata. Hoyo, foso.
Burdelo. Casa de rameras.
Burel. Paño grueso de lana.
Burga. Manantial de agua caliente.
Búsola. Brújula.
Buxaina. Trompo.
Buxeu. Tablajero.
Buxo. Boj.

C

Cabala. Caballa, pez.
Cabaleiro. Caballero.
Cabalo. Caballo.
Cabana. Cabaña.
Câbaza. Calabaza.
Cabazo. Hórreo rústico para guardar fruto.
Cabe. Junto á...
Caboceiro. Albacea.
Cabeleira. Cabellera.
Cabelo. Cabello.
Cabezal. Almohada.
Cabezaleiro. El mayor llevador de una tierra aforada.
Cabo de... Junto á...
Cabreiro. Cabrero.
Cabuxeiro. Rencoroso.
Cacarexar. Carear.
Cacha. Nalga.
Cachafullada. Trastes viejos.
Cachear. Registrar.
Cachela. Fogata.
Cachelo. Pedazo de patata.
Cachizas. Añicos.
Cacho. Pedazo.
Cachola. Cabeza del cerdo.
Cachón. Borbollón. Hervor.
Cachopa. Cepo.
Cadaleito. Ataúd.

Cadavre. Cadáver.
Cadea. Cadena.
Cadeira. Cadera, silla.
Cadela. Perra.
Cadexo. Madeja pequeña.
Cadillo. Cordón umbilical.
Cadoiro. Cascada. V. *fervenza*.
Cadrar. Coincidir una cosa con otra.
Cadril. Cadera, anca.
Caeira. Calera.
Cafraría. Cafrería.
Cágado. Renacuajo.
Cagarría. Diarrea.
Caiar. Calear.
Caimbra. Arcada.
Caír. Caer.
Caixa. Caja.
Caixeiro. Cajero.
Cal. Cual.
Calada. Silencio.
Calamidade. Calamidad.
Calar. Callar.
Calcañar. Talón.
Caldas. Aguas naturales calientes.
Caldeirada. Guisado de diferentes pescados.
Caleira. Mina de piedra caliza.
Calexón. Callejón.
Cáligo. Oscuridad producida por la niebla.
Callado. Cuajado.
Callar. Cuajar.
Callón. Cuajazón.
Caloñar. Calumniar.
Calquer-a. Cualquier, cualquiera.
Calunia. Calumnia.
Calzas. Pantalón.
Calzón. Pantalón corto.
Camariñas. Fruto del espino.
Camarón. Quisquilla.
Cambado. Estevado.
Camballeira. V. *Gramalleira*.
Cambar. Arquear, curvar.
Cambuceiro. Embustero.
Camelo. Camello.
Camiñar. Caminar.
Camiño. Camino.
Camoesa. Variedad de manzana.
Campa. Sepultura, piedra sepulcral.
Campá. Campana. V. *sino*.
Campaíña. Campanilla.
Campelo Campillo.
Camposa. Campo de secano.
Can. Perro.
Cana. Caña de huerta.
Canaval. Cañaveral.
Cancela Cancilla.
Cancro. Cáncer.
Cancha. Abertura entre las dos piernas separadas.
Candal. Alto y delgado.
Candea. Vela. Flor del castaño.
Candelo. Candil.
Candieiro. Lámpara de aceite.
Cando. Cuando.
Candonga. Mujer de mala vida.
Caneiro. Pequeño canal en el río.
Cangar. Cargar.
Canle. Canal para conducir aguas.

Cano. Caño.
Canso. Cansado.
Canté! Así es, no cabe duda.
Cántiga. Cantar, copla.
Canzón. Canción.
Cañizo. Pesqueras de agua dulce.
Cañoto. Troncho.
Capela. Capilla.
Capelán. Capellán.
Capoeira. Gallinero.
Carambulla. Hueso de fruta.
Carantoña. Mueca, cara fea.
Caravel. Clavel.
Caravilla. Clavija.
Carballeira. Robleda.
Carballo. Roble.
Carballal. Lo mismo que *carballeira*.
Carcere. Cárcel.
Cardeal. Cardenal.
Cardeña. Especie de hoz larga.
Cargadoiro. Cargadero.
Caridoso. Caritativo.
Carís. Gesto, rostro.
Carneiro. Carnero.
Caroca. Mentira.
Caron. Junto, cerca. *A caron do lar*, cerca de la lumbre.
Carozo. Corazón de las frutas, y parte leñosa de las mazorcas.
Caspir. Plañir, llorar, dolerse.
Carral. Camino de carro.
Carraxe. Coraje, cólera.
Carregar. Cargar.
Carrexar. Acarrear.
Carriza. Musgo.
Cartafol. Cartapacio.
Cartorio. Archivo de documentos.
Caruncho. Carcoma.
Cas. Contracción de *con as*.
Casal. Casa solariega. Granja.
Casca. Corteza.
Cascallo. Cascajo.
Cascuda. Cucaracha.
Casoiro. Casamiento.
Casqueiro. Ripia.
Castañolas. Castañuelas.
Castela. Castilla.
Castelán. Castellano.
Castelo. Castillo.
Castiñeiro. Castaño.
Castro. Fortaleza celta en la cumbre de los montes.
Catar. Inquirir, procurar, buscar.
Cativo. Malo, pequeño.
Caurel. Lo mismo que *courel*. Borda de las embarcaciones.
Cavado. Cóncavo.
Câveira. Calavera.
Cear. Cenar.
Cecimbre. Menta, hierba buena.
Cedo. Temprano.
Cegoña. Cigüeña.
Ceibar. Soltar.
Ceibo. Suelto, libre.
Cela. Celda.
Celeiro. Cueva, bodega.
Cella. Ceja.
Celme. Substancia, jugo.
Cencia. Ciencia.
Ceno. Cieno.

Centeo. Centeno. V. *orgo*.
Centilación. Brillo.
Centilar. Centellear, brillar.
Ceo. Cielo.
Cerdeira. Cerezo.
Cereixa. Cereza.
Cerna. La parte más dura del tronco de un árbol.
Cerralleiro. Cerrajero.
Cerrizo. Espina dorsal.
Cerume. Cera de los oídos
Ciar. Remar hacia atrás.
Cibeira. Cebadera, comedera.
Cicel. Cincel.
Cidra. Sidra.
Cimo. Cima, cumbre. V. *cume*.
Cinguir. Ceñir, rodear, ajustar.
Cinza. Ceniza.
Cío. Celo.
Circio. Recto, derecho, tenso.
Cirolas. Calzones de lienzo
Ciscar. Desparramar, defecar.
Ciumes. Celos.
Clangor. Sonido de trompetas.
Clarencia. Claridad.
Claridade. Lo mismo que *clarencia*.
Cóbado. Codo.
Cobiza. Ambición, deseo violento.
Cobizar. Ambicionar.
Cobra. Culebra.
Cóbrega. Lo mismo que *cobra*.
Coca. Tarasca.
Cociña. Cocina.
Cochar. Tapar, abrigar.
Cócho Puerco.
Codelo. Mendrugo.
Codeso. Pequeño arbusto. V. *xesta*.
Codia. Corteza.
Coello. Conejo.
Coengo. Canónigo.
Coidar. Creer, entender, pensar.
Coiro. Cuero.
Coita. Aflicción, angustia.
Coitelo. Cuchillo.
Coleira. Collera.
Colete. Chaleco.
Coliga. Nuca.
Colleita. Cosecha.
Coller. Coger.
Colmea. Colmena. V. *cobo*
Colo. Cuello, regazo.
Coma. Como.
Cómaro. Pequeño ribazo.
Comenencia. Conveniencia.
Comenente. Conveniente.
Comenzo. Comienzo, principio.
Comezar. Principiar.
Compangar. Compaginar.
Compaña. Compañía.
Comparanza. Comparación.
Compoñer. Componer.
Compôr. Lo mismo que *compoñer*.
Con. Peñasco.
Concello. Concejo, Ayuntamiento.
Concencia. Conciencia.
Cónchega. Concha. V. *cuncha*.

Conego. Çanónigo. V. *coengo.*
Congostra. Camino de carro entre muros o ribazos
Connosco. Forma de ablativo con nosotros.
Conoscer. Conocer. V. *coñecer.*
Consello. Consejo.
Consogro. Consuegro.
Conta. Cuenta.
Contentamento. Satisfacción.
Conter. Contener.
Contido. Contenido.
Conto. Cuento, narración.
Contraír. Contraer.
Contravir. Contravenir.
Conversa. Conversación.
Convir. Convenir.
Convosco. Con vosotros.
Conxote. Muslo.
Coñecer. Conocer. Igual a *conoscer.*
Côr. Color.
Côrar. Colorear.
Coraxe. Coraje.
Corda. Cuerda.
Cordeiro. Cordelero.
Cordo. Cuerdo.
Corga. V. *Congostra.*
Corgo. Estanque para curtir lino.
Corisco. Aguacero impetuoso y frío.
Cornecho. Angulo, rincón.
Corno. Cuerno.
Coroa. Corona.
Coroza. Capa de paja.
Corredoira. Camino de carro.
Corruncho. V. *cornecho.*
Corte. Cuadra.
Cortexo. Comitiva.
Cortiña. Tierra labradía cerrada.
Cortiza. Corcho.
Coruscar. Fulgurar.
Cós. Cintura. V. *van.*
Côs. Con los.
Cosperir. Desbastar.
Costas. Espaldas.
Costumar. Acostumbrar.
Costume. Costumbre.
Cotarelo. Picacho, colina.
Cote (de). Siempre absolutamente.
Cotelo. Juanete.
Cotío (de). V. *decote.*
Cotón. Algodón.
Cotovía. Alondra.
Couce. Cabo, contera, patada.
Courel. Borda de las embarcaciones.
Coutar. Acotar.
Couto. Coto.
Cova. Cueva.
Covil. Madriguera.
Cóxegas. Cosquillas.
Crarear. Clarear.
Crarexar. Lo mismo que *crarear.*
Crevar. Quebrar, romper.
Crecha. Guedeja. V. *guedella.*
Crego. Clérigo.
Crênza. Creencia.
Crêr. Creer.
Crescer. Crecer.
Creto. Crédito, fama.
Crianza. Urbanidad, educación.
Cridar. Gritar.

Cris. Eclipse.
Cristaíño. Cristalino.
Croa. Corona. V. *coroa.*
Crocar. Abollar.
Croque. Coscorrón.
Croio. Piedra, cuarzo.
Crudel. Cruel.
Cu. Culo.
Cuase. Casi.
Cubela. Caja de la cerradura.
Cugular. Colmar, llenar, rebosar.
Cugulo. Colmo.
Cullerada. Cucharada.
Cume. Cumbre.
Cumio. Igual que *cume.*
Cumprido. Cumplido, cortés.
Cunca. Taza.
Cuncha. Concha.
Cunqueiro. Vasar.
Curmán. Primo.
Curro. Corral.
Curtiña. Pequeña huerta cerrada.
Curuto. Cúspide.
Curuxa. Lechuza.
Cuspe. Saliva.
Cuspideira. Escupidera.
Cuspir. Salivar.
Cuxo. Ternero.

CH

Chá. Llano, plano.
Chafallar. Chapucear.
Chafulleiro. Chapucero.
Chaga. Llaga.
Chama. Llama.
Culler. Cuchara.
Chamar. Llamar.
Chamizo. Leño medio quemado.
Chamorro. Pelado.
Chan. Suelo, terreno plano.
Chanco. Zueco.
Chanqueiro. Zoquero.
Chao. Lo mismo que *chan.*
Chapeu. Sombrero.
Chapuceiro. Chapucero.
Charamusca. Chispa.
Charuto. Cigarro.
Chave. Llave.
Chavello. Colmillo.
Che. Acusativo del pronombre *te.*
Chea. Llena.
Chegar. Llegar.
Cheirar. Exhalar olor. V. *recender.*
Cheirume. Mal olor.
Chiar. Gorjear, piar.
Chilrear. Trinar, gorjear.
Chío. Trino.
Chisca. Pizca.
Chispa. Rayo, centella.
Choca. Hueca.
Choco. Huevo que no produce pollo.
Choer. Cerrar una heredad
Choqueiro. Mascarón, espantajo.
Chorar. Llorar.
Chorima. Flor del tojo.
Choupar. Hacer ruído con el remo en el mar.
Chousa. Pequeña heredad cercada.
Choutar. Retozar.
Chouto. Salto. V. *brinco.*
Chover. Llover.
Choya. Corneja.

Choyo. Negocio.
Chuchar. Chupar.
Chufar. Alabar, ensalzar.
Chufón. Casamentero.
Chumbada. Plomada.
Chumbo. Plomo.
Churrusqueiro. Gracioso, chistoso.
Chuscar. Cerrar nn ojo con disimulo.
Chuvia. Lluvia.
Chuviscar. Lloviznar.

D

Da. De la.
Dalí. De allí.
Danar. Dañar.
Daquela. Entonces. V. *entón.*
Data. Fecha.
Debalar. Disminuir, descender.
Debalo. Decrecimiento.
Debecer. Ansiar.
Débeda. Deuda.
Debesa. Dehesa.
Debellar. Desgranar.
Decatarse. Percatarse, darse cuenta.
Decorrer. Transcurrir.
Decote. Siempre, continuamente.
Decotío A diario, de contínuo.
Defeso. Prohibido.
Degarar. V. *debecer.*
Degoirador. De impaciencia devoradora.
Degolar. Degollar.
Degoro. Anhelo, ansiar.
Degredo. Decreto.
Deica. Hasta.
Deitar. Acostar.
Demais. Demás.
Demo. Diablo.
Denantes. Antes.
Dende. Desde.
Denosiña. Comadrejo.
Dentamal. Dentadura.
Depenar. Desplumar.
Dependurar. Colgar, suspender.
Depenicar. Comer grano a grano.
Depôr. Deponer.
Deprender. Aprender.
Dereito. Derecho.
Derradeiro. El último.
Derrear. Derrengar.
Derrubar. Derribar.
Dés. Desde. V. *dende.*
Desabofar. Desahogar.
Desalgar. Desalar.
Desatuar. Desatascar.
Descamiñar. Descaminar.
Descarregar.
Descasí. Sin embargo.
Descer. Descender, bajar.
Descinguir. Desceñir.
Descomasí. Así como así.
Descompor. Descomponer
Desconocimento. Desconocimiento.
Desdouro. Desdoro.
Desfeita. Ruína, derrota.
Desgabar. Deprimir, desdeñar.
Desguedellar. Desgreñar.
Desleigado. Desleal, descastado.
Deslouvar. Despreciar, vituperar.

Desparecer Desaparecer.
Despeito. Despecho.
Despenuxar. Despeluzar.
Despido. Desnudo. V. *espido.*
Despois. Después.
Desprezar. Despreciar.
Desque. Desde que.
Destecer. Destejerse.
Desvairar. Desvariar.
Detêr. Detener.
Envaidar. Envanecer.
Deus. Dios.
Deusa. Diosa.
Develar. Derivar. Bajar al mar.
Devandito. Antedicho, sobre dicho.
Devesa. Dehesa.
Diante. Delante.
Diaño. Demonio. V. *demo.*
Dicir. Decir.
Dimpois. Después. V. *despois.*
Dino. Digno.
Diñeiro. Dinero.
Dipinicar. Dipinicar, lo mismo que *depinicar.*
Direito. Directo, derecho.
Disfroitar. Disfrutar.
Dispôr. Disponer.
Dita. Dicha, fortuna.
Ditoso. Dichoso.
Divindade. Divinidades.
Doa. Cuenta de un collar.
Doado. Proporcionado, propio, mañoso.
Doar. Donar.
Doca. Pereza. V. *Preguiza.*
Doce. Dulce.
Doente. Doliente, enfermo.
Doenza. Dolencia.
Doer. Doler.
Domear. Dominar.
Dona. Señora, dama, dueña.
Doncela. Doncella.
Dondo. Suave, blando, delicado.
Donicela. Comadreja.
Dono. Dueño.
Dôrido. Dolorido.
Dormentar. Dormitar.
Dorna. Embarcación pequeña.
Doudo. Loco, falto de juicio
Dourar. Dorar.
Dozura. Dulzura.
Duas. Dos eu femenino.
Dúbida. Duda.
Dubidar. Dudar.
Ducia. Docena.
Durmir. Dormir.

E

E. Y. Conjunción copulativa
Edade. Edad.
Edoso. Anciano.
Edra. Hiedra.
Efeito. Efecto.
Egrexio. Egregio. V. *esgrevio.*
Eido. Terreno que rodea la casa donde se vivió.
Eiquí. Aquí.
Eira. Terreno para majar.
Eirexa. Iglesias. V. *igrexa.*
Eis. He aquí.
Eisento. Exento, libre.
Eito. Tomar las cosas sin escogerlas. *A eito,* todo seguido.

Eixada. Azada.
Eixido. Ejido.
Eixo. Eje.
Ela. Ella.
Eleitor. Elector.
Elexir. Elegir.
Elmo. Yelmo.
Elo. Ello.
Embaixo. Abajo, debajo.
Embalar. Acunar. V. *arrolar*.
Embalo. Balanceo.
Embazar. Empañar.
Embebedar. Emborrachar
Embelecer. Embellecer.
Embevecer. Embelesar.
Embigo. Ombrigo.
Embora. En buena hora.
Emborcar. Volcar.
Embranquecer. Emblanquecer.
Embruxar. V. *Ameigar*.
Emergullar. Emerger. V. *mergullar*.
Empallada. Pienso con paja.
Emparellar. Aparejar.
Empenar. Alabearse, combar
Empetar. Ahuchar.
Empezo. Principio. V. *Encomenzo*.
Empoar. Empolvar.
Emporiso. Sin embargo.
Emplegar. Emplear.
Empreguizar. Emperezar.
Emprentar. Imprimir.
Enantes. Antes.
Encadear. Encadenar.
Encamiñar. Encaminar.
Encantamento. Encanto.
Encarcerar. Encarcelar.
Encarregar. Encargar.
Encascar. Teñir las redes o velas con cáscara de pino.
Encetar. Empezar. Cortar el primer pedazo de pan,
Encirrar. Azuzar, excitar. irritar.
En col. Sobre, encima, acerca de.
Encoller. Encoger.
Encomendar. Encargar a otra persona de alguna cosa.
Encomenzar. Comenzar V. *encetar*.
Encosta. Declive, ladera.
Encruar. Encrudecer.
Encrucillada. Encrucijada
Encurtar. Acortar.
Enchente. Abundancia.
Encher. Llenar.
Endeben. Afortunadamente, por suerte.
Endemal. Por desgracia.
Endeusar. Endiosar.
Endiañar. Endiablar.
Endireitar. Enderezar.
Endoudecer. Perder el juicio.
Endozar. Endulzar.
Enfariñar. Enharinar.
Enfeitar. Adornar, ataviar
Enfeitizar. Hechizar, cautivar.
Engadir. Adicionar, aumentar.
Engado. Cebo.
Engaiolar. Enjaular. Engañar gratamente a una persona.
Enganar. Engañar

Engrovía. Desfiladero.
Engruñarse. Encogerse.
Enlabiar. Suducir.
Enlevar. Arrobar, encantar
Enlevo. Embeleso, encanto
Enmagrecer. Adelgazar.
Enoxar. Enojar.
Enqueirar. Chamuscar una vara.
Enredada. Pasa tiempo.
Enriba. Encima.
Enrugar. Arrugar.
Ensanguentar Ensangrentar.
Ensexo. Oportunidad, ocasión.
Ensino. Enseñanza.
Ensoño. Ensueño.
Entalar. Apretar, comprimir; parálisis por efecto del frío.
Entangarañado. Tullido. deforme.
Entergo. Juicioso, serio.
Enton. Entonces.
Entramentres. Entretanto. V. *namentres.*
Entrave. Freno.
Entreter. Entretener.
Entrevar. Paralizar. V. *toller.*
Entullar. Llenar, amontonar.
Envellecer. Envejecer.
Envexar. Envidiar.
Enxabroar. Enjabonar.
Enxame. Enjambre.
Enxebre. Puro, limpio, genuinamente gallego.
Enxel. Fino, de poco cuerpo
Enxerga. Jergón.
Enxergar. Endilgar, discursear de cualquier modo.
Enxertar. Ingertar. Lo mismo que *inxerir.*
Enxiva. Encía.
Enxoitar. Enjugar.
Enxoito. Enjuto.
Enxurrada. Arroyo de aguas llovedizas.
Enzoufar. Ensuciar, tiznar.
Erguer. Ergir, levantar.
Ermida. Ermita.
Erte! Arriba, levántate.
Esbagullar. Llorar, lloriquear.
Esbarar. Resbalar.
Esbardallar. Despotricar.
Esborrallar. Desmoronar, deshacer.
Esbrillado. Herniado.
Esbrugar. Deshojar.
Escachar. Hender, romper.
Escada. Escalera de mano.
Escadrillar. Descaderar, derrengar.
Escagallar. Esparcir, separar.
Escaleira. Escalera.
Escanchar. Abrir las piernas.
Escano. Escaño.
Escarabello. Escarabajo.
Escismar. Pensar tenazmente.
Escoar. Escurrir.
Escoitar. Escuchar.
Escola. Escuela.
Escolante. Maestro de escuela.
Escolmar. Seleccionar, elegir.

Esconsolar. Desconsolar.
Esconsolo. Desconsuelo.
Esconxurar. Desconjurar.
Escordar. Dislocar.
Esfamear. Hambrear.
Esfarrapar. Desharrapar, rasgar.
Esfiañar. Deshiladar.
Esfiar. Deshilar.
Esfolar. Desollar.
Esfolla. Quitar las hojas á una planta.
Esfrangullar. Desmigajar.
Esfregar. Frotar, fricionar.
Esfuracar. Horadar.
Esganar. Estrangular, ahogar.
Esgazar. Desgajar.
Esgolar. Degollar.
Esgrevio. Noble, digno, elevado.
Esguedellar. Desgreñar.
Esguello. De reojo, de soslayo.
Esguío. Vestido sin soltura, sin gracia.
Escorrentar. Ahuyentar, espantar.
Escravitude. Esclavitud.
Esculcar. Espiar, atalayar.
Escuma. Espuma.
Escumar. Espumar.
Escuro. Oscuro.
Esligar. Tener mucha sed.
Eslombarse. Encorvarse.
Esmagarse. Estrujar, pisar.
Esmendrellar. Estropear, deshacer.
Esmigallar. Desmigajar.
Esmiolar. Hacer saltar los sesos.
Esmola. Limosna.
Esmorecer. Desfallecer.
Esnaquizar. Despedazar en pequeños trozos.
Esoutro. Ese otro.
Espadela. Espadillada.
Espallar. Esparcir.
Espantallo. Espantajo.
Esparexer. Esparcir.
Esparxer. Lo mismo que *esparexer.*
Espaventar. Asustar, espantar.
Espellar. Espejar.
Espello. Espejo.
Espelunca. Caverna, gruta
Espernear. Patalear.
Espertar. Despertar.
Espeto. Pincho.
Espir. Desnudar.
Esplandecer. Resplandecer.
Espoñer. Exponer.
Espor. Lo mismo que *espoñer.*
Espora. Espuela.
Esprendor. Esplendor.
Esquecer. Olvidar.
Esquecimento. Olvido.
Esqueiro. Escalera en un ribazo.
Esquerda. Izquierda.
Esquío. Escaso.
Esquivo. Aspero, desagradable.
Estadea. Fantasma mortuorio, transparente, blanco.
Estaleiro. Astillero.

Estantío. Estupefacto, atónito.
Estarrecer. Horrorizado.
Esteiro. Estuario.
Esteo. Puntal, columna.
Esterio. Estéril.
Esterqueira. Estercolera.
Estiza. Sarna.
Estocar. Jurar, maldecir.
Estomballar. Maltratar.
Estonces. V. *enton.*
Estornela. Billarda.
Estoupar. Reventar, estallar, explotar.
Estourar. Detonar.
